



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 39

Sesión Plenaria
13 de setembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.413602 (10/PNP-001145)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para promover a formación das persoas desempregadas a través do 'cheque formación'

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.5 13751 (10/PNP-001153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.6 13811 (10/PNP-001155)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula, e sete deputados/as máis

Sobre as medidas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Xustiza para mellorar a organización xudicial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.7 14332 (10/PNP-001171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación do Pazo de Meirás, a Fundación Franco e a elaboración dunha lei galega de memoria histórica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.8 14333 (10/PNP-001172)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia con respecto ao acordo do Concello de Sada en relación coa xestión que se está realizando do BIC-Pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

Punto 5. Interpelacións

5.1 10899 (10/INT-000471)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre o modelo de prevención e extinción de incendios forestais da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 136, do 28.06.2017

5.2 13965 (10/INT-000522)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre oa reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

5.3 14385 (10/INT-000528)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 15201 (10/POPX-000046)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a devolución da titularidade pública do Pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

6.2 15249 (10/POPX-000047)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que vai ter a regulación prevista no Anteproxecto de lei de modificación da Lei de saúde de Galicia na atención sanitaria das comarcas nas que van desaparecer as súas áreas sanitarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

6.3 15278 (10/POPX-000048)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das consecuencias sociais do modelo laboral precario que está a aplicar en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 15276 (10/PUP-000105)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coas deficiencias existentes no funcionamento do sistema xudicial a causa da insuficiencia de recursos, en especial, no eido da loita contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

7.2 14311 (10/PUP-000102)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre se o Goberno galego comparte que a loita contra a violencia machista ten que alumear as políticas de todos os gobernos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.3 14478 (10/POP-001962)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Fermín e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na adopción de medidas respecto da sobre-venta de billetes polas empresas navieiras que realizan o transporte de viaxeiros para as illas Cíes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.4 12509 (10/POP-001516)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia tendentes ao cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 149, do 20.07.2017

7.5 13255 (10/POP-001655)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre o estado de tramitación da solicitude do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal presentado pola empresa CUF respecto dos terreos que ocupa a fábrica de Elnosa en Lourizán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.6 13515 (10/POP-001683)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as diferenzas entre Galicia e o resto do Estado no que respecta ás porcentaxes de alumnado con necesidades educativas especiais sobre o alumnado total

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.7 14148 (10/POP-001852)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Gil, César Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre as novidades e medidas específicas que se levarán a cabo para o desenvolvemento da nova estratexia galega de linguas estranxeiras EDUlingüe 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.8 12796 (10/POP-001542)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e seis deputados/as máis**

Sobre as conclusións do informe encargado ao grupo de traballo que constituíron o Issga, o 061 e a Consellería do Mar en relación coas boticas de primeiros auxilios nas embarcacións pesqueiras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156, do 02.08.2017

7.9 13092 (10/POP-001617)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre o número de consultas implementadas nos hospitais comarcais desde a posta en marcha das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada no Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

7.10 15236 (10/PUP-000103)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de construír un centro de día para persoas maiores de 65 anos no concello de Rianxo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Modelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a devolución da titularidade pública do Pazo de Meirás. (Punto sexto da orde do día).

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 13.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que vai ter a regulación prevista no Anteproxecto de lei de modificación da Lei de saúde de Galicia na atención sanitaria das comarcas nas que van desaparecer as súas áreas sanitarias. (Punto sexto da orde do día).

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o coñecemento polo Goberno galego das consecuencias sociais do modelo laboral precario que se está a aplicar en Galicia. (Punto sexto da orde do día).

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 24.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 27.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 28.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para promover a formación das persoas desempregadas a través do 'cheque formación'. (Punto cuarto da orde do día).

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 30.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 31.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 35.) e *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 37.)

A señora Nóvoa Iglesias (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 39.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 41.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 44.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 46.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 48.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 50.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre as medidas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Xustiza para mellorar a organización xudicial. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 51.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 55.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 57.) e *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 59.)

A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 61.)

O señor presidente comunica o debate acumulado das seguinte proposicións non de lei (Páx. 64.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación do Pazo de Meirás, a Fundación Franco e a elaboración dunha lei galega de memoria histórica. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia con respecto ao acordo do Concello de Sada en relación coa xestión que se está realizando do BIC-Pazo de Meirás. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 64.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 65.) e *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 73.)

O señor Bará Torres (BNG) (Páx. 76.) e a señora Cuña Bóveda (EM) (Páx. 79.) interveñen para posicionarse respecto da emenda.

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte público de viaxeiros por estrada de uso xeral: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 80.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a posta en funcionamento polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros, de xeito que se garanta de forma efectiva a igualdade de oportunidades a toda a poboación de Galicia: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a construción dun centro de día en Rianxo: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para promover a formación das persoas desempregadas a través do 'cheque formación': *aprobada por 39 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre as medidas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Xustiza para mellorar a organización xudicial: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación do Pazo de Meirás, a Fundación Franco e a elaboración dunha lei galega de memoria histórica: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a

Xunta de Galicia con respecto ao acordo do Concello de Sada en relación coa xestión que se está realizando do BIC-Pazo de Meirás: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica unha alteración na orde do día que consiste na retirada da pregunta que figura na orde do día co número de rexistro 13515. (Páx. 84.)

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, do G. P. de En Marea, sobre o modelo de prevención e extinción de incendios forestais da Xunta de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 84.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto). (Páx. 87.)

Réplica do autor: Sr. Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto). (Páx. 93.)

O señor presidente anuncia o debate acumulada das seguintes interpelacións. (Pax. 95.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (Punto quinto da orde do día.)

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (Punto quinto da orde do día.)

Intervención dos autores: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 95.) e Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 99.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 102.)

Réplica dos autores: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 106.) e Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 110)

Suspéndese a sesión ás tres e dezaseis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coas deficiencias existentes no funcionamento do sistema xudicial a causa da insuficiencia de recursos, en especial, no eido da loita contra a violencia de xénero. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 113.)

Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 114.)

Réplica da autora: Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 116.)

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre se o Goberno galego comparte que a loita contra a violencia machista ten que alumear as políticas de todos os gobernos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 118.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 119.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 120.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 121.)

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na adopción de medidas respecto da sobreventa de billetes polas empresas navieiras que realizan o transporte de viaxeiros para as illas Cíes. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 122.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 123.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia tendentes ao cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Vero (EM)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Vero (EM)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 130.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o estado de tramitación da solicitude do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal presentado pola empresa CUF respecto dos terreos que ocupa a fábrica de Elnosa en Lourizán (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 131.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 132.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 134.)

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as novidades e medidas específicas que se levarán a cabo para o desenvolvemento da nova estratexia galega de linguas estranxeiras EDUlingüe 2020 (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 136.)

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 138.)

Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as conclusións do informe encargado ao grupo de traballo que constituíron o Issga, o 061 e a Consellería do Mar en relación coas boticas de primeiros auxilios nas embarcacións pesqueiras (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. López Crespo (P)*. (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 140.)

Réplica do autor: *Sr. López Crespo (P)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 142.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o número de consultas implementadas nos hospitais comarcais desde a posta en marcha das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada no Sergas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 144.)

Réplica do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 146.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de construír un centro de día para persoas maiores de 65 anos no concello de Rianxo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 148.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 150.)

Remata a sesión ás seis e vinte e un minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

Reiniciamos a sesión co punto 6 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Modelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a devolución da titularidade pública do Pazo de Meirás

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Quero saudar as persoas que hoxe nos acompañan para seguir este debate.

Señor Feijóo, o 20 de novembro de 1975 Arias Navarro pronunciaba esa coñecida frase: «*Españoles, Franco ha muerto*». Eu nacín despois de 1975 e lamento ter que dicir hoxe: «*Galegas, Franco morreu pero o franquismo segue vivo*». (*Aplausos.*) E segue vivo, señorías, porque fixeron unha transición que puxo en marcha unha amnistía aos crimes e aos asasinatos do franquismo, impuxéronnos unha monarquía que situou como xefe do Estado a quen xa Franco tiña designado como sucesor e un réxime corrupto no que se mantiveron intactas as elites económicas e xudiciais do franquismo, que deixaron todo atado e moi ben atado.

E temos un exemplo moi práctico no noso país. A familia Franco ten numerosos e valiosos bens do patrimonio galego: o palacio de Cornide, dúas tallas do Pórtico da Gloria ou o pazo de Meirás. E é disto precisamente do que nós hoxe, señor Feijóo, queremos falarlle.

É para nós un esperpento, unha patada á democracia, ver como os Franco queren converter o pazo de Meirás nunha especie de parque temático do fascismo coa súa complicidade. E falo da súa complicidade, señor Feijóo, porque sabía desde había meses que a Fundación Francisco Franco estaba xestionando as visitas e non fixo absolutamente nada, nin o denunciaron. ¿Sabe o que fixeron? Déronlle carta de natureza a esa situación difundindo, a través da páxina oficial da Xunta de Galiza, o teléfono da Fundación Francisco Franco. E a vostede supoño que iso lle parece normal. A nós xa lle digo que non, parécenos un auténtico disparate, unha aberración democrática, que se permita que a Fundación Franco e que esa familia sigan mantendo privilexios, facendo apoloxía do fascismo con absoluta prepotencia e con absoluta impunidad. Ameazan a forzas políticas democráticas e mesmo botan máis dor e máis sufrimento sobre as vítimas do franquismo, que seguen esperando que o Estado español as ampare e que ven con claridade como non se fixo xustiza neste Estado.

Pero mire, ¿sabe por que actúan con esta prepotencia? Pois fundamentalmente por dúas razóns. Primeira, porque á familia Franco lle sae case gratis incumprir a lei e facer apoloxía

do fascismo. E, a segunda, porque ven como durante décadas o Partido Popular defendeu aqueles bens que foron espoliados durante o franquismo e non fixo absolutamente nada para cambiar esta situación.

E, se non, señor Feijóo, mírese no seu espello real. Vostede primeiro estivo en contra de que declaráramos BIC o pazo de Meirás. E unha vez que isto xa non tiña marcha atrás, ¿que fixo vostede? Vostede deulle 50.000 euros á familia Franco para que cumpriran coa obriga legal de abrir o pazo. Teñen o mérito de ser, xunto co señor Aznar, os dous políticos que máis cartos públicos lle deron á familia Franco.

Mire, escoiteille dicir hai uns días nunha frase —supoño que tería vostede un mal día— que era franquista expropiar o pazo de Meirás. Eu creo que o que é franquista é defender que unha fundación faga apoloxía do fascismo, o que é franquista é amparar as prebendas que o franquismo creou neste país.

Nós —que lle quede moi claro— o que queremos é a devolución do pazo de Meirás...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...porque é do pobo galego, porque foi espoliado.

O que está por ver, señor Feijóo, é qué vai facer vostede. ¿Vai seguir, como ata agora, cunha conivencia cómplice con esta situación ou vai empezar a actuar? Porque ten mecanismos na súa man, políticos e legais, se os quere utilizar, para acabar con este absoluto disparate que estamos vivindo en Galiza. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señora Pontón, catro anos gobernando en Galicia a Consellería de Cultura, outros tantos, en varias lexislaturas, apoiando os socialistas en Madrid, e resulta que vostede me vén preguntar o que fixemos en relación cos bens da familia Franco. Nós fixemos cousas. Vostedes, lamentablemente, fixeron ben poucas.

Mire, señoría, en relación coas familias que teñen bens en Galicia, acepten ou non acepten a democracia teñen a garantía de que hai un goberno constitucional e democrático que vai cumprir a lei. Iso significa que vai exixir sempre que se cumpra a lei. Estamos nunha democracia e nun Estado de dereito, e incluso iso ampara a aqueles que non cren na democracia e no Estado de dereito. E por iso ese Estado de dereito implica, en primeiro lugar, igualdade para todos, sexan quen sexan; e, en segundo lugar, a obriga de todas as administracións públicas de respectar a Constitución e de respectar as leis democráticas.

¿Comparte vostede todo isto, señora Pontón? ¿Hai que respectar as leis? ¿Hai que respectar a democracia? ¿Hai que respectar a Constitución? ¿Compárteos vostede, señora Pontón? Os franquistas, non. ¿Vostede compárteos?

Señora Pontón, nós imos seguir cumprindo a lei, é a nosa guía. E por iso, como ese pazo é un BIC de titularidade privada, e tal e como figura na lei do Estado de 1985, na lei de Galicia de 1995 e na última lei que aprobou por iniciativa deste Goberno o Parlamento galego no ano 2016, os propietarios dos bens declarados BIC teñen a obriga de abrilos catro veces ao mes e de correr co seu mantemento.

Foi este Goberno, señoría —vostede seguro que o sabe—, o que obrigou a familia Franco a abrir ese pazo (*Murmurios*.) catro días ao mes. E a Xunta vai seguir velando polo cumprimento da lei, non teña vostede ningunha dúbida. Proba diso é que acabamos de sancionar, por primeira vez en Galicia, a familia Franco por incumprir a lei no relativo ao pazo de Meirás. E acabamos de abrir o pasado venres novas dilixencias informativas por, aparentemente, volver incumprir a lei. E non teña vostede ningunha dúbida de que, no caso de que se comprobe, volverá ser sancionada.

Señoría, este Goberno o primeiro que fixo foi cumprir a lei; o segundo foi sancionar a familia Franco por incumprila; o terceiro, abrir dilixencias ante un eventual incumprimento reiterado da lei. E xa lle digo que, se hai apoloxía do franquismo, volveremos ao fiscal.

Señora Pontón, se hai apoloxía do franquismo, o BNG ¿que é o que fixo? ¿Notificou ao fiscal esa apoloxía do franquismo ou o BNG cre que o pazo é da bandeira do BNG? Non, señoría, a nós gustaríanos que o pazo fora de todos os galegos. E por iso a continuación imos propoñer que o pazo sexa de todos os galegos. ¿De que forma? Cumprindo a lei.

Lamento que vostede escoite as entrevistas radiofónicas parcialmente. O que dixen —e reiteroo— é que hai dúas formas de facerse con ese pazo: a través dunha compra ou a través dunha expropiación. E que estou convencido de que o pobo que represento non está de acordo en pagar dúas veces ese pazo; en 1938, cando se doou, e agora ao volver compralo outra vez. (*Murmurios*.) Señora Pontón, seguro que os galegos non estamos de acordo.

E o que tamén plantexamos é: reunámonos, señoría, cos investigadores, reunámonos coas universidades, plantexemos desde un punto de vista legal a adquisición gratuíta dese pazo; acreditemos vicios ocultos nesa doazón de 1938 e prosigamos para a adquisición gratuíta do pazo. ¿Está vostede de acordo, señora Pontón? ¿Está vostede de acordo en cumprir a lei? ¿Está vostede de acordo en non utilizar leis franquistas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...para asaltar unha propiedade? ¿Está vostede de acordo, señora Pontón, en non incautar un ben fóra da lei? A lei democrática permítenos ter a razón, incluso con aqueles que non cumpren a lei.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, mire, hai moitas cousas que son importantes para que realmente a política teña sentido, e máis alá, sobre todo, das declaracións que fai neste Parlamento vostede para intentar escapular un tema que vexo que o pon moi incómodo, creo que son absolutamente importantes. Porque aquí, señor Feijóo, hai unha cuestión que é clave: o pazo non foi doado á familia Franco, foi un roubo e un espolio que se lle fixo á xente deste país (*Aplausos.*) precisamente en plena Guerra Civil. Está documentado e estudado o que pasou co pazo de Meirás. Fixéronse aportacións forzosas, tomáronse propiedades colindantes do pazo, expulsouse a xente das súas casas para que a familia Franco veraneara en Meirás e mesmo se chegou a facer un desvío irregular de fondos públicos nunha ditadura.

Claro, as leis non son neutras e aquí temos unha transición que blindou o espolio que a familia Franco fixo a este país. (*Aplausos.*) E como as leis non son de orixe divina senón que son de orixe humana, e eu creo na democracia, no diálogo e no dereito a cambiar as cousas inxustas, porque iso tamén forma parte da democracia, nós o que cremos é que hai que cambiar unha situación que é absolutamente aberrante desde o punto de vista democrático, como é blindar legalmente un espolio, que é o que vostede nos está ofrecendo.

Mire, xa hai unha comisión que está creada, a Comisión Pro Devolución do Pazo de Meirás, impulsada pola vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín, na que non só está a Deputación, senón que están os concellos, as asociacións de recuperación da memoria histórica. Teñen as portas abertas para que a Xunta de Galiza e este Parlamento se senten a traballar no traballo que xa está iniciado para facer un informe para a recuperación dese pazo e a devolución gratuíta. Vostede ¿que quere? ¿Facer unha comisión dos seus expertos para que digan que non hai ningún vicio e ningunha irregularidade e manter a situación absolutamente igual que agora? (*Aplausos.*)

Mire, señor Feijóo, hoxe, ademais, neste pleno vai producirse un debate importante, no que está en xogo a dignidade deste Parlamento e deste país. E nós cremos que, cando a familia Franco, insulta a todos os galegos e a todas as galegas convertendo o pazo de Meirás nun parque temático franquista, as institucións democráticas teñen que responder. E o primeiro que hai que dicirlles á fundación e á familia Franco é que son persoas non gratas quen veñen ao noso país a ofender as vítimas do fascismo. (*Aplausos.*) Hai que declaralos persoas non gratas neste país mentres non pidan perdón...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e devolvan o pazo de Meirás. En segundo lugar, iniciar un expediente para a ilegalización da Fundación Francisco Franco. Dígame con absoluta sinceridade, señor Feijóo: ¿vostede cre que é de interese xeral exaltar a figura de Franco? ¿Non cre que hai un vicio de fondo na legalización dunha fundación que ten que cumprir co interese xeral? Dígame, porque creo que isto é moi importante desde o punto de vista democrático.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón

A señora PONTÓN MONDELO: Por último...

O señor PRESIDENTE: Rematou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: Permítame só unha cousa que creo que é importante.

O señor PRESIDENTE: Brevemente, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Poñamos en marcha desde este Parlamento un cambio legal para que todos os bens, non só o pazo de Meirás senón tamén as estatuas do Pórtico da Gloria ou o palacio de Cornide, que están en mans da familia Franco porque houbo un roubo e un espolio, sexan devoltos ao patrimonio público. Porque iso, señor Feijóo, é facer algo, e non simplemente palabrería, que é o que fai vostede todos os días. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Turno de peche do señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señoría, para vostede a transición foi calamitosa e para nós foi exemplar. Esa é unha gran diferenza entre os demócratas e aqueles que aínda non aceptaron a democracia constitucional en España. *(Aplausos.)*

Señoría, a transición española permite que vostede e mais eu esteamos falando da familia do ditador Franco aquí. Como vostede non existía no franquismo, vostede acaba de inventalo. E resulta que, corenta anos despois da morte de Franco, trae este asunto ao Parlamento. Está moi ben, señoría. ¿É que acaso vostede é máis antifranquista que todos os seus compañeiros do BNG destes últimos corenta anos? ¿É que acaso ao BNG se lle ocorre este asunto agora e non se lle ocorreu durante corenta anos? ¿É que acaso, señoría, non se loitou pola liberdade en Galicia e en España e conseguimos acabar cunha ditadura e ter unha democracia exemplar? ¿É que acaso, señora Pontón, non me contesta... *(Murmurios.)* Xa vexo, señoría... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio! ¡Silencio, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señor Rivas, silencio, por favor. Silencio.

Prosiga, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Que lle imos facer, señorías, se aínda hai xente que non acepta a democracia española nin a Constitución española nin o Estatuto de autonomía de Galicia!

Mire, señoría, resulta que a comisión que nós imos propoñer, que é unha comisión de universitarios, son do PP todos. *(Risos.)* Resulta que a comisión que preside a vicepresidenta da Deputación da Coruña, dirixente do BNG, ¿esa si que é democrática, señorías! *(Risos.)* Sen dúbida, cando o BNG fai algo é democrático; e cando os demais, gañando as eleccións, gobernamos, non somos democráticos. *(Aplausos.)* Iso, señoría, é algo sorprendente. É algo sorprendente, señoría.

Mire, señoría, eu preguntáballe sobre se vostede acepta as leis que saen dos parlamentos, as leis que se someten aos tribunais, as leis que respectan as constitucións, ou, pola contra, vostede non as admite nin as acepta. Non me contestou. Todos os galegos vímola o outro día en Barcelona, a vostede, indo pedir que se incumpran as leis. Vostede e mais eu fomos a Barcelona en pouco espazo de tempo, eu a favor de que se cumpran as leis e vostede en contra. ¡É unha gran diferenza, señoría, é unha gran diferenza! *(Aplausos.)*

Por iso, como vostede defende o disparate que se cometeu no Parlament de Catalunya, incumprindo sistematicamente todas as leis e en contra dos informes dos letrados da Cámara, e eu vou cumprir a lei, xa lle digo que a señora Pontón e a familia Franco, mentres eu sexa presidente, cumpriran a lei. E para cumprir a lei, señoría, temos dúas opcións: acreditar vicios ocultos nesa doazón e deixar sen efecto a doazón —opción 1— ou a opción 2, que é poñer diñeiro dos galegos para volver mercar dúas veces a mesma propiedade.

Dáme a sensación de que a Fundación Francisco Franco e a súa intervención se interconectan entre si. Porque dá a sensación de que a Fundación Francisco Franco ten moito interese en que lle volvamos pagar o pazo. E saiba que mentres eu sexa presidente non imos volver pagar o pazo *(Aplausos.)* Xa fastidiaría, señoría, que no ano 38 e no ano 2018 esteamos pagando o mesmo pazo. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, se hai algunha apoloxía do franquismo por parte desa fundación, dado que vostedes non van facer nada nin o fixeron, trasládeo ao Goberno. Ten vostede o compromiso de que este Goberno en Galicia cumprirá a lei, e, en consecuencia, esa familia ou calquera outra cumpriran a lei. Pero, señora Pontón, sobre leccións de democracia —sobre todo nestes momentos—, por parte do BNG, ningunha.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(A señora Pontón Mondelo solicita a palabra.)

O señor PRESIDENTE: Si, señora Pontón, ¿para que quere a palabra?

A señora PONTÓN MONDELO: Para rectificar as miñas palabras.

O señor PRESIDENTE: ¿Rectificar as súas propias palabras?

A señora PONTÓN MONDELO: Dado que o presidente da Xunta...

O señor PRESIDENTE: Perdón, perdón, é que non a escoitei dende o principio. ¿É para rectificar as súas propias palabras?

A señora PONTÓN MONDELO: Si, rectificar as miñas propias palabras.

Dado que o presidente da Xunta me fixo... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Si, si, no Regulamento está poder rectificar as súas propias palabras. (*Fortes murmurios.*) Si, si, perdón. Pódese rectificar sobre as propias palabras. (*Protestas.*) ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

¿Cal é a rectificación exacta, señora Pontón?

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, eu creo que o señor Feijóo me fixo unha pregunta directa...

O señor PRESIDENTE: Non, a palabra exacta, rectificación.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a respecto de se eu creo ou non na democracia. E o que lle quero dicir é que un partido que está imputado por corrupción por incumprir as leis... (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: Non, non, non ten a palabra. Señora Pontón, non ten a palabra, non a ten.

Iso non é unha rectificación, a rectificación hai que saber plantexala, non é unha rectificación. (*Murmurios.*)

¡Silencio, por favor!

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que vai ter a regulación prevista no Anteproxecto de lei de modificación da Lei de saúde de Galicia na atención sanitaria das comarcas nas que van desaparecer as súas áreas sanitarias

O señor PRESIDENTE: Señor Leiceaga, ten a palabra.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días.

En relación con este tema, xa lles anuncio que o meu grupo no próximo pleno dará oportunidade a todos de coincidir nunha comisión técnica e plural para a devolución do pazo de Meirás.

Señor Núñez Feijóo, o Anteproxecto de modificación da Lei de saúde de Galicia está tendo unha contestación social inusitada, tanto pola menor posibilidade de participación dos pacientes como, sobre todo, pola eliminación das áreas sanitarias do Salnés, da Mariña de

Lugo, da Terra de Lemos e da comarca de Valdeorras. Pedímoslle que retire o anteproxecto, pola forma e polo fondo.

Pola forma porque o anteproxecto se fai público en agosto, o día 2, para dificultar a participación, con quince días de alegacións nas dúas semanas de festas máis numerosas en Galicia, en pleno período vacacional. So debido á presión social alongaron quince días máis esa posibilidade de alegacións. Pese a todo, presentáronse 2.000 alegacións, síntoma de que a sanidade preocupa a todos os galegos e galegas, pero tamén de que a sociedade advirte un risco serio de redución dos servizos sanitarios se o anteproxecto chega a culminar.

Serían moitas máis alegacións, sen dúbida, nun proceso normalizado. Reflexione e volva á casilla de saída. Non estaba prevista a modificación da Lei de saúde no seu programa electoral de 2016, nin foi citado no discurso de investidura que vostede pronunciou nesta Cámara. E estamos a falar da lei máis importante do sistema sanitario de Galicia.

Pero tamén polo fondo. A eliminación das catro áreas sanitarias continúa o camiño emprendido pola creación das EOXI, que reduciron autonomía funcional e orgánica dos hospitais comarcais. Agora dáselles unha volta máis. As xuntas de persoal consideran con razón que é un novo paso na redución de servizos, arrastrando a cidadanía a alonxarse dos tratamentos adecuados e dificultando a vida para demasiada xente. En ningún dos hospitais destas áreas sanitarias se manteñen os servizos que había antes da conformación das EOXI, e outros mantéñense só de forma parcial, un ou dous días, coa conseguinte acumulación de esperas e redución do servizo para os cidadáns.

A recuperación económica ao servizo dos cidadáns que nós defendemos quere dicir achegar máis recursos para a atención sanitaria contratando os profesionais necesarios, o que permitiría reforzar os hospitais dos que falamos completando a atención en áreas como a diálise —só posible no Hospital da Costa— ou a neurofisioloxía, que está ausente en todos eles. Trátase de reforzar e completar a atención de calidade e non alonxala, porque iso só beneficia a sanidade privada.

O anteproxecto recolle con claridade unha modificación simbólica das intencións do seu Goberno. Mentres a lei do 2008 expresaba sobre as propias áreas sanitarias a importancia de atender as necesidades sanitarias da poboación, agora tómase como obxectivo acadar unha óptima utilización dos recursos dispoñíbeis. As necesidades da poboación ou a dependencia dos recursos dispoñíbeis, ese é o cambio que vostede introduce agora, e que vai afectar a sanidade ofrecida aos galegos e galegas.

Non debe de haber unha sanidade de primeira e unha sanidade de segunda. E este anteproxecto quere condenar aquelas persoas que viven lonxe dos grandes hospitais, unha parte substancial da nosa cidadanía, a unha sanidade de segunda. Vostede debe saber canto se tarda desde Carballeda de Valdeorras a Ourense, ou desde O Vicedo ou desde Folgoso do Courel a Lugo. Se non o sabe, dígollo eu: demasiado tempo para unha sanidade de primeira.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, agradezo a concreción da súa pregunta, é unha pregunta moi explícita. Vostede pregunta se a regulación do borrador da Lei de saúde vai mellorar a atención sanitaria. A resposta é un rotundo si. Vai mellorar a xestión sanitaria. Todas as iniciativas legais que propoñamos e todas as decisións que adoptemos no Goberno desde o punto de vista da sanidade van mellorar a sanidade pública de Galicia. Ese é o único obxectivo, señor Leiceaga: cómo podemos mellorar a sanidade pública dos galegos.

Señor Leiceaga, a pesar da crise económica, a pesar da recesión económica, a pesar do burato que nos deixaron, a pesar de ter 2.500 millóns de euros menos cada ano, hoxe ninguén discute que temos unha sanidade pública mellor. Mellor porque o 70 % dos galegos vivimos nunha área onde temos un centro de saúde novo, ou un hospital novo, ou un hospital reformado. Mellor porque fixemos o maior investimento tecnolóxico que se recorda no Servizo Galego de Saúde, 80 millóns de euros —para resonancias nucleares magnéticas, para aceleradores lineais, para TAC, para mamógrafos, etc.—. Mellor, señoría, porque concretamos por primeira vez as vías rápidas; é dicir, aquelas onde nun prazo mínimo a xente ten que estar atendida. Mellor porque temos máis tratamentos, máis tratamentos oncolóxicos, máis tratamentos para hepatite C, máis vacinas, máis cribados —por exemplo, o cribado de cancro de colon e de recto—. E mellor porque temos nos dous últimos anos unha lista de espera inferior ás que tiñamos en anos anteriores.

Señoría, non lle vou ocultar que temos todo o interese do mundo por coñecer exactamente que é o que din os galegos en relación con ese texto. Porque vostede me está imputando que nós queremos facer non sei cantas cousas, cando o que presentamos foi un borrador; un borrador para, como é natural, coñecer as posturas e as propostas. Comunicámosllo aos sindicatos antes de abrir o período de alegacións. Tivemos encontros cos colexios profesionais e cos representantes municipais.

Di vostede que nesa fase de alegacións, a pesar de ser agosto, se presentaron alegacións. Señoría, ¿en que quedamos? Non foron 2.000, foron 1.579. ¿Sabe cantas alegacións se presentaron ao articulado? 34. O resto, señoría, como vostede sabe, son alegacións xenéricas; pero concrecións, 34.

Mire, señor Leiceaga, o que acaba vostede de dicir: ¿Que fai esta lei? Adecuar á realidade de todos os días os textos legais. Dende o ano 2010 estamos cunha organización dunha estrutura de organización integral de áreas. Iso é o que vimos facer: o que levamos facendo dende o ano 2010 concretalo na lei. ¿E foinos mal dende o ano 2010?

Señor Leiceaga, ¿quere que lle recorde o que dicían os seus compañeiros sobre os hospitais comarcais cando fixemos esa estrutura das áreas integradas?

Mire, no Salnés, por exemplo, unha deputada do BNG, no ano 2009: «Vai perder todos os servizos e non se continuará a ampliación do Hospital do Salnés». O resultado son 9 millóns

de euros de investimento no Hospital do Salnés: bloque cirúrxico, urxencias e ampliación do hospital (*Aplausos.*)

Señoría, ¿que dicían os socialistas nesa época do hospital da Mariña, o meu amigo e ex-deputado, o señor Rego, do Partido Socialista Obreiro Español? Leo: «Suporá a completa desaparición do Plan director do Hospital da Costa» Resultado: execución, 13 millóns de euros do Plan director do Hospital da Costa e a maior ampliación da historia do Hospital da Costa. (*Aplausos.*)

Señor Leiceaga, vostede ten que elixir, vostede ten que elixir. Señor Leiceaga, se vostede quere mellorar a lei, estou á súa disposición. Se vostede quere volver describir a apocalipse que describiron no ano 2009 nin os galegos o cren, e dáme a sensación, señor Leiceaga —escoite o que lle digo— de que nin os seus militantes o van crer.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si. Señor Feijóo, vólvolle reiterar: o que ten que facer é retirar o anteproxecto e, en cambio, reforzar a atención hospitalaria en toda a comunidade autónoma e, singularmente, nas áreas sanitarias que están agora en cuestión. É unha cuestión de prioridades e de vontade política. Non presuma tanto de datos, non presuma tanto. Porque é certo que temos unha sanidade de calidade, soportada por profesionais entregados, pero que están empezando a estar fartos de ter que ser eles os que garantan unha atención adecuada aos pacientes. Os datos públicos do barómetro sanitario do CIS do ano 2016, que está feito baixo os auspicios do Goberno do señor Rajoy, dinnos que Galicia ten a terceira sanidade peor valorada das comunidades autónomas españolas polos seus pacientes, ¡a terceira! (*Aplausos.*), só por diante claramente de Canarias, só por diante de Canarias, a terceira peor valorada. E 4 de 5 persoas que son consultadas polo CIS dinnos que hai que introducir cambios de fondo, cambios en favor de aumentar o seu carácter público, de reducir as listas de espera e de aumentar os servizos. Non vaia no sentido contrario ao que opinan 4 de cada 5 dos galegos incluídos, sobre todo os militantes e os votantes socialistas, por certo.

E non hai falla de profesionais que se poidan incorporar a esta sanidade, non é un problema de recursos dispoñíbeis, os recursos xa están. Moitos dos que formamos nos últimos anos están prestando servizos no Reino Unido, en Portugal ou noutras latitudes. Hai falla dunha política que aposte decididamente pola sanidade pública e destine os recursos que nos está dando a recuperación económica para poder captar os profesionais que formamos e marchan con contratos estábeis, reforzando xustamente aquelas áreas onde se necesita máis.

¿Sabe cantas especialidades médicas faltan nos catro hospitais citados? Ao redor de 40 en cada un deles, non sempre as mesmas, ao redor de 40, con desequilibrios inexplicables se non é porque hai un plan para ir reducindo progresivamente o número de especialidades que lles ofertan aos cidadáns en cada unha delas. ¿Por que poden ter cardioloxía en Valdeorras

ou no Salnés pero non na Mariña ou en Monforte? ¿Son menos propensos en Lugo a este tipo de enfermidades? ¿Soportan mellor os desprazamentos? E, por certo, un servizo de cardioloxía no Salnés que atende só un ou dous días á semana e só as persoas de Vilagarcía de Arousa, pero non o resto da área sanitaria. ¿Por que isto é así? ¿Por que non dotan estes servizos con máis persoal e permiten que atendan ben a todos? ¿Por que se pode facer nuns lugares e non noutros? ¿Por que pode haber endocrinoloxía ou nefroloxía en todos menos no Hospital da Costa, por exemplo?

Xa sei que hai investimentos en marcha no Salnés con fondos europeos ou na Costa. Por certo, despois de moitos anos de promesas e postos agora de forma moi tardía. Pero facer investimentos para reducir a atención é unha forma de despilfarro que merece un tratamento específico.

¿Como se entende que no Salnés se amplíe...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...o espazo de urxencias pero non se dote de máis profesionais sanitarios, non haxa ningún incremento de persoal?

Reitérolle: retire o anteproxecto, evite a creación dunha sanidade de segunda división e refórce os hospitais comarcais para evitar favorecer o avance da atención privada. Non me faga caso a min nin ao Grupo Socialista, fágalles caso aos alcaldes das áreas, fágalle caso ao persoal sanitario, que hoxe mesmo se vai concentrar diante da porta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...dos hospitais, ou aos cidadáns que están apoiando este tipo de comportamento. Fágalle caso á cidadanía e acertará, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, eu comentáballe antes o que dicían os seus ex-compañeiros —agora xa non están aquí— en relación co que ía ocorrer dende o ano 2009 nos hospitais comarcais. E o certo é que todos os hospitais comarcais melloraron os seus servizos tecnolóxicos, a súa oferta de servizos, as súas consultas, e a maioría deles renovaron as súas instalacións.

Estou acostumado, señoría, a que falar de educación e de sanidade parece que é unha cuestión exclusivamente do que se vén a denominar tradicionalmente dende o século XIX a esquerda. E resulta, señoría, que a mellora da educación pública e a mellora da sanidade pública en Galicia é obra dun partido como o Partido Popular de Galicia, (*Aplausos.*) probablemente, señoría, porque levamos tempo gobernando, é certo, porque levamos máis tempo gobernando ca vostedes. Pero como vostede sabe —antes falabamos da democracia— nisto

consiste a democracia, señor Leiceaga, en pensar que os galegos votan libremente e os gobernos gobernamos e damos conta.

Señor Leiceaga, os seus antecesores nesa silla dicían que o Sergas pagaba 30 euros a cada médico por dar altas fraudulentas e baixar a lista de espera. Está no *Diario de Sesións*. Tamén dicían na campaña electoral —está escrito e está impreso co logo do PSOE— que se gañaba Feijóo ían cobrar aos pacientes nas urxencias, nas consultas de especialista e nos ingresos hospitalarios.

Señor Leiceaga, ¿que Partido Socialista vostede quere representar? Vostedes sacaron á calle a milleiros de persoas en Vigo dicindo que o hospital de Vigo era privado. E resulta, señoría, que vostedes lle mentiron a toda a sociedade viguesa e —o que é máis difícil e o que é aínda máis responsable— dividiron a sociedade viguesa.

Por iso, señoría, eu síntome moi orgulloso do que fixemos na sanidade. Se vostede quere alegar nesa lei, a disposición. Pero vostede non me pode negar que esa lei non diminúe un ápice a calidade dos servizos sanitarios en ningún hospital.

¿E sabe o que pretendemos, señoría? O que pretendemos é que os especialistas poidan ir voluntariamente dende Lugo á Mariña ou dende Lugo a Monforte. (*Murmurios.*) O que pretendemos é que os especialistas poidan ir voluntariamente ao Barco e a Verín. ¿Sabe por que, señoría? Porque cando chegamos ao goberno a maioría dos servizos que se prestan hoxe neses hospitais non se prestaban. E ao que obrigabamos á xente era a coller o coche desde esa Carballada de Valdeorras e ir a Ourense. ¿Sabe o que pretendemos agora? Que os especialistas voluntariamente pasen consulta no Barco para que os de Carballada de Valdeorras non vaian a Ourense e os do Vicedo non vaian a Lugo. (*Aplausos.*) Señoría, esa é a gran diferenza entre esta proposta e outra proposta.

Mire, señoría, cando cheguei era necesario unha torre de endoscopia e un mamógrafo e un TAC no Barco. Están. Cando cheguei había unha plataforma en Monforte onde nos dicían que iamos pechar o hospital. Pois ben, en Monforte investimos un millón de euros, hai un mamógrafo dixital e un ecocardiógrafo. E en Monforte por primeira vez hai consultas de alergoloxía, de dermatoloxía, de hematoloxía e de oncoloxía. ¿Sabe cantos monfortinos conseguimos que non foran a Lugo? Máis de 8.500. ¿Vostede está en contra ou a favor? ¿Vostede quere que os pacientes se despracen ou que os médicos se despracen?

Señoría, creo que os médicos son servidores públicos, estamos orgullosos dos médicos e por iso a inmensa maioría dos médicos entende que desprazarse dentro da súa área non conleva ningún menoscabo, senón que é unha honra practicar a mellor sanidade pública en toda a provincia de Lugo, en toda a provincia da Coruña, (*Aplausos.*) en toda a provincia de Ourense e en toda a provincia de Pontevedra.

Señor Leiceaga, espéroo coas mans tendidas para mellorar o texto. Unha vez que acabe a súa campaña electoral, señor Leiceaga, espéroo aquí sentado para seguir mellorando o texto da sanidade pública, a vostede, como é natural, ou ao que o Partido Socialista decida. Pero, señor Leiceaga, vostede... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Falando de militantes... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Remate xa, señor presidente.

Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, ten vostede razón, non lle vou contestar a alguén que non se presenta a nada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o coñecemento polo Goberno galego das consecuencias sociais do modelo laboral precario que se está a aplicar en Galicia

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, cando unha persoa traballa, aspira a poder gañar o pan, aspira a poder vivir con tranquilidade, con seguridade, aspira a poder chegar a fin de mes e pagar as súas facturas. Os mozos e mozas que atopan traballo aspiran a poder emanciparse do domicilio dos seus pais, e a xente que, vivindo soa ou vivindo en parella, quere formar unha familia aspira a, se traballa, ter recursos para facelo.

Pero en moitos fogares de Galicia nada disto sucede: nin seguridade nin emancipación nin recursos para formar unha familia; hai moita xente que traballa e non sae de pobre.

O principal problema que hoxe ten en Galicia moita xente, sobre todo moita xente moza, esa xente moza que vostede non conseguiu mandar á emigración, é a precariedade laboral. O Partido Popular, que foi responsable das reformas laborais, que foi responsable da sangría migratoria, ten agora establecido un sistema de traballo que establece o precariado como regra laboral.

O precariado caracterízase por tres notas. En primeiro lugar, pola temporalidade. Ter un contrato non é sinónimo xa hoxe de ter un emprego. Fixo falta o ano pasado en Galicia un millón de contratos para crear apenas 18.000 postos de traballo. E unha asalariada —e dicimos asalariada porque o traballo precario ten, sobre todo, nome de muller— necesita concatenar de media dez contratos ao cabo dun ano para traballar todo ese ano seguido. Nesas condicións ¿como podemos aspirar a que a nosa xente, e sobre todo a xente moza, teña seguridade na vida se non sabe se vai traballar ao mes seguinte, á semana seguinte ou mesmo ao día seguinte?

A segunda característica son os baixos salarios. Unha persoa precaria cobra de media o 32 % menos que unha persoa con contrato indefinido, o cal en Galicia se traduce de media en

8.000 euros menos ao ano. Desta maneira ¿como pretendemos que a xente poida planificar ben a súa vida? E de traballos precarios e de salarios baixos sabe a xente que está traballando na hostalería, no sector servizos, repoñendo caixas nas grandes multinacionais. Traballos precarios, mal pagados e ademais —é a terceira característica— con perda de dereitos. Perda de dereitos, en primeiro lugar, as 20.000 persoas que son falsos autónomos en Galicia cando tiñan que ser asalariados. En segundo lugar, porque esas persoas non teñen dereito a descanso de fins de semana, non teñen dereito a vacacións, simplemente porque se lles concatenan os traballos, un día tras outro, contrato, contrato, contrato... cando realmente tiñan que ter un único contrato e perden así dereitos. E ademais con máis risco de accidentes, porque a taxa de sinistralidade laboral e a de mortalidade se disparan nos contratos precarios.

Desta maneira é imposible facer unha vida feliz. Porque é difícil ser feliz cando non se sabe qué vai pasar ao día seguinte co contrato ou co emprego que as persoas teñen. E isto ten unha clara responsabilidade por parte do Partido Popular. E tena, en primeiro lugar, porque é o responsable de dúas reformas laborais, dúas reformas laborais que ocasionaron a perda de dereitos, as condicións en moitos casos de perda de liberdade absoluta para poder escoller ou non traballar porque as condicións do mercado laboral son absolutamente miserables. E, en segundo lugar, porque o que se creou e se está creando de forma estrutural é un emprego de estrutura precaria, son os mini-traballos, que son mini-salarios con maxi-horarios, chegando, como estamos, a unha situación que era inédita desde o século XIX.

Hoxe en Galicia, desde 2015, menos do 10 % do traballo novo creado son contratos indefinidos, e o 51 % da xente que traballa en Galicia xa é precaria.

A pregunta é clara, señor Feijóo, ¿que fai o seu partido para acabar con esta vergonza? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, agradézolle que poidamos falar de emprego. E agradézollo porque é a primeira e a máxima prioridade deste goberno.

Sabemos que hai 181.125 mulleres ou homes en paro en Galicia. E por iso a tarefa principal de calquera goberno —e entendo que de calquera grupo parlamentario responsable— é ver como abordamos esas dificultades.

Señoría, queda moitísimo por facer, sen dúbida. Dígamo a min que, cando cheguei ao goberno, o número de desempregos do último ano antes de tomar posesión de presidente foi unha caída de 54.000 parados máis en Galicia e 50.000 afiliacións menos á Seguridade Social. Por iso, señoría, creo que sería un erro non poñer en valor o que foi capaz de facer a sociedade galega nestes últimos anos. E lamento que vostede non fixera ningunha referencia ao que foron capaces de facer os autónomos, os traballadores e os empresarios nestes anos en Galicia.

Mire, señoría, acabamos de coñecer os datos rexistrados en agosto do paro e, por primeira vez nos últimos oito anos, estamos por debaixo dos 190.000 parados. Exactamente en agosto temos 181.125 parados. É dicir, menos que en agosto do ano 2009, cando tiveren a sorte e a honra de ser presidente da Xunta.

As afiliacións á Seguridade Social levan tres anos consecutivos subindo e hoxe temos máis de 97.000 afiliacións máis que cando chegamos á Xunta no ano 2009. É dicir, recuperamos o 60 % das afiliacións á Seguridade Social que tiña Galicia no ano 2008, ano de plena bonanza económica.

Señor Villares, lamento que vostede, a partir de aí, empece a trabucar os datos. Supoño que ou llos dan mal ou simplemente os inventa.

Emprego indefinido, en Galicia de cada 100, 75. Acaba de dicir vostede que o 51 % dos empregados en Galicia están en precario. Falso, falso, señor Villares. Ten vostede a posibilidade de rectificar.

Mire, no ano 2008 o emprego indefinido na Comunidade Autónoma non chegaba ao 69 %, e agora está no 75 %. Supoño que rectificará o dato. Ocupados a xornada completa, en Galicia o 86 % e en España o 84,7 %.

En relación coa evolución dos salarios, non vou defender eu como se está distribuindo a renda despois da crise, pero si vou defender que a riqueza en Galicia hoxe é superior ao momento de bonanza económica pero a renda non está axeitadamente redistribuída dende o punto de vista salarial. Dende logo, esa é a miña opinión. Pero iso non significa que Galicia sexa entre as 5 comunidades autónomas onde os salarios baixaron menos, entre as 5, señoría.

Por iso, señor Villares, creo que debería vostede rectificar algún dos datos que acaba de ofrecer á Cámara porque son falsos, e iso é o que estamos facendo nós, poñéndonos a traballar, o que pasa é que cando vemos exactamente cales son as súas propostas, a súa proposta normalmente é a destrución de emprego: esta empresa hai que pechala, esta empresa hai que precintala, esta actividade non se pode facer, aquela non se pode facer. E as propostas de En Marea ¿cales son? ¿Votar en contra da Lei de impulso empresarial na comunidade autónoma que trouxemos onte? ¿Pero nin sequera a En Marea lle parece axeitado tramitala para poder discutila? Non, que se retire. E agora fala de emprego.

Mire, levamos computando as iniciativas de En Marea en materia de emprego. As iniciativas de En Marea en materia de emprego transfórmanse inmediatamente en 15.000 parados máis. (*Murmurios.*)

Señor Villares, como vostede tivo emprego fixo, e me dá a sensación de que ese é o seu obxectivo, pois non se dá conta de que o problema son os 181.125 galegos e galegas que están no paro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Eses, señoría, son a nosa preocupación. Espero que a partir de agora sexa tamén a súa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor Núñez, preguntámoslle por medidas contra a precariedade, e en catro minutos largos, que non foron tres, non citou vostede nin unha soa medida que o seu Goberno estea tomando contra a precariedade. Ten vostede o turno de peche para podelo dedicar a contestar á pregunta que se lle fai. (*Aplausos.*)

Vostede quere datos, quere certezas e quere concrecións. Eu dareillas porque xa llas dei máis veces, e estou disposto a darllas tamén agora, o que pasa é que hai un problema: temo que non vai querer oíalas, como lle sucede sempre coa súa arrogancia da maioría absoluta. E digo isto porque, claro, sen presentar ningunha proposta é imposible replicarlle a isto. En todo caso, as propostas que fai o Partido Popular en materia de mellora do emprego son propostas que caen normalmente en saco roto, papel mollado para despois destinalas a outras cousas.

Mire, cando se liquidaron os orzamentos de 2016, o Partido Popular deixou sen gastar 56 millóns de euros en materia de formación, de emprego e de mellora na calidade do emprego. ¿Quere datos? Están aquí. Señor presidente, atenda. ¡Señor presidente! (*Risos.*) Datos da liquidación do ano 2016: dúas partidas de formación profesional para desempregados, dos que non se empregaron 21 millóns de euros largos; e outra partida en mellora de fomento da empregabilidade, onde non se empregaron 33 millóns de euros.

Claro, despois vimos aquí e anunciamos medidas, ou como neste caso, nin sequera se fala de medidas, e sen embargo temos que dar por bos todos os datos que vostede nos ofrece. ¡Pois non damos por boas as medidas! Cremos que a xente que está traballando precariamente ten dereito a mellorar as súas condicións de vida, e vostede non o está facendo.

¿Por que se produciu esta falta de investimento daquel diñeiro que estaba presupostado? ¿Para que o van facer este ano? ¿Para pagar de novo as bombillas do Gaiás? ¿Ou talvez a modificación de crédito deste ano sirva —como xa serviu a que xa se fixo no mes de xullo— para pagar as sentenzas xudiciais pola súa chapuza eólica? ¿Teremos que pagar todas e todos os galegos as súas campañas electorais infames, que levaron a que agora se recoñeza o gasto polas arcas públicas de 3 millóns de euros? Págueos vostede do seu peto, que foi a súa campaña electoral, (*Aplausos.*) ou que o pague o Partido Popular, porque serviu para facer unha campaña baseándose nunha mentira que agora estamos pagando todas e todos. ¡Tres millóns de euros! Tres millóns de euros que imos ter que pagar non os representantes, senón toda a cidadanía, e que vostedes fan por unha modificación de crédito, por unha promesa electoral que levaron ao *Diario Oficial de Galicia*, e que foi sinxela e absolutamente ilegal, o cal os levou a ter que pagar agora 3 millóns de euros. ¡Págueo vostede do seu peto! ¡Que o pague o Partido Popular! ¡Non o temos que pagar o conxunto da cidadanía!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: A xente ten dereito a saber isto. Ten dereito a saber que pola súa chapuza eólica estamos pagando agora 3 millóns de euros que se podían estar destinando a loitar contra a precariedade laboral. E vostedes de precariedade laboral saben moito, ¡saben moito!, por iso complementan os salarios dos seus altos cargos con sobres en diñeiro negro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, ¡alá vostede e o que di! Fala vostede de medidas. Acabamos de traer unha lei ao Pleno de onte, e dicía... *(Murmurios.)* e dicía aos seus...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio! Hai que escoitar.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...insignes veciños, que son compañeiros, que isto era jauja. Vale, ¡alá vostede! Vostedes sigan polo vieiro da súa política laboral, que sen dúbida imos conseguir de éxito en éxito.

Señor Leiceaga... Perdón, señor Leiceaga. *(Risos.)* Señor Villares, fala vostede de medidas. Mire, a Axenda para o emprego está aprobada e publicada e é a nosa medida base. Onte o conselleiro desgranaba o paquete de medidas para os autónomos. Vostedes tamén están en contra. Estamos axudando á contratación indefinida para as pemes ata 10.000 euros por traballador. Vostedes están en contra. Estamos dedicando a emprego xuvenil máis de 30 millóns de euros. Vostedes están en contra.

Mañá, no Consello da Xunta, imos aprobar outra partida de 13 millóns de euros para o emprego no ámbito da discapacidade. Seguro que vostedes tamén estarán en contra. Por iso nós estamos acostumbrados a que vostedes veñan aquí e digan: non, o 51 % do emprego en Galicia é precario. Falso, o 75 % do emprego en Galicia é fixo. E dálle igual. E prosegue vostede e di que non lle contesto. ¿A que quere que lle conteste? ¿Quere que tome en serio algúns datos que vostede dá? ¡Se vostede nin sequera sabe o que é unha incorporación de crédito! Señor Villares, estude a Lei de xestión económica e financeira, e comprobará que os créditos se poden incorporar a exercicios seguintes, se non, non me falaría vostede deses 50 millóns de euros dos que vostede fala.

Pero prosigamos. Mire, acabamos de escoitalo a vostede preocupado pola situación económica de moitos galegos. Niso coincidimos. No que non coincidimos é en mandar a todos os que traballan en Reganosa ao paro. No que non coincidimos é en que non se poidan ampliar as instalacións de PSA-Peugeot-Citroën en Vigo, porque, se non, esa factoría pechaba e 7.000 familias ían ao paro. No que non coincidimos é en que se peche a central térmica das Pontes nin a de Sabón, porque, se non, irían ao paro. No que non coincidimos, señoría, é

coas súas políticas de emprego, porque, se non, habería máis desemprego. Por iso hai unha gran diferenza entre as súas políticas e as nosas.

Comprendo que a vostede lle preocupa o nivel salarial. A nós tamén. Pero esa EPA da que vostede fala cando lle interesa di que o paro xuvenil en Galicia baixou 9 puntos. Sen embargo iso a vostede non lle interesa. E que temos menos paro xuvenil que no resto de España. Non lle interesa. Esa EPA da que vostede non fala di que os fogares con todos os seus membros en paro baixou 9,5 puntos; é dicir, máis de 7.200 fogares menos.

Señor Villares, ¿de que me está falando? ¿Estame falando dos 181.000 parados? Esa é a miña primeira preocupación. Pero ningunha proposta das que me fala vostede a podo tomar en serio.

Si que é certo, señoría, que a vostede o escoitei algunhas veces preocupado non polas medidas de emprego, senón polas condicións laborais dalgúns traballadores, e o primeiro que vostede trouxo a esta Cámara foi falar da condición laboral de vostede, da súa nómina. *(Risos.)* Si, señoría. E os galegos enterámonos lendo os xornais. Vostede tivo un problema no seu grupo polo que cobraba vostede, e iso non sei como está solucionado nin me interesa. Pero falar vostede das condicións salariais dos galegos é algo sorprendente.

Señor Villares, se non lle gusta a política, volva vostede á súa anterior profesión. Por certo, señoría, ¿vostede cre que as leis se deben de cumprir ou non? *(Murmurios.)* ¿Vostede acata as sentenzas do Tribunal Constitucional ou non? ¿Vostede acata as sentenzas do Tribunal Supremo ou non?

Señor Villares, como vostede no acata as sentenzas dos tribunais, ¿que lle parece se os galegos non acatamos nunca as sentenzas que vostede poida chegar a ditar?

Señor Villares, débelle unha explicación á democracia galega.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Lamentablemente, señor Villares, hai moitos galegos ocupados e preocupados por seguir a súa traxectoria profesional.

Espero, señoría, que non volva ditar nunca unha sentenza en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(O señor Villares Naveira pide a palabra.)

Si, señor Villares, ¿para que quere a palabra?

O señor VILLARES NAVEIRA: O señor presidente da Xunta fixo unha pregunta e gustaríame contestala.

O señor PRESIDENTE: Non, iso é unha pregunta retórica no debate. Sabe que non está permitido o intercambio.

Grazas.

Continuamos co punto 4 da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para promover a formación das persoas desempregadas a través do ‘cheque formación’

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 13602)

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Suprimir todas as bonificacións á contratación, salvo as dedicadas ás persoas con discapacidade en risco de exclusión social ou vítimas de violencia machista, e destinar o investimento que actualmente recibe á formación para o emprego.

2º) Poñer en marcha un programa para a reinserción formativa da mocidade que abandonou o sistema educativo sen a titulación de ESO e que non traballan, cuxo obxectivo sexa o de ofrecerlles a posibilidade de se acreditar en competencias crave de nivel 2, imprescindibles para optar á especialización formativa nun prazo de 6 meses.

3º) Establecer plans e programas de formación e reciclaxe no marco das políticas activas de emprego que faciliten o acceso das mulleres a eles. Promover políticas activas de acceso ao emprego e á mellora da cualificación profesional das mulleres en sectores, profesións e categorías nas que se atopen infrarrepresentadas, de maneira especial no campo das novas tecnoloxías e nos traballos emerxentes no novo modelo produtivo.

4º) Demandar do Goberno de España, previa negociación cos axentes sociais e as comunidades autónomas, no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, o deseño da planificación e estratexia do sistema de formación para o emprego, respectando sempre os principios que garantan o acceso universal, a prioridade dos colectivos máis desfavorecidos, a gratuidade das accións, e unha formación de calidade que realmente contribúa á mellora das condicións para acceder a un emprego. Así mesmo, asegurarse de que se establezan mecanismos que garantan unha utilización eficiente dos recursos para evitar a fraude, e que se poida realizar un seguimento, control e avaliación.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Nun Pleno marcado pola aprobación da toma en consideración da Lei de implantación empresarial, que converterá a Galicia na Comunidade Autónoma que dea máis facilidades para investir, con menos trabas burocráticas, máis incentivos e menor fiscalidade, coa comparecencia onte do señor conselleiro para explicar a Estratexia de Autónomos 2020, o Grupo Parlamentario Popular presenta hoxe unha iniciativa no ámbito da formación profesional para o emprego.

Dita formación, nos ámbitos laboral e regrado, é un instrumento clave para a mellora da economía española, para mellorar a produtividade e a competitividade das nosas empresas, e por suposto para mellorar a empregabilidade dos nosos traballadores.

En Europa existen miles de postos de traballo que non se cobren por falta de traballadores especializados, e no noso país seguen a aparecer listados de empregos baleiros por falta de formación, o que require que se busquen novas solucións para a cualificación dos traballadores, especialmente dos desempregados.

Non cabe dúbida de que a competitividade das nosas empresas está moi relacionada coa formación dos traballadores e cos cambios profundos que se producen permanentemente no sistema económico. Dende o Grupo Popular cremos que é un dereito do traballar o seu desenrolo persoal e profesional, e tamén ter unha maior e mellor capacidade de adecuarse aos cambios do mercado laboral.

En 2014 a patronal española estimou en 80.000 as vacantes para os próximos anos pola desconexión entre o sistema educativo e o mercado do traballo, o que lastra a competitividade e a produtividade das empresas, e os datos, señorías, non melloraron en 2017. Por iso, nun escenario de recuperación económica e crecemento, unha das preocupacións clave das administracións, debe de ser favorecer a creación dun emprego coa maior calidade posible, polo que será necesario que os traballadores que se incorporen ao mercado laboral o fagan cos perfís mellor adaptados ao que este demande en cada momento.

Galicia consolídase como a rexión que máis incrementa a afiliación intermensual en termos absolutos, e aumenta a calidade e a estabilidade dos postos de traballo. A nosa comunidade situouse en agosto por debaixo das 190.000 persoas desempregadas, habendo 11.920 desempregados menos que hai un ano, encadeando catro anos consecutivos de caída na evolución anual do mes de agosto, nos que case 1 de cada 3 parados abandonaron as listas do paro.

Aínda que somos conscientes de que queda moito traballo por facer —de aí as dúas iniciativas das que falei antes e que se presentaron onte nesta Cámara—, podemos afirmar que o mercado laboral galego segue mellorando e que contribúe a mellorar os datos do paro do

Estado. Temos menos desemprego, máis ocupación a tempo completo e unha taxa de actividade que se mantén estable cunha tendencia positiva, con menos parados e máis ocupados nun dos colectivos prioritarios como é a mocidade.

Na especialización laboral, a formación xoga un papel clave, segundo as competencias que as empresas demandan para os novos empregos e que as persoas desempregadas consideran mellor para poder reforzar as súas capacidades profesionais.

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos fundamental a renovación do sistema da formación, para que sexa axeitada ás necesidades das empresas e tamén para poder facer efectivo o dereito dos traballadores á súa formación, a poder elixir. Por iso a iniciativa presentada hoxe aquí xa formaba parte do noso programa electoral, que acadou, señorías, un respaldo maioritario nas urnas nas eleccións autonómicas de hai case un ano.

Para nós é fundamental potenciar a liberdade na oferta e na demanda da formación e na satisfacción das necesidades do mercado, mirando sempre aos sectores emerxentes da nosa economía, que están moi escasos de persoal con competencias clave. Intentando poñer solución a este e outros problemas da cualificación dos traballadores, as Cortes aprobaron a Lei 30/2015, que regula o sistema de Formación Profesional para o emprego no eido laboral, que establece que os servizos públicos competentes poderán, como alternativa ao financiamento das convocatorias, a través de subvencións, proporcionar un cheque-formación aos traballadores desempregados.

O desenvolvemento regulamentario do pasado 3 de xullo habilitou ás comunidades autónomas a dispor desta modalidade. Señorías, para mellorar a súa empregabilidade, os traballadores desempregados recibirán dos seus respectivos servizos públicos de emprego un cheque-formación que os acredite para realizar, conforme o seu itinerario personalizado e de inserción, algunhas das accións formativas incluídas no programa formativo da comunidade. O cheque-formación posibilitará ao traballador participar nunha actividade formativa cun custo preestablecido, sen que ningún caso supoña unha aportación económica por parte do traballador.

Señorías, os servizos públicos de emprego da comunidade procederán á detección previa das necesidades formativas dos traballadores desempregados a partir do seu perfil, elaborado conforme o previsto na carteira común de servizos do Sistema Nacional de Emprego. Contarán coa programación dunha oferta formativa ampla e suficiente para cubrir as necesidades individuais detectadas, unha vez postas en relación cos requirimentos de formación e emprego do sistema produtivo. Seleccionarán as entidades de formación interesadas en adherirse á modalidade de cheque-formación, que terán que figurar acreditadas e inscritas no correspondente rexistro, e non poderán subcontratar a terceiros a execución da actividade formativa.

A Administración desenrolará tamén un sistema de información e seguimento específico da actividade formativa do traballador, que permitirá a conexión online das entidades de formación seleccionadas co Servizo Público de Emprego.

O máis destacable será que o traballador elixirá, entre as entidades de formación seleccionadas pola Administración, aquela na que desexe realizar a acción formativa, e unha vez fi-

nalizada e xustificada a formación, a Administración aboará á entidade de formación a cantidade correspondente ao cheque de formación.

Señorías, un requisito destacable é que, previamente á posta en marcha de dito cheque, se realizarán consultas a organizacións empresariais e sindicais máis representativas, delimitando os sectores nos que se aplicará, e informarase, por suposto, á Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

Conclusión, señorías: que os traballadores en situación de desemprego terán a autonomía e a liberdade para poder elixir a súa formación e onde cursala.

Por suposto que os desempregados non estarán sos na elección da formación, contan e contarán cos orientadores laborais que traballan nas oficinas que a Xunta de Galicia dispón en toda a comunidade; en concreto, 126 orientadores laborais repartidos en 53 oficinas, dos que 50 están asignados aos menores de 30 anos. Ademais contarán tamén cos orientadores laborais que o Goberno da Xunta subvenciona nos concellos e nas entidades sen ánimo de lucro, para os que se destinan ao ano máis de 6 millóns de euros.

Señorías, o impulso que dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria se lle está dando á formación profesional para o emprego materialízase en máis de 100 millóns de euros de presuposto para este ano 2017, destinados tanto á formación para empregados como para desempregados, e tanto para as persoas de maior idade como para a mocidade.

Liñas para desempregados dotadas con 56 millóns de euros; entre elas, unidades específicas de formación para empresas que teñen dificultades en encontrar persoal cualificado.

Hai 20 millóns de euros máis para obradoiros, 83 obradoiros de emprego en toda Galicia. 9,5 millóns de euros máis para programas destinados a concellos e entidades sen ánimo de lucro. 14,5 millóns de euros máis en centros de formación da rede pública da Xunta de Galicia. 4,3 millóns de euros máis para axuda á formación de desempregados de garantía xuvenil, sendo o obxectivo desta actuación, que se desenvolverá entre 2017 e 2018, seguir reducindo o desemprego xuvenil, que no último ano caeu nun 12,56 %, e acelerar a formación ao rural creando emprego estable e fixando poboación nestas zonas. E, por suposto, sen deixar a un lado a formación para empregados, o Goberno da Xunta acaba de destinar 22,5 millóns de euros á formación para persoas ocupadas e autónomos que beneficiarán a 12.000 traballadores galegos, para adaptar a formación dos ocupados ás novas exigencias que demanda o mercado de traballo e, polo tanto, o tecido produtivo galego.

Polo tanto, señorías, creo que coincidirán comigo en que non hai escusa para que non apoiem esta iniciativa que hoxe trae a esta Cámara o Grupo do Partido Popular, e que consiste en instar a Xunta de Galicia a introducir o cheque-formación na nosa comunidade para que as persoas traballadoras desempregadas dispoñan dun crédito de formación, escollan a formación que queren recibir e a entidade na que queren que se imparta.

En definitiva, señorías, dotar de liberdade á persoa desempregada, orientala a unha formación máis especializada e adecuada ao mercado laboral actual para conseguir un emprego de maior calidade e estabilidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Nóvoa.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

O primeiro que quero facer hoxe, señora Nóvoa, é felicitalos de verdade. Parabéns de parte do Grupo Socialista porque por fin chegou unha iniciativa en materia de emprego ao Pleno do Parlamento de Galicia que fora do grupo maioritario desta Cámara. Vimos reclamándoo dende hai moito tempo, dende hai practicamente un ano que comezou esta lexislatura. Teño que recoñecer a miña inxenuidade e a do meu grupo, cando nos anunciaron que había unha iniciativa rexistrada do Partido Popular, a verdade é que pensamos que sería por algún dos problemas gravísimos que ten esta comunidade autónoma en materia de emprego, e pensamos que sería para combater o incremento do desemprego entre os menores de 25 anos. Porque, claro, os datos se poden enrevesar, pódese dar a volta e pódese dicir que baixou o desemprego xuvenil. Tamén poderíamos falar de cantos están fóra e do saldo neto que hai. Pero a realidade é que entre os menores de 25 anos o desemprego en Galicia subiu, esa é a realidade. (*Aplausos.*) Poderíamos falar tamén de por que temos a maior taxa de sinistralidade laboral mortal de toda España, que é o dobre que a media estatal. Poderían presentar unha iniciativa para reducir unha temporalidade que se sitúa, segundo os últimos datos, no 94 %. Pero non, a verdade é que vostedes hoxe decidiron traer esta iniciativa cun obxectivo claro, que é o de lavarlle a cara á ministra de Emprego, de botarlle un capote dende Galicia á súa compañeira, que non practica —non sabemos se por descoñecemento ou porque non está no seu ADN— o diálogo.

Vostede falou de que, efectivamente, este cheque de formación se pon á disposición das comunidades autónomas, pero obviou mencionar dúas cuestións —tres, mellor dito— que dende o Grupo Socialista consideramos importantes.

A primeira vén dende a reforma laboral do 2012; aínda que non a mencionemos existe, e as repercusións séguense notando. A segunda e fundamental é que houbo 10 de 17 comunidades autónomas que asinaron un manifesto pedindo expresamente que se retome o diálogo e que isto se faga con consenso.

Tamén mencionou ás organizacións sindicais, e teñen o mérito de que vostedes conseguiron quedar sos nesta medida, porque di que se enmarca no diálogo social, pero «*UGT cree que el Gobierno burla el diálogo social al aprobar el decreto de formación. Comisiones espera que el Ministerio de Empleo retire la propuesta del cheque de formación.*»

A verdade é que agora sabemos unha vez máis que vostedes viven no mesmo planeta que a señora Báñez, ese onde se ve que no mercado laboral é primavera, pero a realidade é que seguimos hibernando, que seguimos en pleno inverno no mercado laboral; que o único que florece nesta comunidade autónoma é o subemprego, a precariedade e a emigración.

Pero imos falar de formación. Nós presentamos unha emenda porque si temos propostas a respecto desta materia, e consideramos que precisamente agora que coñecemos a través da OCDE —non son datos do Partido Socialista— que temos as peores taxas de escolarización en FP de practicamente toda Europa, consideramos que é importante esta materia. Hai que garantir a participación das organizacións sindicais e empresariais, non pode ser un novo ataque ás organizacións sindicais para deixalas desprovistas de fondos.

Hai tamén que ter un financiamento estable, suficiente e equitativo, porque vostede podería comezar por pedirlle ao Goberno ao que apoian que non haxa a vergoñenta cifra dun 49,07 % entre fondos adicados á formación de desempregados e ocupados sen executar do anterior período orzamentario. E non o di o Grupo Socialista, que se utilice ese remanente estao reclamando o Tribunal Constitucional, o Tribunal de Contas e o propio Defensor do Pobo.

Incidimos tamén nunha cuestión que para nós é importantísima e que tampouco mencionou o Partido Popular, e son os gravísimos datos que seguen existindo de desemprego entre as mulleres; uns datos que van a unha velocidade distinta á dos homes e que se seguen incrementando eses datos de desemprego.

A nós, a verdade, o que nos gustaría realmente é que vostedes non trouxeran aquí unha iniciativa co obxectivo único de perseguir esa privatización que levan vostedes no seu ADN; unha privatización que leva a que o que vostedes propoñen, tal e como propoñen —recalco, tal e como o propoñen—, é unha privatización nin sequera encuberta porque se ve claramente, que vai significar que os parados teñan que escoller eles mesmos os cursos de formación, como se a responsabilidade de que as persoas estiveran formadas neste país non fora deste Goberno.

Non é unha responsabilidade individual, é unha responsabilidade colectiva. O Grupo Socialista non defende nin cre que, da maneira en que está proposto este cheque, sexa viable nin vaia repercutir na mellora da formación. Nós chamámoslle coloquialmente como se fora aquilo dos puntos da Travel. Ou sexa, recórdanos un pouco aquilo de que un por comprar en determinados establecementos acumula puntos, colle o catálogo e busca exactamente en que empresa privada quere canxealos.

Nós queremos un sistema de formación público, como ten existido ata agora. Por suposto si que coincidimos en que é necesaria unha mellora, pero, dende logo, alonxada de calquera tipo de privatización, que é o que pretenden vostedes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Efectivamente, a principios do pasado mes de xullo entra en vigor o Real decreto 694/2017, que abre esa posibilidade de que, en vez dunha formación para o emprego de calidade, pú-

blica e planificada, esta sexa substituída por un cheque de formación. Máis unha vez no verán e intentando que pase desapercibida, mais parece que non o conseguiron, porque teñen levantadas en armas —como xa se dixo aquí— a moitas comunidades autónomas, ás organizacións sindicais e ás patronais. Nalgúns casos simplemente pola forma, mais nalgúns outros —como é o caso tamén do BNG— tamén polo fondo.

Esta iniciativa, esta ocorrencia, é unha consecuencia máis da infame reforma laboral do Partido Popular; unha reforma laboral pragada de ideoloxía capitalista, neoliberal, que o único que trouxo foi ese mercado de traballo precarizado, esa baixada dos salarios, esa rotación no traballo, esa exclusión, e ademais o que tivo como consecuencia foi ter dinamitado a negociación colectiva.

Ademais de todo iso, na súa disposición final terceira esa infame reforma laboral contemplaba a posibilidade de avaliar a creación —poñía xunto cos axentes sociais—, a posta en marcha, deste cheque de formación. Onde poñía «avaliar» é unha realidade. Onde poñía «xunto cos axentes sociais», foi cando eu o diga, como diga e sen falar con ninguén.

En todo caso, o modelo de formación que está intentando implementar o Partido Popular é un modelo opaco. No que ten a ver coa formación de traballadores ocupados, o real decreto reduce o control e participación dos axentes sociais; crea un mercado de cursos que favorece os grandes grupos empresariais de servizos de formación; impón condicións que expulsan outras opcións, melloran o financiamento para estas grandes empresas, dificultan o acceso para as pemes e os autónomos e reducen, por tanto, os dereitos dos representantes dos traballadores e traballadoras na vixilancia da legalidade e na vixilancia dos intereses da clase traballadora.

Impulsan este modelo opaco, sen indicadores de calidade e sen controis. E no que se refire á formación para desempregados, este real decreto desenrólase sen garantías, este cheque formativo. Consiste nunha conta virtual, na que cada traballador ou traballadora vai acumulando puntos coa aportación que fan as empresas e os propios traballadores na base de cotización cando se traballa, e ao quedar en paro faise efectiva esa aportación para recibir a formación.

É evidente, salta á vista, a similitude deste modelo cos desenrolados en educación para fomentar a ensinanza privada, ou cos desenrolados en sanidade para trasladar a atención dos servizos públicos aos servizos privados; podemos falar do tema de benestar para trasladalo ás escolas infantís. E agora o que fai o Partido Popular é un segundo paso, pasa desta modalidade no ámbito social ao ámbito laboral, como xa se intenta facer no marco da saúde laboral.

¿Que fai o Goberno do Partido Popular e outros gobernos? Empezan degradando e deteriorando os servizos públicos e logo privatizan as funcións máis rendibles coa escusa —sobradamente demostrado que é falsa— da súa eficacia.

O Partido Popular no 2015, nun escenario de escándalos derivados de fraudes relacionadas coa xestión das subvencións de cursos de formación, propiciado polo propio Partido Popular

na Xunta de Galiza, usou este escenario como coartada para levar adiante unha campaña para impoñer o seu modelo de formación.

Como é sabido, o Partido Popular, como máximo representante do neoliberalismo, o que propón é reducir a nosa vida a un cheque: cheque formación, cheque saúde, cheque educación, cheque universidade, cheques en B, e agora cheques para a formación. En vez de servizos públicos, o que propoñen é reducir o mundo a un cheque individual; e reducir ao máximo o público, reduciilo á mínima expresión.

Esta proposta, polo tanto, afonda na privatización da formación para desempregados, trasladada ao usuario e ao sector privado a responsabilidade que ten que ter a Administración pública de configurar unha oferta formativa estable, de calidade e acorde coas necesidades do modelo económico. Dende logo, nós mostramos a nosa preocupación polo mesmo.

Decía a señora Nóvoa, deputada do Partido Popular, que tiñan a máxima preocupación pola formación dos desempregados, que era a súa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ¿Onde está esa preocupación, señoras e señores do Partido Popular, cando se saltaron a formación das anualidades do 2014 e 2016 para empregados e para desempregados? ¿Onde van os millóns de euros destas convocatorias que o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...—remato, señor presidente— non realizou, mentres deixou ao pairo a miles de traballadores galegos e galegas sen esa formación?

Para iso parece que non teñen ningunha explicación, e si a teñen para traernos unha proposta que supón un modelo de concorrencia competitiva, inexecutable neste momento, pero que si é un seguidismo total das directrices que emanan do Goberno de Madrid. Mais unha vez un Goberno que, en vez de legislar as súas propias normativas, o que fai é seguidismo completo do que din en Madrid.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Minuto e corenta e cinco máis. Así ímonos saír do horario, se imos a minuto e corenta e cinco máis en cada intervención. Prégolles... ¡Home!, xa ven como é isto, é flexible, pero prégolles que nos adaptemos un pouco aos horarios porque, se non, é imposible.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Bo día.

Primeiro, antes de falar da iniciativa, nós temos que dicir que nos parece sorprendente que fale do pasado como maxistrado do portavoz de En Marea xustamente a persoa que no pasado se paseaba con narcotraficantes. Nós estamos moi orgullosos, non sei se do outro lado o estarán igualmente (*Aplausos.*).

E de novo tamén, antes de falar propiamente do cheque de formación, toca volver contradicir o relato que fai o Partido Popular de recuperación, de que todo vai mellor. Din que lles preocupa moito o paro e a precariedade, pero despois empregan a maioría do tempo de todas as súas intervencións —e este pleno foi un bo exemplo diso— en facer propaganda destes bos datos e unha boa mostra de optimismo, pero a realidade demostra que estas afirmacións de que todo vai mellor son falsas. E non é que o digamos só nós, senón que a maioría da poboación xa non cre que estes datos, supostamente positivos para todas, vaian repercutir de xeito favorable na súa vida, porque por desgraza, por moito que digan o contrario e por moito que falen de emprego de calidade, a realidade hoxe está marcada e segue estando marcada polas desigualdades sociais, pola exclusión social, pola pobreza e polo emprego precario. Por iso, por moito que digan discursos, a xente que traballa día a día sabe perfectamente canto cobra, cantas horas traballa e cantos días libres ten ao ano.

O Partido Popular ten un modelo claro, e un dos piares fundamentais deste modelo baséase na privatización progresiva do público. A proposta que traen hoxe non pode entenderse sen todas estas políticas que levan anos aplicando coa escusa da crise, e que, como digo, van na liña de darlle prioridade á privatización e de espoliar o público. E como en moitos outros casos, tamén nesta iniciativa esconden, agochan, o proceso de privatización con outros argumentos. Neste caso elixen falar da potenciación da liberdade individual, que tampouco é un argumento novidoso, pero nós entendemos que cando falamos de liberdade hai unha cuestión básica: a liberdade de elixir terémola se partimos de condicións similares, e falar de liberdade nun contexto como este, marcado polo libre mercado, é unicamente unha falacia, e para o único que serve é para manter as actuais relacións de poder, que baixo o noso punto de vista son profundamente inxustas.

Na exposición de motivos desta iniciativa —tamén o comentou a portavoz do Grupo Popular— fálase de que unha das preocupacións fundamentais dende as diferentes administracións debe ser a de favorecer a creación de emprego da maior calidade posible. Estamos de acordo, pero nós entendemos que estas palabras non se corresponden coas políticas aplicadas, porque, por moito que agora digan todo isto de que están preocupados e que queren un emprego de maior calidade, non esquecemos nin as reformas laborais, por unha parte, que foron as que conseguiron que teñamos este modelo de emprego que temos agora, nin tampouco esquecemos, por moito que falen da preocupación pola formación do emprego, que os fondos destinados a mellorar as cualificacións, tanto de ocupados como de desempregados, foron baixando nos anos nos que o Partido Popular está no Goberno; e non só nos orzamentados, senón sobre todo nos executados.

Pero, á marxe de todo isto, tampouco concordamos co modelo que expoñen hoxe do cheque formación por varias cuestións. Entendemos que este modelo dificulta que exista unha pla-

nificación estratéxica da formación, e que non se pode establecer a lei da oferta e da demanda neste tipo de formación porque fai que prime o curto prazo, a volatilidade, e xa se está vendo na actualidade como a maioría dos provedores privados dos cursos limitan a oferta a uns determinados ámbitos sectoriais, que son, curiosamente e obviamente —se o fas por cuestións económicas ten todo o sentido—, os máis favorables para a súa xestión e ocupación. Nós entendemos que o que necesitamos é un modelo planificado a medio e longo prazo e que non se limite simplemente ao rédito económico.

Por outra banda, o modelo de concorrencia competitiva entendemos que fai que só unhas poucas entidades poidan acceder a impartir estas formacións. Como dicía, abandona eses criterios colectivos por unha suposta mellora da liberdade individual, pero isto fai que queden infrarrepresentados colectivos que son máis vulnerables, como persoas mozas, mulleres, etc.

Ademais de por todo isto, hai exemplos demostrados que reafirman a nosa posición no resto da Unión Europea. Xa non me queda tempo, pero por facer un comentario concreto, por exemplo en Inglaterra, onde se puxo en práctica este modelo de formación no ano 2000, saben que durou menos dun ano porque se descubriu unha fraude por valor duns 95 millóns de euros. E hai máis exemplos. Estes casos están aí para comprobarse.

Por iso nós entendemos que esta proposta non nos satisfai, e votaremos en contra desta iniciativa non porque esteamos en contra do traballo de calidade, senón todo o contrario; os que están en contra do traballo de calidade e potencian o emprego precario son vostedes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Señorías, o Grupo Popular considera clave o cambio no sistema de formación, tanto para empregados como para desempregados, de aí a importancia das reformas que introduce o cheque formación.

Esta iniciativa introduce un aspecto fundamental: a liberdade do desempregado en poder elixir a súa formación e onde cursala, sempre apoiados polos orientadores dos que dispón o Servizo Público de Emprego.

Mire, señora Blanco, que vostede me fale de resultados, que nin os acadaron electoralmente nin cando gobernaron, é sorprendente, ¡é sorprendente! *(Aplausos.)* Entón, a súa proposta é que sigamos co sistema de formación actual, que deu un bo resultado. Esa é a súa proposta.

Mire, a emenda que presentou o seu grupo non fala nada do cheque formación, ¡nada! Digan, digan se o que pensan sobre o cheque formación é que queren privar aos galegos e galegas de que elixan a súa propia formación. Dígano claramente.

De todos modos, aquí manifestan que están en contra, pero como na maior parte das comunidades non gobernan sos, van ter que revisar os seus apoios porque ao mellor hai algún outro partido que apoia o cheque formación, e, ao mellor, teñen que retroceder. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, revíseo. (*Aplausos.*)

De todos modos, voulle contestar sobre a súa emenda. En relación co que di na súa emenda sobre a posta en marcha dun programa para a mocidade —xa o dixen na miña intervención, pero repítollo—, o Goberno da Xunta xa ten en marcha un programa de competencias clave que inclúe unha convocatoria de 4 millóns de euros, así como probas de avaliación anuais. Señorías, xa existe o plan Emprega en feminino, polo cal as mulleres son un colectivo prioritario nos programas de formación. E, dende logo, temos a Estratexia de activación para o emprego 2017-2020, que neste momento está en fase de aprobación, e foi na conferencia sectorial do 26 de xullo onde as comunidades do Partido Socialista non aceptaron ningún dos seus acordos e bloquearon a entrega de fondos adicionais polos que Galicia recibiría máis de 10 millóns de euros.

Señoría, é unha irresponsabilidade non traer ao Parlamento unha iniciativa en formación. A verdade é que os argumentos que utilizan o resto dos grupos para non apoiar esta medida non son cribles. Quizais teñan outros ocultos por aí que non quixeron expoñer aquí.

Señorías, non confundan dicindo que isto é unha privatización. Isto é dar liberdade de elección aos desempregados.

Señores do BNG e de En Marea, a verdade é que —vostedes que pelexan diariamente por liderar a bandeira da liberdade— non entendemos como poden negarlles a liberdade aos desempregados para poder elixir a súa formación.

Miren, señorías, din que temos opacidade. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, silencio

A señora NÓVOA IGLESIAS: Pero ¿como opacidade? Se traemos a medida ao Pleno, isto non é opacidade.

A señora Quinteiro nomeou países europeos onde non tivo éxito, como Inglaterra, pero hai outros onde si o ten, como Suíza e Alemaña, e mesmo o País Vasco, ese que tanto defenden, ten iniciativas en cheque formación.

Xa indiquei na miña exposición que os acordos coas agrupacións sindicais e empresarias son o punto de partida, de posta en marcha, desta iniciativa. A formación dos nosos empregados e desempregados é un factor estratéxico na competitividade e na produtividade das nosas empresas. De aí a implantación de novas medidas, co fin de dar un gran pulo ás actividades formativas, coa introdución do cheque formación, que dotará de liberdade de elección aos desempregados; un compromiso que xa levabamos no noso programa electoral e que se porá en marcha, sen dúbida, para contribuír a mellorar a calidade no emprego na nosa comunidade, señorías.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día de novo. E moi bo día á presidenta da Xunta de Persoal da Área Sanitaria do Salnés, que nos acompaña na tribuna.

No ano 2010, o Partido Popular iniciou a súa folla de ruta de desmantelamento das áreas sanitarias existentes coa posta en marcha das estruturas de organización de xestión integrada, e este mes de agosto presentou —tamén pola porta de atrás— unha modificación do Anteproxecto de lei polo que modifica a Lei de saúde de Galicia do ano 2008. Esta modificación vai provocar máis deterioración na sanidade pública, consolida a liña de recortes, prioriza o criterio económico en detrimento das necesidades dos usuarios e usuarias e afecta negativamente á calidade asistencial. Este anteproxecto é un retroceso no fondo e na forma.

Primeiro na forma. Fixérono con nocturnidade, con aleivosía, en pleno mes de agosto, con opacidade, sen diálogo nin participación, nin coa mesa sectorial, nin cos colectivos sociais, e cun prazo para a presentación de alegacións moi reducido.

Mentía o presidente da Xunta pola mañá cando dixo que antes se lle presentou este anteproxecto aos representantes sindicais. Cando estaban sentados na mesa sectorial, xa estaba colgado sen ningún tipo de aportación nin de diálogo. Ao mesmo tempo xa o tiñan colgado na páxina da Consellería. Dende logo, o de presentalo antes é un xeito de faltar á verdade bastante interesante.

E en canto ao fondo, non se trata dunha modificación menor, como está intentando trasladar o Partido Popular. Non é un mero cambio de terminoloxía, supón unha modificación de moito calado. É unha bomba de relojería na liña de flotación da sanidade pública de Galiza.

Así como a Lei de garantías de prestacións sanitarias, aprobada no ano 2013 en solitario polo Partido Popular, só cos votos do Partido Popular, supuxo a legalización da derivación de doentes á sanidade privada e, polo tanto, tamén de recursos públicos á sanidade privada, esta modificación supón a legalización da non prestación de servizos sanitarios por falta de recursos. O texto, o anteproxecto, ese borrador que lle chama o señor Feijóo, déixao moi claro.

Se a Lei galega do 2008 en vigor establece que a prestación dos servizos e a delimitación das áreas se fará «tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación», no

anteproxecto establece que se fará «tendo en conta os recursos sanitarios existentes». É evidente que estamos diante dunha modificación plenamente ideolóxica, na liña encetada, evidentemente, polo Partido Popular. É, desde o punto de vista do BNG, unha modificación inaceptábel, xa que non prioriza as necesidades sanitarias dos galegos e das galegas, senón que será en función dos recursos que o Partido Popular no goberno decida destinar á sanidade pública. E como é evidente, decide que eses recursos cada vez sexan menos.

Con esta modificación, en vez de achegar a prestación sanitaria á xente, alónxaa. Só pretende ser un instrumento máis para o recorte dos servizos e o recorte de persoal. Pretenden con esta lei que sexa legal recortar servizos e recortar persoal. Significa a concentración da toma de decisións e de recursos e a exclusión da poboación do control da mesma.

Outra cuestión. O Partido Popular presenta este anteproxecto sen ter feita ningunha avaliación de cal foi o resultado en termos reais das iniciativas que puxo en marcha, da creación das EOXI. Agora preséntanos este anteproxecto, onde reduce e elimina catro áreas —reduce de 11 a 7 as áreas—, e isto vai supoñer a redución de servizos nas áreas que se eliminan e a perda de accesibilidade da poboación nestas áreas.

Estas novas estruturas, creadas no ano 2010, supuxeron a perda das xerencias dos hospitais comarcais e a perda das xerencias de atención primaria. Naquela altura, polas mobilizacións, a forte oposición da cidadanía, dos profesionais, e tamén polo traballo institucional, non conseguiron o que tiña pensado inicialmente o Partido Popular e recuaron en parte. Mais con esa posta en marcha das EOXI conseguiron parte dos seus obxectivos: a sanidade nestas áreas con hospitais comarcais, como é o caso do Barco, Monforte, Burela ou o Salnés quedou seriamente comprometida por esta perda de capacidade resolutiva. A creación das EOXI condicionou tamén de xeito negativo o desenvolvemento da atención primaria: desapareceron as xerencias, perdeu autonomía no desenvolvemento dos seus proxectos, e isto logo concretouse na redución moi drástica de orzamentos para a atención primaria, incluso por encima da media —xa moi elevada— da sanidade pública galega en xeral. E, lonxe de facer o que necesita a atención primaria, que é impulso para mellorar a súa calidade como auténtica porta de entrada ao sistema, o que fixo é deixala nunha situación de auténtica emerxencia.

Con esta modificación que pretende aprobar o Partido Popular, esta situación vai agravarse aínda máis, de xeito que os hospitais comarcais e a atención primaria pasan a ser meros apéndices dos grandes hospitais, cunha máis que evidente perda de autonomía, de servizos, de capacidade de decisión e de dirección.

Supón tamén este anteproxecto —que non teño a máis mínima dúbida de que o Partido Popular pretenderá convertelo en lei canto antes— unha involución democrática de moito calado. En primeiro lugar, porque deixa partes moi transcendentais da norma, da lei, para unha aprobación por decreto posterior; é dicir, unilateralmente por parte da Xunta de Galiza. Dende logo, iso non é practicar moito a democracia.

En segundo termo, pola redución drástica da participación cidadá: elimina os catro consellos de saúde das áreas que desaparecen, reduce as súas competencias, deixa só en mans da Xunta a decisión de quen as compón. Se na actual lei se establece dun xeito pormenorizado quen

forma parte dos consellos de saúde, cales son as súas competencias e como se van desenvolver, resulta que neste anteproxecto todo iso queda para un posterior desenvolvemento normativo. É dicir, queda para que sexa o Partido Popular quen decida como, quen, onde e de que xeito. Polo tanto, un recorte alarmante dos mecanismos de participación social, que quedan totalmente amordazados.

A composición do Consello Galego de Saúde, como dos consellos de saúde de áreas, deixan de estar recollidos na lei, será a Xunta a que decida por decreto. E ademais déixaos reducidos practicamente a meros elementos consultivos; a capacidade de emitir informes, a obrigación de facerlle chegar as propostas en materia de saúde para a súa avaliación e emisión de informes, quedan totalmente laminadas neste anteproxecto.

Lamentablemente, o Partido Popular, a pesar de estar contemplada na lei a creación e convocatoria deses consellos de saúde, en dúas lexislaturas non os levou a cabo. Evidentemente, non tiña ningunha intención. O BNG pediu e trouxo iniciativas a este Parlamento en varias ocasións demandando tanto a súa constitución como a convocatoria, para que puideran dicir o que pensaban a respecto de todas as medidas en materia de sanidade que estaba implementando o Partido Popular, mais negouse en redondo a que isto fora así. Agora vemos por que. Porque o seu obxectivo era laminalos, facer que desapareceran e que só tiveran unha mera función decorativa, ¡mera función decorativa! Expulsan á sociedade de poder ter nada que dicir en canto á deterioración da sanidade pública que está a facer o Partido Popular.

Esta modificación vai na dirección contraria á dun modelo sanitario de calidade, cercano á poboación, comunitario, participativo, orientado á prevención. É a continuación da folla de ruta do Partido Popular de desmantelamento da sanidade pública galega. Decía o señor Feijóo pola mañá que isto era elevar a lei o que xa é unha realidade. ¡Non!, isto é elevar a lei a folla de ruta do Partido Popular de amordazar a sanidade pública e de converter a sanidade pública, un servizo esencial, en nicho de negocio para os amiguetes, as empresas amigas, e o que é peor, para as multinacionais ao servizo dos seus propios intereses. Ese é o auténtico obxectivo: converter e darlle rango de lei a esa folla de ruta do Partido Popular.

Polo tanto, hoxe o BNG trae aquí unha proposición non de lei...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

A señora PRADO CORES: ...onde demandamos que se vaia por un outro camiño totalmente diferente.

Primeiro, que se retire este anteproxecto de lei; que se manteñan as áreas sanitarias establecidas na Lei de saúde do ano 2008; devolver as xerencias aos hospitais comarcais e á atención primaria e posta en valor dos hospitais comarcais; dotar os centros comarcais de persoal, material e tecnoloxía para que poidan dar unha asistencia sanitaria de calidade; recuperación desas xerencias; poñer en marcha un plan de mellora da atención primaria; mantemento dos consellos de saúde: que se manteñan, que se constitúan e que se convoquen. Esa é a folla de ruta que, dende logo, un partido que quixera velar pola sanidade pública en Galiza debería de ter, e non este anteproxecto de lei.

Agardando o voto favorable das organizacións políticas, nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Hoxe xa levamos un pouco de debate sobre o anteproxecto de reforma da lei de saúde. Temos agora esta oportunidade e teremos unha interpelación que presentamos despois para profundar no asunto.

Presentamos unha PNL os socialistas no mesmo sentido, polo tanto, imos apoiar esta PNL do Bloque Nacionalista Galego. Cremos basicamente, compartimos a esencia fundamental, que é preciso retirar o Anteproxecto de reforma da lei de saúde. E facémolo dende o convencemento de defender a sanidade pública dende os principios máis básicos do noso modelo sanitario.

Dígoo porque hoxe escoitei á mañá presumir ao presidente Núñez Feijóo de ser practicamente o Partido Popular o que defendeu e case implantou a sanidade pública. Cabe lembrar-lle, porque ás veces a memoria é moi selectiva —ás veces por non querer e ás veces por non saber—, que a sanidade pública en Galicia vén implantada grazas a que existía ou se estaba implantando en España. Que a sanidade pública en España implantouse grazas a unha lei, que é a Ley general de sanidad, do ano 1986. Ninguén debe poder apropiarse dunha lei, basicamente a cidadanía que a apoia e a cidadanía que a defende e que implanta cambios apoiando a aqueles gobernos, como no ano 1986, que transformou a sanidade na sanidade pública deste país. Pero de vez en cando a memoria é moi selectiva.

Vostedes, señores do PP, o que fixeron coa sanidade pública, coa Ley general de 1986, que en todo o mundo, menos vostedes, recoñecen como a gran ferramenta da sanidade deste país, e que, se ten un nome, é Ernest Lluch, foi votar en contra. Quero que llo recorden, que llo recorden ao señor Feijóo, e que se algún de vostedes se acorda, vostedes votaron en contra da sanidade pública deste país. Dígoo para que non fagan discursos como o señor Feijóo, de que a sanidade é grazas ao PP. Se algo funciona na sanidade deste país, é grazas aos profesionais e a pesar de vostedes.

Este anteproxecto o que trae son varios problemas, fundamentalmente dous. Poderíamos ter case un pleno extraordinario para debatelo, pero fundamentalmente dous: de participación e de organización sanitaria. E resólvense moi fácil: a participación vai ser por decreto e a organización sanitaria vai ser por decreto. Poderían subsumilo todo nunha única frase, traer incluso unha PNL aquí —desas que despois ás veces cumpren e ás veces non—, e dicir que a sanidade se vai facer por decreto, que é un modelo que vostedes teñen, que eu, dende

a miña convicción democrática, defendo o seu dereito a expresalo, respéctoo incluso, aínda que non o comparta en absoluto, pero que combatarei.

Os socialistas combateremos ese modelo de sanidade por decreto, porque a sanidade por decreto —normalmente da dereita— é sanidade do que eu quero para quen eu quero, e para quen non quero, xa vamos vendo. Ese é o modelo sanitario do Partido Popular.

¿Que vai ocorrer? Eu creo que é importante ir ao cambio legal. Por exemplo, por coller un exemplo: participación. Consello Galego de Saúde. Artigo 23.4 da Lei do 2008. Fálase do dereito á información, a que os consellos galegos de saúde, que teñen participación de órganos distintos, teñen dereito á información sobre a planificación e decisións sanitarias. Dereito á información. Parece un concepto deses que todos compartimos. ¿Que pasa no anteproxecto? Desaparece, non existe o punto 4. Non é que se modifique, non existe. Polo tanto, cando se suprime o dereito á información, cando se suprime do punto 3 unha única palabra: avaliación... ¡Curioso! Non é unha errata de Word, desaparecen intencionadamente.

¿Que vai ocorrer? Que se van anular e se van esconder decisións, vaise anular esa participación. Vanse concentrar servizos non porque esteamos reflectindo unha realidade; a realidade vaise transformando conforme ao modelo normativo. As EOXI modificaron a realidade impostamente e agora quérese transformar. Isto é como quitarlle unha pelota a un neno ou a unha nena e dicir que non xoga ao fútbol porque non lle gusta. ¡Non xoga ao fútbol porque non ten pelota! Pois agora estamos obrigados a traballar sanitariamente en función dos hospitais grandes porque así foi a modificación do 2010 ao 2011. Non me digan que agora están modificando a norma para transformala en función da realidade. Vostedes transformaron a realidade e agora queren xustificar esa realidade en función da norma. A ver se entendemos que as normas transforman a realidade, e non me veñan xustificar que é ao revés.

Polo tanto, cremos que a concentración sanitaria evidencia a perda de servizos. Miren, vostedes falaban do exemplo do Salnés, o señor presidente. Eu son de Vilagarcía, eu teño servizo de cardioloxía unha tarde á semana, algunhas semanas dúas, pero os meus veciños de Cambados, da miña área sanitaria, teñen que ir a outro hospital ¿Por que? Porque non hai máis dun día, ás veces dous, cardiólogo no hospital do Salnés. Ese é o meu servizo. Xa non hai servizo de psiquiatría, que antes había. Pero é que por non haber non hai nin Xerencia. ¿Como me poden dicir que non se perderon servizos nun hospital cando non hai nin xerente? ¿Por que? Porque ninguén quere estar á fronte do hospital do Salnés porque saben que é unha xerencia impostada.

Claro, vostedes me falan dun investimento na zona de urxencias, é certo, e non me recordan que estiveron cinco ou seis anos prometendo un millón de euros. Algunha deputada do Partido Popular prometía un millón de euros, ¡un millón de euros!, todos os anos. Debeu pensar que eran 5 millóns. Non, era o mesmo todos os anos porque non se facía nada.

Quero lembrarlles que a Área Sanitaria do Salnés foi incluso apoiada por un deputado do Partido Popular, en contra do criterio do Partido Popular, que se sumou á iniciativa lexislativa popular para pedir a área sanitaria. E vostedes responderon coa mesma arma que teñen sempre: apartárono e fixérono apartarse da política. Foi deputado, foi candidato en Vilagar-

cía, e apartárono da política por defender a área sanitaria. Esa —que lle gustaba moito ao señor Pazos falar da omertá— é a lei do silencio; apoiou algo que non lle gustaba e apartárono. O señor Garrido era.

Vostedes, que definen Galicia cun *Google maps*, non saben canto se tarda en chegar do Courel..., canto se tarda en chegar dende Xove a Lugo, canto se tarda en chegar dende A Mezquita a Ourense. Dúas horas, o mesmo tempo que chegar de aquí ao Porto, e logo volver. Vai ter que facelo moita xente para moitos servizos sanitarios. ¡E din que isto é acercar o servizo sanitario á cidadanía!...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Señores do Partido Popular, defendemos un servizo sanitario acorde, que non haxa sanidade de primeira e de segunda, que non se facilite que a xente, por non ter servizos, acuda á sanidade privada, que se cadra hai algo diso nesta intención.

Pedímolos nós aquí, pedímolos aos cidadáns. Case son as 12 do mediodía, hai concentracións nos hospitais, nos centros de saúde —se defenden a sanidade pública deberan saber iso—.

Polo tanto, pedímosllo todo o mundo: retiren o Anteproxecto de lei de reforma da Lei de saúde, por favor. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

O noso grupo, obviamente, tamén vai apoiar esta proposición non de lei, e, efectivamente, teremos ocasión pola tarde para escoitar que di o conselleiro de Sanidade.

Está claro que o PP volta empregar os meses de verán para practicar outra retallada na sanidade pública. Sucedeu, efectivamente, como se dixo aquí hai catro anos xa, coa Lei de garantías de prestacións sanitarias. Lembro o verán de 2013, combatendo e preparando as propostas de oposición a esta lei. E voltamos outra vez máis, voltan unha vez máis, como fan as serpes, sen facer ruído; pero as serpes soamente traban os descalzos, e os descalzos aquí son as usuarias e os usuarios da sanidade pública e as áreas sanitarias das comarcas. Non sabemos que problema ten o Partido Popular coas comarcas do rural, por que ten tanto problema co rural e continúa retirando servizos e dereitos sanitarios.

Suprímense catro áreas sanitarias, 4, non 1: O Barco, A Mariña, Monforte e O Salnés. É un chanzo máis —trasladaba o señor Feijóo que era a normalidade— despois de eliminalas xa como áreas de xestión. E por moito que se gabe o señor Feijóo, os resultados non son bos, os resultados non son positivos. Por moito que insista o Goberno en que agora hai máis especialistas nos centros a realidade non nos di iso.

O señor Feijóo, o presidente do Goberno, trasladaba que son agora os especialistas os que deciden voluntariamente se van prestar servizos aos hospitais comarcais. ¡Vamos! ¡É absolutamente increíble! Ou sexa, que son os especialistas os que deciden os servizos, pero son os servizos os que non teñen especialistas, ou o que é o mesmo, o Goberno non fai e non deixa facer e tampouco xestiona os servizos sanitarios que os cidadáns puxeron nas súas mans. Deixa e traslada aos profesionais a responsabilidade. ¡É absolutamente increíble!

A realidade é que nestas catro áreas se perdeu actividade investigadora, que desapareceu a formación, que os servizos de xestión dos propios centros, o mantemento, a informática funciona peor, que se incrementou a burocracia, que dependen dos hospitais grandes, que se perderon servizos de neuroloxía, de radioloxía, de laboratorio, de cardioloxía..., en cada centro uns servizos diferentes. E o que é peor, a perda de xestión tamén fixo mella, evidentemente, na atención primaria, que xa perdera previamente as xerencias de atención primaria.

Que o PP condena ao abandono a atención primaria é sempre, e vémoste nos debates orzamentarios. É a que peor parte leva dos recortes do Goberno. Cada vez menos recursos, cada vez menos capacidade de xestión e imposibilidade de investigar, que si, tamén é relevante en atención primaria.

É así, sen ningún tipo de participación, porque, como xa se dixo, o anteproxecto foi publicado cando o Goberno estaba sentado cos sindicatos e non antes, non houbo tempo a revisalo, nin unhas horas. Non debe faltar á verdade un presidente do Goberno como o fai.

Pois así, entregando ao mesmo tempo que se falaba o anteproxecto, resulta francamente irresponsable suprimir as áreas sanitarias. Cando se concentraron as EOXI, xa o Partido Popular nos mentiu, xustificouno na redución dos altos cargos. ¿E que di o Consello de Contas? O Consello de Contas di que entre o ano 2012 —cando se reduciron as xerencias de área— e o 2015 o gasto en altos cargos no Servizo Galego de Saúde se incrementou un 9,1 %. ¡Era todo mentira! Utilizaron unha falacia para reducir, precisamente, esas xerencias, e agora utilizan outra falacia dicindo que van proporcionar mellores servizos e unha mellor xestión, eliminando áreas sanitarias.

Non funcionou, señores do Partido Popular, coas xerencias, non funcionou tampouco en Madrid e non vai funcionar agora. Ademais, como xa se trasladou aquí, é un anteproxecto que recorta tamén a participación cidadá. Non lle gusta ao Partido Popular a participación, non lle gusta que os cidadáns opinen, non lle gustou cando na pasada lexislatura propuxemos modificar o Regulamento para que viñesen os cidadáns comparecer á Cámara, non lle gustou cando nesta lexislatura propuxemos que o Goberno viñese comparecer para dar conta das iniciativas que aquí se aproban, e agora tamén recortan o Consello Galego de Saúde. Eliminan —porque se vai regular por decreto— aparentemente a presenza dos cidadáns, a capacidade de acceder á información, pero, iso si, introducen, evidentemente, a representación dos intereses económicos. Iso si, claro que si, as empresas sempre teñen que estar trasladando as súas necesidades no deseño da política sanitaria.

En resumo —e remato xa—, co Partido Popular, máis Feijóo, menos democracia participativa e menos dereitos sanitarios. Nós tamén lle pregamos —e imos facelo pola tarde— que retiren este anteproxecto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Señor Torrado, fala vostede de omertá e de represalias. Eu creo que debería vostede de preguntarlles aos antigos deputados e deputadas do seu grupo na pasada lexislatura o que pasou en Madrid co seu partido despois das primarias. Pregunte, que probablemente de omertá e de represalias saben bastante máis ca vostede.

Ben, sorprende no Grupo Popular a virulencia con que se acolleu por parte da oposición e sindicatos a presentación dun borrador de anteproxecto que nin sequera foi ao Consello da Xunta, do que faltan os informes e do que se ofreceu o dobre do período de alegacións do que marca a Lei de transparencia.

Parece ser que este verán as serpes habituais —os lumes, os colapsos, os peches de camas— foron ben e que os problemas de Galicia deixaron de ser o paro, a situación económica ou a pobreza. Os problemas deste verán en Galicia foron a modificación da lei e o pazo de Meirás.

Fálase de escurantismo. No mes de agosto, efectivamente, hai vacacións, hai vacacións en xullo, hai vacacións en setembro, hai vacacións no Nadal, hai vacacións en Semana Santa. Non sei se pretenden que o Portal de transparencia peche a metade do ano e abra a outra metade.

Miren, señorías, o Partido Popular, gobernando con maioría absoluta na VI lexislatura, cun apoio popular do 52 %, aprobou unha lei, que era a Losga, no ano 2003. Vostedes na seguinte lexislatura derrogaron a lei, aprobando a Lei de saúde do ano 2008. Esa lei foi rexeitada polo Partido Popular; presentou emenda á totalidade, presentou numerosas emendas parciais, e non apoiou a lei. Nembargantes, o noso partido recupera o poder no ano 2009 e non bota ao lixo a súa lei, mantena case dez anos, e agora pretende modificala para axustala á situación real da sanidade galega e ás modificacións lexislativas que se produciron nestes anos.

Vostedes negan a lexitimidade deste goberno e deste grupo parlamentario para proceder á modificación desa lei. No ano 2008 o Partido Popular presentou unha emenda que foi rexeitada, instando á división territorial, como aparece agora no novo borrador. Dician os seus voceiros naquel debate que a Losga, a Lei do Partido Popular, transmitía á cidadanía que o sistema público de saúde non era sostible, e vista a situación da economía e da sanidade pública galega que deixaron parece que o Partido Popular non estaba moi equivocado. De non ser polas medidas de eficiencia e sostibilidade tomadas polos gobernos de Feijóo —dende

logo, en ningún caso apoiadas por vostedes — non sei en que situación sanitaria nos atopamos neste momento.

Cualificaban vostedes a súa lei de «faro e de fermosa», esquecendo a situación da sanidade pública galega neses anos. Había folgas, desmotivación profesional, listas de espera, había máis concertos con centros privados que neste momento, había ata problemas coa subministración de sangue. Nada, comparado coa situación económica que deixaron e que se agravou coa crise dos anos posteriores.

Cando o voceiro daquela do Partido Popular relataba esta situación, vostedes respondían dicindo: «Sempre o mesmo, sempre a mesma teima que vostede ten, que o único que pretende é alarmar, e é, obsesivamente, ir en contra da Consellería e desta conselleira. A nós» — dicían — «iso non nos parece nada lícito nin rigoroso.»

Nestes anos que levo como parlamentario galego teño visto e escoitado o que vostedes lle contaron á poboación galega dende esta tribuna ou na propia rúa. Dixeron e contáronlles aos cidadáns nalgún momento que o decreto das EOXI ía deixar as comarcas galegas sen os seus hospitais, que non ocorreu; dixeron que se ía cobrar por servizos asistenciais, consultas, ingresos, e non era certo; dixéronlles que o hospital Álvaro Cunqueiro era privado, pequeno e que habería que pagar ata por utilizar as cadeiras de brazos nas habitacións, e resultou falso.

Aquela manifestación inicial de Vigo, certamente multitudinaria, foi o ano seguinte a dun grupo de amigos, cunha participación mínima en canto a xente coñeceu ou utilizou o novo hospital. E a grande asistencia cara ás manifestacións do Salnés e de Monforte do ano 2010 é o que lle fai dubidar agora de volver convocar estas manifestacións, porque creo que pensan que a participación non se vai parecer en nada á que houbo daquela. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Xa non teñen credibilidade entre os veciños e veciñas desas localidades, e vostedes sábeno. Nas concentracións destes días diante dos hospitais comarcais, que segundo as fotos de prensa non parecían moi numerosas, había case máis caras coñecidas deste Parlamento que cidadáns teoricamente afectados.

Lendo o texto do borrador, gustárame saber onde encontran vostedes referencias aos recortes, á privatización ou á diminución dos servizos dos hospitais.

Supoño que na privatización referiranse vostedes á creación da Axencia Pública do Coñecemento, ACIS, axencia pública, igual que Facenda. Na súa lei crearon vostedes, ou regularon, a creación do Instituto Galego de Investigación Sanitaria, que en ningún caso dicía na lei se era público ou era privado.

En resumo, señorías, dende este grupo apoiamos a modificación da Lei de saúde. Pódense —e estamos seguros de que así será— incorporar alegacións das presentadas neste pasado mes. Pensamos que os grupos da oposición queren furtar o debate parlamentario, o debate en ponencia, en comisión e en pleno. Houbo reunións xa con autoridades políticas, colexios

e asociacións. Afirmamos que esta lei é beneficiosa para os cidadáns e que se sitúa as persoas no centro do sistema, por diante doutros intereses de servizos, profesionais, políticos ou sindicais. Blíndase a existencia dos hospitais comarcais coa creación dos distritos asociados a esas infraestruturas, e dáse cobertura legal ao desprazamento de especialistas entre hospitais. Dende logo, aquí non se fala para nada de Verín, Cee e Ribeira, que pasan a ter distrito propio, e a esas vilas non van vostedes manifestarse.

Tampouco se fala doutros beneficios para a sociedade que contempla a modificación, como o recoñecemento por lei do Consello Asesor de Pacientes, a creación da Comisión Interdepartamental de Educación e Sanidade, os itinerarios profesionais ou o recoñecemento da autoridade sanitaria dos inspectores de saúde pública.

Por todo iso non imos apoiar a súa iniciativa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

A señora PRADO CORES: O Partido Popular, como é habitual, grazas aos altofalantes dos que dispón, pretende impoñer un relato fraudulento, lévao facendo a respecto de cuestións sanitarias lexislatura tras lexislatura; un debate fraudulento onde a máxima é que isto vai ser *jauja* e que todas as accións que leva a cabo este anteproxecto só son para mellorar a situación. Mais a realidade é que isto non é así.

O primeiro relato falso é que o paciente vai ser o gran beneficiado. Vendeu o señor Feixóo pola mañá e acaba de facelo cunha modificación aí o deputado do Partido Popular, o señor Núñez Centeno, que isto vai ser mellor para os doentes porque vai permitir o desprazamento dos profesionais. O señor Feixóo dixo «voluntariamente». Encargouse de acentuar o tema de voluntariamente, e vostede acaba de falar de «darlle cobertura legal». Se é voluntariamente, pois non sei eu se esas dúas cousas son compatibles. ¿E por que fan fincapé no de voluntariamente?, porque, se é voluntario, ¿por que non é posible agora sen ningunha modificación? ¿Que lles impide que eses especialistas poidan ir voluntariamente a un hospital ou a outro se é cuestión de voluntariedade? Primeira falta de verdade. E a cuestión é que poñen o de «voluntariamente» porque non vaia ser que eses profesionais aos que vostedes intentan venderlles as bondades deste anteproxecto se levanten en armas. Porque voluntariamente tamén se pode traducir ou ler como mobilidade obrigatoria, ¿verdade, señor Núñez Centeno? Entón, vostedes están xogando aí no gume da navalla con estas cuestións.

Tampouco é certo ese relato que queren impoñer de que vai haber máis e mellores servizos sanitarios nos hospitais comarcais, ese relato que pretenden vostedes agochar detrás de aí, dunha retahíla de cuestións que teñen nos hospitais comarcais, mais a realidade é que iso non se compadece coa realidade de hoxe en día.

Eu pertenzo á Área Sanitaria do Salnés e empracei o anterior voceiro en sanidade, actual presidente deste Parlamento, a que se non había ningún tipo de problema nin de discriminación nin de diferenza entre estar adscrito a unha área sanitaria cun hospital comarcal,

como é o do Salnés, ou estar adscrito a unha área sanitaria cun gran hospital, a que faga o exercicio de trasladarse para esas áreas sanitarias e recibir a prestación nesas áreas sanitarias a ver se queda tan tranquilo.

Entón, en concreto, como exemplo, Área Sanitaria do Salnés: cardioloxía, desprazamento durante unhas poucas horas á semana dun cardiólogo só para atender a poboación de Vilagarcía e Vilanova; o resto da poboación de Cambados, de Catoira, de Meaño e de tal non é atendida por un cardiólogo. Perda de neuropediatría. Había unha profesional, perdeuse. Neuroloxía, tamén, tres días á semana só para os doentes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...de Vilagarcía e de Vilanova. Podía facerlle unha enumeración pormenorizada de todos os servizos que se perderon no Hospital do Salnés. Co cal, vostedes menten sistematicamente para intentar impoñer o seu relato.

A realidade é que cada vez hai unha percepción da poboación galega dunha sanidade pública peor. Demandan unha sanidade pública en condicións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e moitísimo mellor, e a realidade é que este anteproxecto de lei que vostedes van converter en proxecto en canto lles dea a gana o que fai é profundar na súa folla de ruta, que é poñer a sanidade pública...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...ao servizo da sanidade privada. E aos feitos me remito da última reunión da sanidade privada, onde Núñez Feixóo estivo alí presente, supoño que para dicirlles que non hai ningún problema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre as medidas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Xustiza para mellorar a organización xudicial

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse emendas por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres; do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa da señora Vilán Lorenzo, e do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do señor Villares Naveira.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. Emenda de substitución.

Propónse substituír o punto 1 polo seguinte texto:

«1.- Apoiar, como proposta de mínimos, a demanda de novos xulgados e prazas de maxistrados/as formulada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. E estudar outras demandas como a dun novo xulgado do social en Lugo e a creación de xulgados especializados en violencia de xénero.»

Emenda de adición.

Propónse engadir dous novos puntos co seguinte texto:

«3) realizar unha auditoría exterior e independente sobre a implantación da administración dixital na Xustiza, con especial atención aos problemas xerados polas plataformas informáticas.

4) solicitar ao Ministerio de Xustiza o incremento das partidas orzamentarias para substitucións de persoal por baixas ou vacacións, ou no seu defecto autorizar a utilización de créditos da seguinte anualidade.»

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º) Demandar do Goberno do Estado a creación, antes de que remate decembro de 2017, do número de órganos xurisdicionais necesarios para Galicia para 2018, é dicir, cando menos, un maxistrado na Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza, tres xulgados de Primeira Instancia (en Ourense, A Coruña e Vilagarcía de Arousa), tres xulgados do Social (na Coruña, Vigo e Santiago), un xulgado de Familia en Vigo, un xulgado do Mercantil en Ourense, e tres maxistrados nas audiencias provinciais (de Pontevedra —para a sección de Vigo—, Lugo e A Coruña).

2º) Asumir, apoiar e dotar de medios persoais e materiais a todos os órganos xurisdicionais que o Ministerio de Xustiza asigne para Galicia.»

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu voceiro Luis Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir ao final da parte resolutiva o seguinte texto:

«-Solicitar do Ministerio de Xustiza a creación de polo menos 8 xulgados novos correspondentes a Galicia.

-Adoptar todas as medidas para o restablecemento do sistema dos LEXNET.

-Dotar de máis recursos persoais e materiais aos xulgados para a contratación de xuízas substitutas e demais persoal.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, presentamos hoxe unha iniciativa co fin de impulsar un servizo público esencial e fundamental como é a Administración de xustiza; un servizo polo que tamén vemos como o Goberno da Xunta de Galicia ten non só preocupación, senón tamén ocupación, xa que todos os anos observamos un incremento no orzamento da Xunta para a dotación de medios materiais, persoais e tecnolóxicos da Administración de xustiza, que son as competencias que ten a Xunta de Galicia.

Vemos como houbo investimentos importantes en novas tecnoloxías, dotando de sistemas de videoconferencia todos os xulgados de Galicia e de sistemas de dúbres visores, que se están implantando tamén para facilitar a implantación da nova oficina xudicial. Tamén vemos como están reformando algunhas infraestruturas xudiciais e como se crearon novas infraestruturas xudiciais en plena crise económica. Como exemplos temos os novos edificios xudiciais en Santiago, en Ourense, as reformas dos xulgados de Ferrol, da rúa Monforte, da Coruña, a remodelación da Fábrica de Armas ou as infraestruturas xudiciais de Pontevedra e Vigo.

Ademais de implantar as novas tecnoloxías e de remodelar e de facer novas infraestruturas xudiciais, é importante dotalas de unidades xudiciais, dotalas de maxistrados e maxistradas, pero este marco competencial non corresponde á Xunta de Galicia, senón que corresponde ao Goberno central. E aí a creación de novos xulgados está suxeita a que haxa un orzamento axeitado e un orzamento que as cubra no Estado. De aí a importancia de que teñamos orzamento no Estado, que o ano pasado non houbo, e a pesar de estar saíndo da crise e de que posiblemente Galicia puidera ter algunha unidade xudicial máis, non foi posible porque non estaba respaldada polo orzamento do Estado.

Pois ben, en función do número de unidades que se contemplan nos ditos orzamentos, o Ministerio de Xustiza comunica ás comunidades autónomas a distribución territorial desas novas unidades en función de criterios obxectivos, como é a cantidade de asuntos que teñen, a entrada nos órganos xudiciais en funcionamento e os módulos de carga de traballo aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial para que as comunidades autónomas informen se están en disposición de asumir a posta en funcionamento desas novas oficinas xudiciais que lles outorga o Ministerio de Xustiza, porque, como ben saben, os medios persoais, materiais e tecnolóxicos que leva aparellada a creación de novos xulgados corresponde á Comunidade Autónoma, neste caso, á Xunta de Galicia.

Pois ben, en todas as ocasións que o Goberno central creou unidades xudiciais novas, o Goberno da Xunta manifestou a súa dispoñibilidade para afrontar o custo da posta en marcha de novas unidades xudiciais, de calquera número de novas unidades xudiciais que lle sexan asignadas a Galicia. E así pasou no ano 2010, en plena crise económica, que foi o último ano en que se crearon novas unidades xudiciais. Galicia tiña solicitadas 11 e concedéronse esas 11, pero houbo comunidades autónomas que rexeitaron as unidades xudiciais que se lles outorgaban. ¿Por que? Porque non estaban en condicións de afrontar os custos que esas novas unidades xudiciais lle conlevaban á Comunidade Autónoma. E Galicia, que estaba xestionando ben, tiña recursos para poder facer fronte a esas novas unidades xudiciais. E, ademais das 11 que lle outorgou o Ministerio, asumiu 2 máis, porque renunciaron outras comunidades autónomas, e iso fixo posible que tiveramos un novo xulgado do Social, o número 4 de Pontevedra, e o Xulgado de Instancia 13 da Coruña. Foron unidades xudiciais que se crearon porque renunciaron outras comunidades e Galicia si estaba en condicións de facelo.

Pois ben, nós hoxe pedimos que o Goberno central canto antes nos diga cantas unidades xudiciais nos vai dar. As unidades xudiciais, como vostedes saben, consénsúanse na Comisión Mixta, que está formada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e mais a Xunta de Galicia, e o Tribunal Superior de Xustiza utiliza criterios obxectivos de carga de traballo que lle piden os maxistrados e demais; pero a Xunta, ademais deses criterios, tamén aporta necesidades dos concellos. Os alcaldes tamén lle piden á Xunta de Galicia esa creación de unidades xudiciais. Por tanto, cremos que é importante que se sigan consensuando as unidades na comisión mixta e que non só se pidan as unidades que plantexa o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, porque en calquera caso son menos das que se piden cando se consensúan entre o Goberno e o Tribunal Superior de Xustiza.

Dende finais do 2009 o Goberno da Xunta de Galicia impulsou a creación de 20 novos xulgados, que equivalían á practica totalidade dos órganos de necesaria creación que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tiña na súa memoria, e logo algunhas non foron creadas porque desaparecieron desa memoria, porque coa modificación da Lei de axuízamento criminal do ano 2015, retirando case o 30 % de asuntos dos xulgados por ter autor descoñecido, houbo unidades xudiciais que se pretendían crear que non foron creadas porque non había esa necesidade.

Para este ano 2017 o Ministerio fixou en 4 o número de xulgados de nova creación asignados a Galicia. Logo de consensualo co Tribunal Superior de Xustiza, consideráronse prioritarios nas cidades da Coruña, Ourense, Vigo e Ferrol. Xa ten manifestado o vicepresidente da Xunta que non son suficientes, que Galicia precisa máis unidades xudiciais, e nós concordamos co Goberno da Xunta de Galicia en que necesitamos máis necesidades xudiciais, por iso o Grupo Parlamentario Popular apoiará a solicitude desas novas unidades xudiciais, que son máis das que nos dá o Ministerio. Por iso pretendemos que canto antes nos diga cales son as que nos asigna para 2018, ese é un obxectivo da nosa iniciativa, e ademais que a Xunta asuma unha vez máis ese compromiso de apoiar e de dotar economicamente todas esas unidades, e a maiores, se nos dan algunha máis, tamén.

Nós cremos que no ano 2018, a pesar de que sabemos que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fala de oito unidades xudiciais —e algunha das emendas presentadas polos

grupos van nesa liña—, esa debe ser unha proposta de mínimos; é dicir, non podemos pedir só oito, temos que pedir as que precisamos, e probablemente precisamos máis que esas oito.

Somos conscientes de que a Xunta está traballando, está intentando facer actuacións que conduzan a obter esas novas unidades xudiciais, e cremos importante que dende o Parlamento de Galicia poidamos enviar unha mensaxe ao Goberno central de unidade de todos os grupos dicindo que apoiamos esas demandas do Goberno da Xunta e que todo o Parlamento, todos os grupos políticos, todas as forzas políticas, coincidimos nesa necesidade. Por iso, señorías, respecto das súas emendas, eu presenteí, faciliteilles, fíxenlles chegar unha proposta de transacción, porque creo que, ademais das unidades xudiciais, hai aportacións en materia de novas tecnoloxías do Programa LexNET —que está fallando e demais— que creo que son interesantes e creo que podemos chegar a un acordo en materia de xustiza. É un servizo público fundamental e esencial, e se hoxe conseguimos entre todos os grupos sacar adiante un acordo unánime en materia de xustiza, creo que é unha mensaxe moi importante de cara a conseguir esas unidades xudiciais que precisamos, pero tamén outras cuestións de cara á implantación da nova oficina xudicial coas novas tecnoloxías e, sobre todo, que funcionen eses sistemas, como é o caso do LexNET.

Agardo as súas consideracións e no seguinte turno falaremos, logo, das emendas e da proposta de transacción.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Esta moción poderíamos dicir que é unha moción de autocrítica, e non vén mal de vez en cando a autocrítica mesmo no Partido Popular; agradécese.

É unha moción autocrítica porque pon precisamente o foco nas carencias da Administración de xustiza, que levan a que teña unha imaxe certamente negativa, de lentitude, de excesiva burocracia, de afastamento da sociedade, ao que se incrementa, ademais, todo o relacionado cos problemas que está habendo coa implantación da administración dixital na xustiza ou os problemas tamén que hai nos equipamentos, os problemas de espazos, etc.

O BNG, desde logo, o que defende é que Galiza teña poder político para organizar a Administración de xustiza conforme os seus intereses, sen ter que pedirlle permiso a Madrid; iso é o que nós propoñemos. De todas maneiras, como esa situación aínda non se dá, imos apoiar, desde logo, que se reclamen todos os xulgados, todos os medios, que se tomen todas as medidas para cambiar esa imaxe, esa descrición que fixemos da imaxe que ten a xustiza nestes momentos no noso país.

E claro, como xa dixo a portavoz do Partido Popular, o mesmo vicepresidente da Xunta xa fixo un recoñecemento explícito de que eses novos xulgados, esas novas unidades xudiciais que se anunciaron, son claramente insuficientes porque, ademais —xa o dixo el tamén—, levamos sete anos sen crear ningún xulgado novo en Galiza.

A realidade é que a proposta que formulou o Partido Popular na súa proposición non de lei podemos dicir que é escasa ou raquítica. Vostedes falan de que canto antes o Ministerio de Xustiza nos comunique o número de xulgados que lle corresponden a Galiza. Nós non queremos que nolo comuniquen; nós queremos, en todo caso, demandar, reclamar, propoñer, exixir, pedir o que é xusto, o que necesita o país, para ter unha xustiza máis áxil e máis eficaz, e despois poñer os medios necesarios. Aínda así, temos que recoñecer, señora Prado, como dicía un compañeiro meu, que *lo valiente no quita lo cortés*. Recoñecemos a vontade de consenso, o esforzo que se está facendo por chegar a un acordo neste tema e agardemos que sexa así. De todas maneiras, nós imos incidir e insistir nas propostas que facemos nas nosas emendas e, efectivamente, nós falamos de partir como mínimo da proposta realizada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, pero non compartimos exactamente a proposta da súa transacción no sentido de que sexa a proposta acordado o consenso entre a Xunta de Galiza e o Tribunal Superior de Xustiza, porque desde aquí os grupos parlamentarios están facendo outras propostas que eu creo que deberían de ser tidas en conta.

En todo caso, parécenos como proposta de mínimos válida a que fixo o Tribunal Superior de Xustiza, e nós, a maiores, insistimos noutras demandas que nos parecen razoables e xustas, como por exemplo a do novo Xulgado do Social en Lugo, un xulgado que ten unha enorme carga de traballo que leva, por exemplo, a que haxa atrasos de dous anos en expedientes de prestacións de desemprego, algo que nos parece, desde logo, inconcibible. Ademais, neste caso foi obxecto dun acordo unánime por parte da Comisión 1ª no mes de xaneiro. Polo tanto, parécenos lóxico que tamén defendamos isto ou, desde logo, o incremento dos xulgados de violencia de xénero, que ten que ser parte desa resposta contundente que ten que dar a Administración xeral e a Administración de xustiza neste tema para loitar con todos os medios contra este gravísimo problema. E aí hai que superar tamén os criterios excesivamente estritos en canto ás ratios para poder implantar estes novos xulgados.

Tamén nos parece necesario que se habiliten os medios económicos para solucionar as substitucións por vacacións ou baixas. Aquí fanse modificacións orzamentarias para todo o que interesa, pero, curiosamente, para este tema non se fan. Para incrementar o gasto militar hai miles de millóns. Pois nós queremos que se fagan as modificacións orzamentarias co fin de poñer máis medios para a Administración da xustiza, para que non pasen cousas como as que pasaron —gravísimas— no mes de agosto na Coruña, cando, por exemplo, non se cubriu a baixa do xuíz especializado en loita contra a violencia de xénero, contra a violencia machista. Xa o dixo a nosa deputada Noa Presas: o machismo non colle vacacións. Tampouco a Administración de xustiza pode coller vacacións neste tema, e non vale que se acumulen estas tarefas a outros xuíces que non teñen tampouco a especialización necesaria para estas cuestións.

E, por último, tamén facemos unha emenda respecto da necesidade de poñer os medios necesarios para mellorar todo o que ten que ver coa Administración dixital no ámbito da xus-

tiza. Propoñemos neste sentido que se faga unha auditoría exterior e independente para analizar todos os fallos que se están producindo nas plataformas dixitais, caso de LexNET, que estivo de actualidade este verán, e tamén no caso da plataforma Minerva.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: E, en xeral, para que se poñan todos os medios para ter unha xustiza eficaz, unha xustiza áxil, unha xustiza, a fin de contas, xusta.

Agardemos que haxa, polo tanto, ese acordo e que poidamos aprobar esta proposta con todas as achegas que fixeron os grupos da oposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

Eu vou comezar a miña intervención citando unhas verbas dun compañeiro do PSC, de Miguel Iceta, porque como estamos no camiño do consenso en xustiza e Iceta a última vez que veu a Pontevedra dixo: «*Soy de esos que entra en una habitación y ya estoy consensuando.*», pois benvidos ao consenso, señores do Partido Poular, porque en xustiza, na Comisión 1ª, levamos pedindo consenso en multitude de asuntos, non só nos novos órganos xurisdicionais que nos corresponden, senón en multitude de asuntos. Temos falado de persoal, de substitucións, de arquivos, de expurgo, de LexNET, de auditorías, de plataformas dixitais... A semana pasada, hai escasamente cinco días, pediamos unha auditoría externa precisamente para controlar o sistema LexNET e vostedes votaban en contra, e hoxe mesmo, polo visto, teñen o consenso para poder votar a favor.

Benvidos ao consenso, que boa falta nos fai. Non aos que estamos aquí, non aos grupos parlamentarios, senón a todos os profesionais da xustiza, que ben o necesitan.

De todas maneiras, falar na súa iniciativa de que o Goberno galego ten apostado pola xustiza a pesar das dificultades orzamentarias, polo que din os profesionais da xustiza, é un insulto para eles mesmos. Vostede acaba de recoñecer que, efectivamente, nos últimos sete anos non se creou ningunha nova praza para ningún órgano xurisdicional en Galicia, e así o recoñeceu o propio vicepresidente da Xunta. Por certo, eu non o escoitei dicir ata hai escasamente uns días, e polo visto entre 2010 e decembro do 2015 non se necesitaban novos órganos xudiciais. ¡Menos mal que chegou a nova reforma da Lei de axuizamento criminal!, que, por certo, entrou en vigor en decembro do 2015. É dicir, durante seis anos non se creou ningunha, pero parece ser que non era necesaria porque quedaba escasamente un ano ata

hoxe. Dende a reforma da Lei de axuízamento criminal baixaron os asuntos en penal, e entón, polo visto, xa non se necesitaba ningún órgano xurisdiccional máis.

Pois si se necesitan. Tanto se necesitan que ata vostedes teñen que traer aquí unha proposición non de lei porque os profesionais da xustiza llo están a reclamar.

É necesario impulsar infraestruturas xudiciais porque vostedes teñen un plan de 2010 a 2015 que non cumpriron, só Ourense e A Coruña, e xa estamos a finais de 2017. Polo tanto, non se pode avanzar nas infraestruturas xudiciais porque cero máis cero, de momento, segue sendo cero.

Avanzar na axilización e na Administración electrónica cando o 27 de xullo LexNET caeu e foi pirateada ata catro veces, pódese aguantar nun papel, pero é difícil defendelo aquí.

Que nos diga o Ministerio de Xustiza o número de xulgados que lle corresponden a Galicia canto antes, sen pedir a creación de unidades xudiciais concretas e necesarias, é complicado. Porque vostedes din «os que lle correspondan» —os que nos correspondan, polo tanto—, o Ministerio de Xustiza dixo 4, e o Tribunal Superior de Xustiza pide 8. Polo tanto, haberá que concretar cales son necesarias.

E vostedes, polo visto, apostan tamén polo reforzo dos órganos xudiciais nas xurisdicións necesitadas de apoio. Iso di a súa proposición non de lei como obxectivo. Pero é que o Ministerio de Xustiza non está disposto a dar nin un céntimo máis para cubrir as substitucións nos xulgados de Galicia porque, polo visto, xa se esgotou en xuño deste ano. É dicir, se hai unha xuíza... Hai moitas, case o 64 % dos órganos xurisdicionais pequenos en Galicia —que son as xuízas que poden quedar embarazadas— está cuberto por mulleres. Se hai xuízas dese 64 % que entre xuño e decembro quedan embarazadas e piden unha baixa, ninguén vai cubrir as súas substitucións porque o Ministerio de Xustiza decidiu que non se van substituír porque non se lles dá nin un euro máis. Iso quere dicir que non van poder quedar embarazadas ou que eses xulgados van quedar —como o de violencia de xénero da Coruña— sen o seu titular.

O certo é que o orzamento de gastos en actuacións para a Administración de Xustiza para este ano é de máis ou menos 104 millóns de euros, só 12 millóns de euros máis que ese plan de infraestruturas xudiciais entre 2010 e 2015. Esa é a realidade, é a súa realidade.

Necesitamos novos órganos xudiciais cando menos na Sala 1ª do Tribunal Superior de Xustiza; xulgados de primeira instancia en Ourense, en Coruña, en Vilagarcía; de primeira instancia e instrución en Ribeira; do social en Coruña, en Vigo, en Santiago. En Santiago están a esperar unha media de tres anos para ir a xuízo nos xulgados do social. E non falamos de calquera cousa, estamos a falar do emprego das persoas e de todo o que ten que ver coas súas relacións laborais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Vou ir rematando, señor presidente.

Un xulgado de familia en Vigo, do mercantil en Ourense e maxistrados nas audiencias provinciais. Eu estou pensando na sección de Vigo da Audiencia Provincial de Pontevedra, que está atascada precisamente porque non ten un maxistrado que poida axudar aos seus compañeiros. Este é o mundo real.

Nós temos presentada unha emenda, agardamos que sexa aceptada. Agardamos que todos os grupos que estamos aquí aceptemos esa proposta de transacción que vostede nos fixo, así teremos de verdade unha xustiza do século XXI, que é o que piden vostedes na súa proposición non de lei, e non unha xustiza da idade media, que xa sabemos a ideoloxía que tiña e os fins que tiña.

Pero tamén pedimos dende aquí —e remato xa— que cada vez que os grupos da oposición levemos unha iniciativa, unha proposición non de lei, á Comisión 1ª, sexa vostede, señora Prado —que parece que ten máis vontade de consenso que outros dos seus compañeiros—, a que defenda as iniciativas de Xustiza —a propia señora Julia Barreiro— e que nos voten a favor.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En marea, o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Chegamos aquí sorprendidos tamén dese afán de consenso no espazo da xustiza, que celebremos tamén. A pesar de non estar completamente satisfeitos, apoiáremolo porque nos parece un avance. E celebremos que o Partido Popular busque tamén este avance en materia de xustiza.

Hai tres sectores concretos aos que queríamos referirnos, tanto para presentar esta emenda como para apoiar o texto resultante. En primeiro lugar, a loita contra a corrupción no noso país. Ábrense douscentos casos cada ano en Galicia en materia de corrupción, que non se dan pechado, entre outras cousas, polos dislates que ten ou aos que dá lugar unha Administración de xustiza lenta, o cal supón, desde logo, a zozobra da cidadanía, vendo que xente que está sendo investigada por malversar os fondos que son de todos, ou por prevaricar, non acaban cunha pronta sentenza.

Adiviñen a quen pertencen practicamente o 90 % deses casos. Pois, evidentemente, si, ao Partido Popular. Por iso nós denunciámos tantas veces que a xustiza sexa a irmá pobre de todas as administracións que compoñen o entramado institucional.

En segundo lugar, en canto á referencia ao Tribunal Superior de Xustiza, o Tribunal Superior —como xa se comentou aquí— propón un mínimo de 8 unidades xudiciais. Propón concretamente 8 unidades xudiciais fronte ás 4 que ofrece o ministerio. Din vostedes tratar iso como proposta de mínimos. Bueno, pois se non é de mínimos, propoñan un número adicio-

nal e concréto. Nós fixémoslo durante todo o curso pasado e fóisenos rexeitando continuamente. Se vostedes consideran que existen unhas concretas necesidades en órganos concretos, poderíamos concretalos tamén.

Nós, entre outras, o ano pasado fixeramos a proposta de 3 unidades para a creación de 3 xulgados do social ás que vostedes se negaron. Este ano, pola vía implícita de asumir a petición do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia feita neste momento, asumirían esas 3. Alegrámonos dese cambio de postura, porque cremos que as traballadoras e os traballadores que están sendo castigados polas reformas laborais tamén teñen dereito a ver atendidos os seus dereitos nos xulgados e tribunais do noso país.

O que sucede cos substitutos e coas substitutas é un auténtico escándalo, pero é un escándalo estrutural. E é estrutural porque está causado por unha reforma da Lei orgánica do poder xudicial que levou a cabo Gallardón na pasada lexislatura, que supuxo, entre outras cousas, a precarización da Administración de xustiza ata o punto de que o diñeiro que antes se destinaba a xuíces substitutos ou substitutas díxose que pasaría a ser cuberto polos xuíces adxuntos ou xuíces de reforzo, os que se coñecían nalgúns casos como Jat ou como Jajat, que era case a onomatopeia da risa, porque era a risa a situación de debilidade na que se atopaban exercendo a función xurisdiccional, e iso deu lugar a que durante este ano coñecésemos nesas escoitas interceptadas nos casos de corrupción do Partido Popular como determinados cargos intentaban tocar no ámbito da xustiza a eses xuíces que estaban en situación precisamente precaria para apartalos dos casos que eran incómodos para a investigación de corrupción do Partido Popular.

Polo tanto, todo garda relación, e agora hai un efecto colateral, e é que esa reforma feita para evitar a investigación da corrupción do Partido Popular nos afecta en todos os xulgados de Galicia porque non hai diñeiro para os xuíces substitutos, acábase antes da metade do ano.

Comentáronse aquí casos concretos, dos que despois tamén En Marea fará unha pregunta concreta en relación cos xulgados de violencia de xénero. Xulgados, por certo, sen medios materiais e sen medios persoais.

Falouse moito estes días do tema da Administración electrónica, e está ben. Celebramos que vaian pola vía da auditoría externa. Pero, desde logo, a constatación que xa fixeron previamente todos os operadores xurídicos de que era unha chapuza a implantación do sistema de LexNET nas condicións nas que se facía, é agora unha constatación firme.

Estamos dispostos, polo tanto, a apoiar nestas condicións esta proposta que fai o Partido Popular, e estamos dispostos tamén —xa o dixeran antes— a debater sobre xustiza, a debater sobre democracia e sobre o ordenamento xurídico con Feijóo ou con quen de vostedes plantexa isto. Pero parécenos que a fórmula de plantexar as cousas no Partido Popular sempre é como se fixo esta mañá, cando non hai turno de réplica; é dicir, sen querer escoitar unha contestación.

Pois ben, remato con tres preguntas e unha reflexión. A primeira pregunta contestando tamén á suxestión do señor Feijóo. Xa que España é un Estado social e democrático de de-

reito, a pregunta é se considera social recortar en sanidade e educación e entregar 40.000 millóns de euros á banca, gratuitamente, que non vai recuperar a cidadanía deste país.

Se é un Estado democrático, a pregunta é se é democrático apartar xuíces e fiscais que investigan o teu partido corrupto.

E se isto é un Estado democrático, a pregunta é se é democrático gañar as eleccións financiándose ilegalmente.

E remato cunha reflexión. Non vou defender ningunha posición persoal, pero si unha posición institucional en relación con quen non pode defenderse nesta Cámara.

O Tribunal Superior de Xustiza, como calquera outro tribunal —e iso a señora Prado debería sabelo e o señor Feijóo debería sabelo tamén—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—si—, son órganos colexiados, o que significa que están formados como mínimo por tres maxistrados e maxistradas. As insidias que aquí se verten en sede parlamentaria sobre a actuación xurisdiccional e as sentenzas que se ditan nun tribunal non afectan a un maxistrado, afectan a todo o colexio; é dicir, a tres, a cinco ou máis maxistrados.

A pregunta é ¿que clase de presidente temos que poida verter unha insidia que afecte a todo un Tribunal Superior de Xustiza? Isto soamente pode vir da ignorancia, da imprudencia ou da prepotencia de quen ten máis aires de acompañante de narcotraficante que de presidente da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra, polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, empezando polo final, dificilmente podemos falar con vostede de xustiza e democracia cando vostede non respecta as decisións do Tribunal Constitucional. Mentres vostede non respecte o emblema máis grande que temos neste país, que é a nosa Constitución, non nos podemos sentar con vostede a falar de democracia, porque esa é a primeira clase de democracia: respectar a Constitución. *(Aplausos.)* Ou o que vostede fai constantemente nesta tribuna, que é facer falsas acusacións sen ningún sustento xudicial. Vostede está aquí intentando ditar sentenzas todos os días, e para iso están os tribunais de xustiza. ¿E sabe que pasa, señor Villares? Que o que lle quixo dicir o señor presidente esta mañá é que vostede, cando volva á Maxistratura, se volve, dificilmente vai poder ter algún compañeiro que queira formar sala con vostede. ¿E sabe que vai pasar? Que, ademais diso, *(Murmurios.)* a vostede vano recusar constantemente, porque a ver que xuíz vai administrar

xustiza cando non cre na Constitución e cando cuestiona as decisións do Tribunal Constitucional. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Esa é a realidade, señor Villares. *(Aplausos.)*

E cando fala vostede de corrupción, neste Parlamento aprobamos cinco leis para combater a corrupción: a Lei de financiación de partidos políticos, a Lei de transparencia, a Lei do Consello de Contas, a Lei de participación política e a Lei de asistencia xurídica de altos cargos. ¿Que votaron vostedes, señor Villares? ¿Non lles parecía un avance? Poden non gustarlle, pero son avances para loitar contra a corrupción, e vostedes non votaron esas leis. Vostedes non estaban do lado dos que van en contra da corrupción porque a vostedes lles gusta vir aquí e ter o discurso da corrupción, porque cren que con iso gañan votos. Pero están moi *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* equivocados, os votos gáñanse resolvéndolle os problemas á xente, e vostedes non teñen políticas para resolverlle os problemas á xente.

Vou falar do que hoxe nos trae aquí, que é a proposta de impulsar e mellorar a xustiza. Miren, señorías, eu trasladeilles unha transacción porque vostedes presentaron emendas. Decía o señor Bará que era de autocrítica. Nós claro que ás veces facemos autocrítica. Se non facemos autocrítica, facemos autobombo, ¿non, señor Bará? Ben, pois hoxe toca autocrítica. Tamén vostedes deberían tomar nota, facer algo de autocrítica e dicirlle á señora Noa Presas que non se pode sementar a dúbida e dicir que está pechado un xulgado de violencia de xénero en verán cando é falso. O Xulgado de violencia de xénero de Coruña non pechou, e trasladarlles ás mulleres vítimas de violencia de xénero que non teñen un xulgado que as axude nun momento tan dramático como é a violencia de xénero é unha irresponsabilidade. *(Aplausos.)*

Igual que estamos neste Parlamento aprobando todos os días protocolos para as institucións e para os medios de comunicación para cando se fale de violencia de xénero, paréceme a mín que o que estou vendo ultimamente é que imos ter que aprobar un protocolo para declaracións de políticos irresponsables sobre materia de violencia de xénero. *(Murmurios.)* É unha irresponsabilidade. E vostede tamén. E todos os que trasladan esa imaxe de que non hai recursos e de que non se atenden as mulleres vítimas de violencia de xénero son uns irresponsables.

Señora Vilán, o consenso é cousa de dous, e vostede mesma, na Comisión 1ª do pasado venres, lémbrolle que dixó que non ía aceptar emendas... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...porque a iniciativa era súa, e nin sequera trasladou a posibilidade de transaccionar. Así que aplíquese o conto do consenso, porque vostedes na Comisión 1ª están torpedeando constantemente o consenso en materia de iniciativas. Vostede e os seus compañeiros, que ben sabe de quen estou falando, que o ten ao seu carón.

Así que di vostede que se necesitaban órganos xudiciais no ano 2010. Por suposto, no 2010, 2011, no 2012... Pero ¿sabe quen foi o primeiro en bloquear a creación de órganos xudiciais? O Goberno do Partido Socialista presidido polo señor Rodríguez Zapatero no ano 2010. Así que nós non dicimos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que non se precisan órganos xudiciais. Galicia reclamou sempre os órganos xudiciais que se precisaban...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...outra cousa é que por mor da crise non se crearon unidades xudiciais. Pero agora...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Se me permite, eu trasladaría unha proposta de transacción a todos os grupos, porque as súas emendas... Creo que a emenda de En Marea está totalmente recollida, a única apreciación é que no punto 1 falo dos xulgados que se consensúen, porque cremos que é a Comisión Mixta a que ten que decidilo.

O Partido Socialista concreta xulgados. Nós cremos que hai que falar de mínimos dos que se consensúen, porque coa súa proposta está excluindo algún xulgado, como é o caso do de Ribeira. Polo tanto, creo que concretar tanto os xulgados non é bo, porque podemos deixar fóra algúns, e neste caso —insisto— xa deixa fóra o de Ribeira.

E a do Bloque Nacionalista Galego está totalmente recollida, o único que non concretamos é un xulgado, como di o señor Bará.

O señor PRESIDENTE: Fáganos chegar a transacción.

A señora PRADO DEL RÍO: E o da autorización de créditos para a seguinte anualidade tampouco, porque é ilegal.

Así que eu agardo que apoiem esta transacción...

O señor PRESIDENTE: Grazas, fáganos chegar a transacción.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e poidamos chegar a un consenso en materia de xustiza.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, ¿para que quere a palabra? *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

Foi aludida, efectivamente, no tempo que eu estiven. Ten vostede un turno, si.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Pois citando ao ilustre conselleiro de Economía e Emprego, que lle remitiu á miña compañeira Montse Prado que mire os vídeos das sesións, debería mirar ese vídeo ou mirar mellor as intervencións públicas do BNG, porque nin eu afirmei que se pechaba o xulgado de violencia machista nin o señor Bará citou iso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Polo tanto, señora Prado, xa que segue tanto as nosas declaracións públicas, a ver se toma en consideración algunha proposta en lugar de vivir instalada permanentemente nunha lameira dialéctica.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas. (*Aplausos.*)

Procedemos agora ao debate acumulado das seguintes proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación do Pazo de Meirás, a Fundación Franco e a elaboración dunha lei galega de memoria histórica

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia con respecto ao acordo do Concello de Sada en relación coa xestión que se está realizando do BIC-Pazo de Meirás

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda a ambas proposicións por parte do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a estas proposicións non de lei. (doc. núms. 14332 e 14333 respectivamente)

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade e mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiu no ano 1938.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día de novo.

Quero empezar expresando o recoñecemento do BNG ás entidades de defensa da memoria histórica e a todas as persoas que levan máis de vinte anos reclamando a devolución do Pazo de Meirás, manifestándose e defendendo esta idea por todos os medios.

Seica hai outros grupos que disque van presentar propostas en próximos plenos sobre este tema, e quero dicirlles que non se preocupen, o BNG xa o fixo, tamén En Marea no mes de agosto, e van ter oportunidade de posicionarse claramente aquí, neste pleno, no día de hoxe; non hai por que esperar a un próximo pleno.

Vou comezar tamén a miña intervención léndolles un par de citas. *«España nunca podrá olvidar a quien como soldado y estadista ha consagrado toda su existencia a su servicio. Para mí, Francisco Franco es un ejemplo vivo por su dedicación patriótica diaria al servicio de España; le tengo un gran afecto y una gran admiración.»*

Estas palabras non as pronunciou o portavoz da Fundación Franco, pronunciounas Juan Carlos de Borbón na súa toma de posesión como xefe do Estado o 22 de novembro de 1975. E claro, isto tamén ten que ver cos vicios de orixe, cos vicios de orixe deste réxime do 1978, que tamén os ten. E frases como as do actual rei emérito explican moitas cousas. Podemos dicir tamén aquilo: daqueles pos, estas lameiras; ou máis que estas lameiras, este auténtico pozo negro da democracia que é Meirás.

O debate sobre Meirás e sobre a Fundación Franco é un debate cargado de simbolismo. Non só é un debate xurídico, un debate técnico ou un debate patrimonial, é un debate de fondo sobre a democracia e sobre o franquismo 42 anos despois. Si, isto é o lamentable, que teñamos que vir aquí 42 anos despois desenterrar eses monstros, esas fantasmas e estes pozos negros da democracia.

En todo caso, temos, pero ten o Partido Popular especialmente —diríxome a vostedes—, unha oportunidade para empezar a enterrar o franquismo, para envialo ao depósito de lixo da historia, que é onde ten que estar, onde xa tiña que ter estado hai moito tempo.

Temos unha oportunidade para botalos fóra de Galiza, para botar fóra de Galiza o franquismo, a familia Franco, a fundación e todos os seus cómplices, porque son ocupas de Meirás. Os ocupas son usurpadores, son ladróns, son herdeiros e propagandistas do terror. Son unha ofensa á nosa dignidade colectiva, á memoria das vítimas, e por iso non os queremos aquí, non son gratos en Galiza. A familia Franco e a Fundación Franco non son gratos en Galiza.

Estamos, en definitiva, ante unha grande oportunidade para facer xustiza, a xustiza que non se fixo no réxime de 1978, na chamada transición, tan pouco modélica. A transacción, o pacto co franquismo, que supuxo na práctica a legalización e lexitimación dos crimes, do roubo, do espolio, da extorsión, da corrupción a grande escala. ¡E que boa escola tiveron, neste caso, quen viñeron despois!

Supuxo tamén esa transición a concesión de premios e privilexios á familia do ditador, de novo outorgados polo seu herdeiro Borbón, que o 26 de novembro do ano 1975 lle concede a

Carmen Polo o título nobiliario do Señorío de Meirás; outra ignominia da que aínda disfruta a familia. E o 26 de novembro tamén lle concede á filla do ditador o Ducado de Franco; outra aldraxe da que aínda goza a familia. E xa lle anunciamos aquí que solicitaremos a retirada destes privilexios medievais dos que disfruta a Familia Franco.

Este debate ten que servir para levantar acta de acusación e de denuncia de todas as complicidades e todas as conivencias que se teceron ao longo de máis de corenta anos co franquismo e coa familia Franco, especialmente por parte —temos que dicilo así— de gobernos do Partido Popular; un partido que tamén ten os seus vicios de orixe. Ten esa pesada mochila da súa fundación como Alianza Popular e os berros que se pronunciaron nese acto. Por iso precisamente a necesidade e a oportunidade das propostas que traemos a este pleno, que teñen que servir para botar luz e para quitar todas as máscaras, para pronunciarse claramente, contundentemente, neste tema.

Son medidas que son parte da resposta do pobo galego á provocación —xurdiu así— chulesca e macarra da Fundación, da familia Franco e de todos os seus cómplices. Mais son moito máis que iso, son un exercicio de decencia democrática e de dignidade colectiva.

En primeiro lugar, decencia democrática e dignidade colectiva para poñer fin ao espolio, ao roubo, á rapina, á extorsión continuada perpetrada por Franco e o franquismo de bens públicos, e o Pazo de Meirás é o símbolo principal dese roubo, non o único. E dicímolos claro, señores do Partido Popular, foi un roubo, non foi unha doazón; foi un roubo e un espolio. (*Aplausos.*) Pero houbo outros moitos máis, xa se citaron aquí: a Casa Cornide, as esculturas do Pórtico da Gloria, a Pía bautismal do Mosteiro de Moraimo e un longo etcétera. Un roubo perpetrado baixo coacción e extorsión; unha extorsión dirixida pola chamada Xunta pro pazo que levou a unha suposta cuestión popular, que foi, por certo, un fracaso e que obrigou a incautar fondos públicos dos concellos e da Deputación da Coruña para financiar ese espolio e ese roubo que despois deu paso —porque isto foi un espolio e un roubo continuado; non foi no ano 1938, foi durante toda a Ditadura e despois tamén, despois tamén— a desviar grandes cantidades de fondos públicos para beneficiar a Franco e a súa familia. Isto é un exemplo xigantesco de corrupción que se produciu durante todo este tempo. Non só no caso da propiedade do pazo, tamén dos terreos colindantes, que foron espoliados por coaccións, levando ás familias en vehículos militares para declarar e para entregar os seus terreos, as súas propiedades, e tamén a utilización de diñeiro público para facer obras de mellora desa propiedade para beneficiar a familia.

Polo tanto, non hai nada que estudar, isto está máis que estudado por numerosos historiadores e historiadoras, e ademais proximamente vaise presentar un libro, editado pola Fundación Galiza Sempre e escrito por Carlos Babío e por Manuel Fernández, onde se explica con todo detalle como foi todo ese proceso de espolio e de extorsión.

Polo tanto, non hai que estudar o espolio, hai que estudar a forma legal da devolución, da devolución do roubado, non da expropiación. Aí tamén se equivoca; ninguén fala de expropiación, falamos de que se devolva aquilo que foi roubado.

Polo tanto, propoñemos facer todos os cambios legais e levar a cabo esa tarefa a través da Xunta para o Pazo, promovida pola Deputación da Coruña, os concellos de Sada e A Coruña,

a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e a Iniciativa Galega pola Memoria, entre outras entidades que xa se posicionaron a favor desta Xunta para o Pazo para levar a cabo todas as accións necesarias para conseguir esa devolución ao pobo galego.

En terceiro lugar, pedímoslle —queremos que nos digan se están de acordo tamén nisto— que condenen as declaracións de representantes da Fundación Franco, que nos parecen intolerábeis. O señor Feijóo pediulles mesura a estes franquistas. Nós non lles pedimos mesura, nós pedímoslles que se vaian deste país. Non nos queremos aquí, non son gratos neste país.

Polo tanto, o que dicimos é que non podemos permitir que perpetren esa intención de crear en Meirás un parque temático de exaltación, de apoloxía do fascismo, e solicitamos tamén a súa ilegalización.

En cuarto lugar, no que se refire ás visitas a Meirás, queremos que se apoie a proposta do Pleno da Corporación de Sada para que sexa este concello quen as xestione para garantir que se dea unha visión acorde coa historia e a verdade. Parécenos, desde logo, ridícula —e non sei por que presumen disto— esa multa de 4.500 euros. Nin sequera se atreveron a poñerlle o máximo permitido pola lei, que son uns modestos 6.000 euros, e aínda así quedaríannos moito a deber, porque vostedes, do Partido Popular, déronlle 53.000 euros de subvencións públicas á familia Franco. Déronlle 53.000 euros de fondos públicos para que fixeran algo que estaban obrigados a facer por lei, que é abrir o pazo para as visitas. Vostedes regaláronlle 53.000 euros de fondos públicos, e agora pónenlle unha ridícula multa de 4.500 euros. Non nos vale tampouco iso, e isto fala tamén da permisividade, da complicidade que teñen con Franco, coa familia e co franquismo.

E tamén, por último, queremos que se pronuncien sobre isto e que voten tamén esta cuestión. Pedimos que se apoie a elaboración e a aprobación dunha lei galega de memoria histórica como garantía de respecto ao dereito á verdade, á xustiza, á reparación e para impedir que actúen con total impiedade fundacións como a que nos ocupa.

Polo tanto, en definitiva, señoras e señores, o significado de Meirás vai moito máis alá, como dixen ao principio, de todas estas cuestións que acabo de relatar. É parte dunha loita pola dignidade colectiva, pola decencia e pola xustiza no noso país, en Galiza. É unha cuestión de hixiene democrática. Ningún país europeo da nosa contorna permitiría que pasase algo así, que existise unha fundación Hitler, unha fundación Mussolini, e que se apropiase de bens públicos. Este si que é realmente un caso de vergoña democrática. ¡É un caso de vergoña democrática! A vostedes non lles debe dar moita vergoña, pero a nós si que nos parece que é un caso de vergoña democrática.

Con esta iniciativa e tamén coa iniciativa presentada polo Grupo da Marea o que temos que facer é un cordón sanitario democrático antifascista en Galiza, poñer unha barreira e decidir de que lado está cadaquén, se está do lado da democracia ou se está do lado do franquismo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...e facelo con palabras e, sobre todo, con feitos, cousa que ata agora vostedes, do Partido Popular, non fixeron.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Imos repetir algunhas das cuestións das demandas que cremos que deben ser compartidas por todos, absolutamente todos os grupos parlamentarios, pero, antes de iniciar isto, hai algunhas cuestións importantes a nivel de contexto, porque é moita a información que temos, hai moitos estudos, hai moita documentación, hai mesmo teses que describen con toda a verdade os feitos. E vou facer un pouco alusión a unha obra da grande autora, unha das máis importantes do século XIX, Emilia Pardo Bazán, que deseñou e construíu o pazo, unha muller culta, que creou un espazo de creación que despois se transformou nun espazo de barbarie.

Emilia Pardo Bazán naceu, como ela dicía, en Marineda, en setembro —o sábado estaría de aniversario—, no ano 1885. Casou na capela, e expresou a súa vontade de ser soterrada nese mesmo espazo, cousa que non se cumpriu.

Despois de morrer, no ano 1921, ela deixou dúas herdeiras, a súa filla Branca e a súa nora. Elas decidiron doar o pazo á Compañía de Xesús, pero a Compañía de Xesús non aceptou as condicións. Isto a min intrigoume. ¿Por que non aceptou as condicións? Pois porque esa finca estaba hipotecada. ¿Hipotecada por quen? Polo Banco Popular. ¿Quen era o director do Banco Popular? Pedro Barrié de la Maza, despois Conde de Fenosa. ¡Curioso! Teñan en conta este dato.

Moi ben, se nos cinguimos ao contexto contexto, non é un contexto de alzamento, é un contexto de sublevación, de alteración da orde, de subversión e de aldraxe á democracia da República legalmente constituída. Non estamos falando de dous bandos en igualdade de condicións, para nada, hai un bando que se rebela e que fai un golpe de Estado. Pois, moi ben, os golpistas fixéronse co poder, xa mataran ao capital xeneral da Coruña. E no ano 1937 créase unha comisión, unha xunta provisional, ¿formada por quen? Por Julio Muñoz de Aguiar, naquel momento gobernador civil da Coruña do Réxime; despois, curiosamente, xefe da casa civil do xeneralísimo.

¿E que quería esta Xunta? Pois fixeron unha «Junta Provisional para el Pazo del Caudillo». ¿E para que? Pois para facer este agasallo, esta doazón falsa, absolutamente falsa e documentada, que demostra e avala o título ilexítimo da familia Franco.

Entón, ¿por quen foi argallada? Por estas dúas persoas, entre outros dirixentes do bando rebelde que controlaban a provincia. ¿Como fixeron comisións de tres persoas?, ¿supervisadas por

quen? Polos falanxistas. ¿E que facían? Expropiacións forzosas, extorsión, espolio, ameazas, coacción, roubo á man armada, descontos nas nóminas de funcionarios públicos, bonos de aportación voluntaria... No Rexistro da Propiedade de Betanzos é algo que se pode consultar e saber como está e cales son os termos da compra-venda.

Isto é unha tomadura de pelo. Falar de doazón e de agasallo é unha aldraxe á verdade histórica. A señora dona Emilia Pardo Bazán, *Verdade e costa abaixo*, sería un título dalgunha das súas obras. Isto o que nos di é que, dende logo, a compra-venda foi, efectivamente, algo ilegal, foi baixo presión.

Con respecto á Fundación Nacional Francisco Franco, señorías, é increíble, non sabemos se é un disparate de catro exaltados, non sabemos se é alegal, se é unha aberración ou se é unha anomalía. Dende logo, ten impunidade. ¿Saben cando se fundou a Fundación Nacional Francisco Franco, cando se creou? Catro días antes das eleccións democráticas despois da Ditadura. Catro días antes ubican esta fundación nun lugar que cremos que pode ser alegal. Eu non son xurista, pero cremos que é moi doado, doadísimo, que se unha lei permite a exaltación do fascismo e do franquismo, pois hai que mudar esa lei, e para iso están os parlamentos e os congresos. (*Aplausos.*) ¡Para iso están! Son cámaras lexislativas.

¿Por que dicimos que non cumpre a Fundación Nacional Francisco Franco os principios básicos democráticos e ademais vulnera a Constitución? Pois porque vulnera a Constitución no seu artigo 34.1, con respecto aos fins de interese xeral. E o artigo 3 da Lei de fundacións 5/2002 di que as fundacións son para a defensa de dereitos humanos, de vítimas do terrorismo, actos violentos, asistencia, inclusión social, fins cívicos, educativos, culturais, científicos, propios, que respectan os principios da democracia, que fomentan a tolerancia de desenvolvemento de información da investigación científica. E a Fundación Francisco Franco raía o delictivo.

¿Como pode ser legal unha fundación que despreza os dereitos humanos? ¿Como pode ser legal —e non é un chiste— unha fundación que aldraxa as vítimas, as vítimas e a todas nós? ¡É unha indignidade! Fala abertamente de que temos patoloxía. ¿De quen é a patoloxía? E temos que escoitar o noso presidente esta mañá dicir que se hai algunha exaltación se tomarán medidas. ¿Que medidas? ¿É que non escoitou os medios? Saíu en todos os medios. Xa se está lesionando o dereito ao respecto, o dereito á memoria, o dereito á reparación. Estase lesionando pública e expresamente. E o noso presidente di que se algunha vez se di... ¿É que non leu os comunicados? ¿É que non os escoitou? ¿Ou é que están de costas e en conivencia? (*Aplausos.*)

Ben, nós cremos que hai que condenar firmemente o negacionismo desta fundación que tenta borrar e falsificar feitos históricos demostrados e documentados.

«*Franco no fusiló a nadie.*» ¿Isto que é? ¿É chancelar?, ¿é unha burla? ¿Isto pasa nalgún país do mundo? Por algo somos o segundo país, despois de Cambodja, con menos exhumación de cadáveres; 1.200 persoas esperando a ser recoñecidas, co dereito absoluto. ¿Que é esa dupla vara de medir, vítimas duns e vítimas doutros? «Non hai bandos agora», dicía non sei quen. ¡Oxalá! Oxalá teñamos a conciencia alta e a dignidade suficiente para reparar isto

e para chegar a un pacto, naturalmente; todas e todos na mesma barca pola defensa da dignidade e da democracia se realmente somos... *(Aplausos.)*

Nós traemos aquí, do Concello de Sada, cuestións que compartimos totalmente. O Concello de Sada tamén comparte os acordos da Deputación Provincial da Coruña, de moitos grupos memorialistas, de moita parte da sociedade civil e cremos que da maioría dos demócratas e das demócratas deste país. Sabemos que a xestión do pazo é unha vergoña e unha ofensa. Faise apoloxía, incúmprese o réxime de visitas, e isto é unha burla, isto é unha mofa. A sanción de 4.500 euros é ridícula. O pazo debe ser patrimonio público. Hai que modificar a lei e buscar a devolución.

A sociedade civil e as administracións públicas debemos de facer un todo. No Concello de Sada elaboraron un documento que subscribimos absolutamente. Eles ofrécense a ser xestores do pazo. Néganse a que as visitas sexan xestionadas pola Fundación, por suposto. Obrigan os propietarios a cumprir o BIC. Resulta que a presidenta da Fundación é a filla de Franco, pero, bueno, o pazo debe de ser de titularidade pública.

Pedimos unha declaración institucional de condena expresa dos comunicados franquistas e o apoio as vítimas. Eles van instar as Cortes a modificar a lei, e é necesario e é doado mudar a Lei de fundacións para ilegalizar a Fundación. E realizar un estudo, claro que si, arredor do espazo sobre o proceso para posibilitar a devolución ou a incorporación ao patrimonio público.

Polo tanto, a nosa PNL insta a Xunta e esta Cámara a que comparta e apoie o contido do acordo aprobado no Pleno da corporación municipal do Concello de Sada do 12 de agosto.

Segundo. Asumir a Cámara a vontade de acordar, promover ou demandar as iniciativas lexislativas a que fai referencia tal acordo.

Terceiro. Instar a Xunta de Galicia a que dentro das súas competencias administrativas execute o acordado no dito pleno municipal.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Señorías, onte tivemos un debate sobre unha proposición de lei do grupo nacionalista na que eu facía unha referencia á política dos intereses —que nós temos o deber estatutario de defender os intereses de Galicia— e á política dos principios, que é como defendemos os intereses de acordo cos principios que cada un comparte cos seus grupos.

Hoxe o debate é exclusivamente de principios e por iso, se me permiten, quero comezar facendo referencia a tres principios en nome do meu grupo.

En primeiro lugar, o primeiro principio é amosar o máximo respecto ás vítimas do franquismo. Eu sei que, por razóns xeracionais, hai algún que está presente nesta Cámara. Eu sei que nesta Cámara, en todos os grupos, nos grupos da oposición, pero tamén no Grupo Popular, hai familiares de vítimas do franquismo, e quero amosar o noso máximo respecto a todos os que sufriron, pola súas ideas, a persecución durante a Ditadura.

Evidentemente, o segundo principio é que a democracia é respecto. A democracia é respecto polas minorías, pero tamén é respecto polas maiorías. Eu agradecería, en nome do Grupo Popular, que abandonasen o intento de vencellar o franquismo ao Grupo do Partido Popular de Galicia, que é o grupo que representa unha maioría de galegos que comparten os principios democráticos instaurados..., non, votados e apoiados polo pobo de Galicia, na Constitución de 1978. Non están falando con Fuerza Nueva, están falando cun partido que milita e participa do grupo maioritario do Parlamento Europeo, que é o Partido Popular Europeo; non están falando, por tanto, cos grupos que representan á Fronte Nacional, aos neonazis e aos fascistas austríacos, holandeses, etc., nin sequera están falando cun partido que integra os polacos ou os conservadores ingleses, e mesmo están falando cun partido que ten condenado a nivel europeo toda a dexeneración da democracia en Polonia, en Hungría, en Venezuela, e tamén nos unimos á condena que sexa de calquera vulneración da orde democrática tamén no noso país, nomeadamente en Cataluña. *(Aplausos.)*

E pedimos ese respecto porque a democracia non é darlle a razón ao BNG, como dicía hai un momento; a democracia é o respecto á minoría e tamén á maioría, o respecto ás normas democráticas que nos demos todos, o respecto aos dereitos constitucionais de todos, con independencia de que nos sexan gratas as ideas ou nos sexan gratas as persoas e, sobre todo, tamén o respecto aos procedementos administrativos que dan como resultado as sancións previstas na lei e non as que nos resultarían máis gratas por conxunturas políticas concretas.

O PP non é franquista, nin o foi no pasado nin o é no presente... *(Murmurios.)* Nesta Cámara condenámolo...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PUY FRAGA: ...varias veces... *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio! Respecto a quen está no uso da palabra, que se respectaron aquí todos os turnos de intervención.

Silencio, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...no ano 2008, no debate do estado da Autonomía do 2014 e no ano 2016, que votamos esas condenas. Explicitamente quero deixar claro que non compartimos nin o ideario nin o proceder nin dos representantes da familia nin da Fundación Francisco Franco e que, ademais, pensamos que non favorecen a convivencia democrática; unha fundación que considera que a Transición foi unha traizón, precisamente, ao legado do seu pai e que poñen a crítica á Transición no mesmo plano daqueles que din que aquí non pasou absolutamente nada.

Terceiro principio. Respecto á lei. Hai pouco publicouse en castelán unha nova edición do libro de Raymond Aron, *Democracia y totalitarismo*, no que di: «Mentres se respecten as regras constitucionais sempre se conservará algo. É preservando a legalidade, no momento no que os homes se deixan arrastrar polas paixóns, como se mantén a paz civil». Fala do fino fío de seda, que é o fío da legalidade, que nos separa do fío da espada.

Pois ben, o noso compromiso claro co cumprimento das leis democráticas nesta Cámara. Indo máis alá do que marca o Regulamento, este grupo propuxo unha reforma da Lei electoral na pasada lexislatura. Vostedes falaron de pucheirazo, de atentado á democracia, e nós, como non había consenso, non a sacamos, tendo a maioría que o Estatuto marca para facelo. Estamos asistindo noutras partes de España a como saltan o Regulamento, saltan o Estatuto, saltan a Constitución, e a vostedes parece que iso lles parece ben. Aquí hai un comportamento democrático e de respecto á Constitución, amosado tamén na práctica, e non só nas condenas ao franquismo. E precisamente porque defendemos a democracia non nos van ver nin do ganchete de palmeiros, de quen acosa alcaldes democráticos en Cataluña —aos que manifestamos a nosa solidariedade— nin de quen quere subverter a democracia e a Constitución cunha especie de xustificación decisionista referendataria que rememora, desgraciadamente, a Carl Schmitt, nin moito menos de quen pasea en manifestacións dese magnífico exemplo de capacidade de rexeneración dun cidadán, un magnífico exemplo de rexeneración do sistema penitenciario español, que é o señor Otegi.

Falemos da PNL, establecidos estes principios. Este verán lin un libro, que lles recomendo, de Sacha Batthyany, un periodista que é neto de Margit Von Thyssen, que, como saben, participou, ao final da guerra, co seu marido, no asasinato, durante unha festa no seu pazo, de 200 xudeus detidos polos nazis. Nese libro o neto desa persoa reflexiona sobre a liberdade do individuo, sobre o seu destino e sobre as herdanzas familiares. E di: «Cada xeración ten as súas obrigas. A xeración dos pais remangouse disposta a retirar os escombros de fóra. Retirar os escombros da alma é tarefa dos netos». Este é o motivo polo que nós pensamos que é conveniente que o pazo de Meirás, as torres de Meirás volvan ao patrimonio público.

E con esa perspectiva presentamos hoxe unha emenda, que será PNL no caso de que non haxa un acordo na Cámara, pola que pedimos que as torres de Meirás, que foron, efectivamente, e de acordo co que nos di a historiografía, compradas aos herdeiros de dona Emilia Pardo Bazán —por certo, tamén para os afeccionados á historia, saberán que se lles compraron á filla e á viúva do fillo, que era un militar monárquico detido, levado a unha checa e paseado el por ser antirrepublicano, e ao seu fillo, non sabemos por que, que foron ao día seguinte fusilados non se sabe moi ben onde—... Esa é a historia de España que todos temos que ser capaces de recordar para que non se volva repetir. Pois ben, foi comprado aos herdeiros de dona Emilia Pardo Bazán. Evidentemente, a historiografía, como Eduardo Rico, contradí que fose unha cuestión para facer unha compra de carácter voluntario. Certamente, algúns, que sacaron proveito da Ditadura, fixeron doazóns voluntarias, pero non o conxunto da poboación da provincia da Coruña, que foi onde se materializou por parte de representantes de Falanxe e do Réxime, moitos deles nomeados polo propio Franco, a exacción supostamente voluntaria coa que se mercou o pazo aos herdeiros de dona Emilia, que, evidentemente foi todo menos voluntaria.

O que si é certo é que a forma xurídica foi a de negocio privado entre particulares, co cal, evidentemente, ten unha protección xurídica que ten levado aos herdeiros da familia Franco mesmo a opoñerse á declaración de BIC. E chegou o Tribunal Supremo —que o teñen feito algúns gobernos, por exemplo, o Bloque en Sada, cando estaba na Xunta, tamén na Consellería de Cultura— a descartar a expropiación, precisamente por non ter que pagar dúas veces á Familia Franco, que xa o pobo de Galicia lle pagara no ano 1938. E adicionalmente ao incumprimento da normativa galega sobre o acceso aos BIC, atopámonos con que hai unha cesión á Fundación Franco, que ademais di todo o contrario do que ten que ser unha visita a un BIC, que é enxalzar un ben cultural, e o que queren é facer directamente apoloxía do réxime franquista.

Por iso nós o que propoñemos é que se faga o estudo xurídico, porque, señora Cuña, efectivamente, é un tema xuridicamente moi complicado pola forma privada da inscrición e polas circunstancias históricas que acompañaron a compra do pazo para doarlo, para darlo, xuridicamente, despois de facer a expropiación dos cartos, á familia Franco. É unha situación xurídica complexa, que pode requirir a modificación doutras leis autonómicas ou estatais.

Nós o que ofertamos é que todas as administracións, encabezadas pola Xunta, coa participación de historiadores e xuristas pola complexidade técnica da cuestión, formen parte dunha comisión que analice o ingreso do pazo de Meirás ao patrimonio público.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Evidentemente, non imos entrar noutras cuestións. A declaración de persoa non grata, ademais de que saben que é unha cuestión que non ten ningunha relevancia administrativa, lembra moito o libro de Jorge Edwards que se chama *Persona non grata*. Jorge Edwards escribeo cando Allende o manda a Cuba para abrir a embaixada de Chile en Cuba, e é proscrito inmediatamente por Fidel Castro e por Pinochet. É a desgraza que teñen os demócratas que se opoñen a calquera forma de autoritarismo e totalitarismo.

Nós non imos entrar niso, non imos entrar a que o Goberno ilegalice fundacións, iso teñen que facelo os tribunais, pero estamos dispostos, respectando...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...a legalidade e tendo en conta o que significa o simbolismo do pazo de Meirás, a propugnar o seu ingreso no patrimonio público.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Graza, señor Puy.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo. (*Pausa.*)

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Pido perdón á Cámara por este retraso.

A verdade é que, como todos sabemos, assistimos —non soamente desde este verán— desde hai meses a feitos realmente escandalosos en relación co pazo de Meirás: incumprimentos da familia dun ditador asasino que impide a entrada no pazo; dun pazo que é claramente..., e resumamos xa porque xa se explicou aquí: un botín de guerra. Iso é o que realmente é o pazo. (*Aplausos.*) E agora assistimos a algo máis, assistimos a unha Fundación Francisco Franco que xestiona as visitas e que di publicamente que vai utilizar esas visitas para facer apoloxía da figura de Franco e do franquismo. Iso é unha provocación, un desafío, un insulto ás vítimas do franquismo, á toda a cidadanía galega e, dende logo, a todos os demócratas.

Ante isto que causou verdadeiro escándalo e preocupación crítica en toda a sociedade galega, esperabamos unha resposta contundente do Goberno que nos representa, e aí é onde atopamos outro escándalo. Porque o que pasou —pasa e pasou— co pazo de Meirás, símbolo onde os haxa da corrupción franquista, símbolo tamén onde os haxa dos roubos do franquismo, é que para o PP —e tamén aquí para o PP de Galicia— é un símbolo da súa actitude absolutamente ambigua fronte ao franquismo e as denuncias á Ditadura.

E vou falar disto porque o señor Puy abriu tamén este debate, que é a idea e as actitudes do PP en relación coa memoria histórica e a todo ese período do noso pasado.

Vostede di que non apoia o franquismo, pero mire, todo iso hai que demostralo con feitos, señor Puy, e onte aínda o PP votou en contra da anulación das sentenzas de tribunais de guerra absolutamente ilegais, je votaron en contra! (*Aplausos.*) Iso hai que demostralo con feitos, señor Puy. E votaron en contra no Congreso do Estado de todas as propostas que fixemos a oposición en relación co Val dos Caídos, un monumento vergonzoso onde os haxa, je votaron en contra! E votaron en contra, neste mesmo Parlamento, dunha Lei de memoria histórica e de dignificación das vítimas que o único que buscaba era poder sacar desas fosas do esquecemento a todas as vítimas do franquismo que presentamos os socialistas, que foi apoiada naquel momento polo BNG, je vostedes votaron en contra! E votaron en contra, señor Puy, e recoméndolle que lea o *Diario de Sesións* dese día porque non soamente votaron en contra, é que votaron en contra faltándolles ao respecto ás vítimas do franquismo, votaron en contra faltando ao respecto a toda a memoria histórica, porque a vostedes a Lei da memoria histórica e a memoria histórica en si mesma dálles arrepiós, verdadeiros arrepiós, por iso intentan apartarse dela, señor Puy. (*Aplausos.*)

Está moi ben falar, pero hai que actuar. Porque se vostedes, se o Partido Popular crera o que di vostede, estarían votando doutra maneira, e iso é o que non fan.

Aquí co que nos atopamos, señor Puy, foi cunha absoluta vergonza. Ademais dunha bofetada, outra. Un goberno que nos representa, cando unha fundación fascista, profascista, profranquista, que está faltándolles ao respecto a todas as vítimas, e a familia dun ditador montan un desafío ante o Goberno, e desafían a ver que fai, vostedes agachan a cabeza. Iso é realmente o que fixo o Goberno de Feijóo.

Nós pedimos que se reprobaran esas manifestacións. Non son manifestacións pequenas, jeh!, foron *in crescendo*. ¿E sabe o adxectivo máis alto que dixo o Goberno de Feijóo? Que

foran desafortunadas. ¡Desafortunadas! Señor Puy, revise a hemeroteca. Iso foi o que conseguimos que dixeran, que foran desafortunadas. Unha actitude a que vostedes tiveron ante este tema porque aínda non conseguiron apartar os pantasma do pasado, porque aínda cren que teñen aí non sei que, se un cúmulo de votos, se un pasado que hai que agochar. Non sei o que vostedes cren, non o sei, pero teñen aí un problema. E aquí Meirás é o símbolo dese problema do PP coa memoria histórica.

Ademais recórdolle tamén, señor Puy, que non fixeron nada, nada, absolutamente nada, dende o ano 2009 en relación coa memoria histórica. E nese Estado de dereito que vostede di, todas as leis hai que cumprilas, tamén a da memoria histórica, e vostedes non a están cumprindo. (*Aplausos.*)

Un Goberno feble, timorato, sen capacidade de reacción, con declaracións tibias, permisivo. Ampáranse na falta de competencias, cunha actitude permisiva que non nos estraña tampouco, e non nos estraña porque foi a que seguiron dende sempre vostedes co pazo de Meirás. Hoxe mesmo dicía o señor Feijóo que vostedes, e el como presidente do Goberno, obrigara á familia Franco a abrir o pazo. ¿Pero aínda cren vostedes que poden facer verdades alternativas e que as van vender?

Mire, ese pazo abriuse en contra da opinión do señor Feijóo. Mire, señor Puy, isto era o que dicía Feijóo no ano 2007: «*Feijóo alega que la Xunta no puede obligar a la familia Franco a abrir Meirás.*» Ano 2007. O señor Feijóo estaba en contra de que se declarase BIC e estaba en contra de que se abrise. ¿A través de que? Que non era un pazo, que era unha torre. Pero resulta que é BIC por ser sitio histórico. ¡Nin pazo nin torre, dá igual o que sexa, é un sitio histórico! E aquí o señor Feijóo negábase a abrir. (*Murmurios.*) Esa é a súa crenza na situación. Non querían o BIC, non querían abri-la, porque había que poñerse en fronte da familia Franco. ¿Que obrigaron á familia Franco? ¡Claro, é fácil obrígala! Poñendo diñeiro enriba da mesa obrígase moi fácil, ¡eh! Obrigaron facendo un convenio con eles no que se lles pagaba a seguridade do pazo. Por certo, a mesma empresa que xa tiñan os Franco. Ou sexa, que pagaron o que xa tiñan que pagar os Franco, os guías. E fixeron un convenio con eles en que non dirían nada se pechaban en agosto, para que puideran facer a pose no *Hola* e para que foran de vacacións. Esa é a actitude forte, autoritaria e crendo na democracia que ten este Goberno co símbolo da ambigüidade do PP que é o pazo de Meirás. Iso é o que pasou.

Nós dixemos que non se lles podía pagar, e pagáronselles 54.000 euros. En canto non se lles pagou, empezaron a pechar, e vostedes non fixeron absolutamente nada ata este último expediente, cunha multa irrisoria. E dixéronlles que tiñan que abrir.

Mire, o único que se lle ocorreu a Feijóo, ademais de todo o que fixo, é pedir-lles aos Franco que doen o pazo. Pediuno con educación, ¡iso si, eh! Creo que os Franco non se poden queixar. Que doen o pazo. ¡Aínda se están rindo alí, creo! Que doen o pazo. E sen bromas xa, dí-golle outra cousa, porque non teño tempo para explicarlle o ofendida que estou eu, o ofendido que está o meu grupo, o ofendida que está toda persoa que teña un mínimo de coñecemento histórico e un mínimo de espírito demócrata, cando o señor Feijóo dixo que do-aran o pazo para reconciliarse co pobo galego. ¡Hai que ter moita cara! (*Aplausos.*) Cando

teña tempo lle explicarei, señor Puy, o que a familia Franco e o que calquera pode facer para reconciliarse de todos os asasinatos, salvaxadas e todo o demais que pasou neste tempo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: Si, agora mesmo remato.

Por certo, señor Puy, a min gustárame —vostede tampouco fala, nin vostede nin ningún, vostede tampouco—, que vostede falase de xefe do Estado nunha ditadura. ¡É un ditador, é un ditador e nada máis! (*Aplausos.*) Pero se vostedes cren que a familia pode reconciliarse doando un pazo que expropiaron, ¡paréceme xa o colmo dos colmos! E cando teñamos tempo explicareille, e a todos vostedes tamén, por que pedir a reconciliación coa donación dun pazo é unha tomadura de pelo.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate xa, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: A familia Franco... Remato. É que tamén el tivo tempo.

O señor PRESIDENTE: Non, pero vostede xa leva máis.

A señora BURGO LÓPEZ: A familia Franco estaos desafiando. Respondan. Respondan democraticamente, porque o único que fixeron foi agachar a cabeza. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: A verdade é que lle tocou facer un papelón ao señor Puy hoxe. Fálanos aquí de respecto polas vítimas. Curiosamente non lle aplaudiron esta parte do discurso. Aplaudíronlle o de Venezuela e o de Cataluña, pero esta parte non. Non deben crer moito niso porque non lle aplaudiron esta parte do discurso os seus compañeiros de bancada. (*Aplausos.*) (*O señor Puy pronuncia palabras que non se perciben.*)

E claro, o respecto polas vítimas, señor Puy, señores do Partido Popular, demóstrase non con palabras, demóstrase con feitos, ¡demóstrase con feitos!

Por exemplo, ¿parécelle a vostede que é respecto polas vítimas que o señor Rajoy presuma de que non gasta nin un só euro na Lei de memoria histórica? ¿Parécelle isto respecto polas vítimas? (*Aplausos.*) Por certo, mentres lle dan subvencións á Fundación Franco, que aínda é máis grave.

¿Parécelle respecto polas vítimas que anulen as axudas para exhumación de fosas? ¿Parécelle isto respecto polas vítimas? ¿Parécelle respecto polas vítimas que se opoñan aos acordos parlamentarios e que incumpran os acordos parlamentarios, como por exemplo o que se tomou no Parlamento do Estado sobre o Val dos Caídos?

¿Parécelle respecto polas vítimas incumprir sistematicamente as recomendacións do relator especial da ONU e da Comisión Especial da ONU para as desaparicións forzosas? ¿Parécelle isto respecto polas vítimas?

¿Parécelle respecto polas vítimas converter o pazo de Meirás nun parque temático do franquismo?, ¿permitir iso?

¿Parécelle respecto polas vítimas que se converta San Simón nun parque de atraccións con actividades lúdicas e recreativas de todo tipo, (*Aplausos.*) algunhas lucrativas, mentres se prohíben as actividades de memoria histórica? ¿Parécelle respecto polas vítimas? A nós parécenos que é unha ofensa, un desprezo e unha aldraxe ás vítimas. Desde logo, por aí non, por aí van mal.

E vostede di que non son franquistas, que o PP non é franquista. Eu diríalle aquilo de *excusatio non petita, accusatio manifesta*. Pero, en todo caso, o que lle quero recordar é o que berraron... (*Murmurios.*) Tranquilos, tranquilos, non se alarmen. Xa sei que este tema os pon moi nerviosos, pero calma, tranquilos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu faláballes antes dos vicios de orixe...,

O señor PRESIDENTE: Silencio,

O señor BARÁ TORRES: ...e cando se fundou Alianza Popular, curiosamente, o que coreaban alí os compromisarios era: ¡Franco!, ¡Franco!, ¡Franco! Eses son os seus vicios de orixe. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor BARÁ TORRES: E, claro, agora resulta que veñen aquí invocar a legalidade... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Por favor, imos rematar este debate. ¡Silencio a todos! Silencio, por favor, a todos. Imos rematar este debate.

O señor BARÁ TORRES: O que nos quedou moi claro é que están moi incómodos con este tema porque teñen eses sentimentos (*Risos.*), eses complexos e eses sentimentos.

O señor PRESIDENTE: Fáleme da emenda.

O señor BARÁ TORRES: Falando de legalidade, a nós parécenos unha auténtica aberración xurídica e política de todo tipo poñer ao mesmo nivel a quen defende un referendun e quen cometeu un xenocidio (*Aplausos.*) ¡Isto é unha auténtica barbaridade! ¡É unha auténtica aberración! ¿Como pode comparar, falando de legalidade, estes feitos?

E claro, sobre a legalidade —que está moi ben defender a legalidade—, o que lle temos que dicir tamén é que —isto é unha lección de historia— foi cuestionando a legalidade como avanzou o mundo, como se conquistaron dereitos e liberdades. Polo tanto, ás veces si que

hai que cuestionar as leis cando son inxustas ou cando non se axustan ás necesidades dun pobo ou das persoas.

O señor PRESIDENTE: Remate e fáleme da emenda, sobre a emenda.

O señor BARÁ TORRES: Si, claro, pero é que antes non me deixaron falar, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Pero falou antes dous minutos e medio máis, está compensado.

O señor BARÁ TORRES: Eu pídolle que tome exemplo, que é unha persoa magnánima no uso da palabra.

O señor PRESIDENTE: Xa sabe, por iso mesmo, pero non nos pasemos. Mire o tempo, 43 segundos máis.

O señor BARÁ TORRES: Si, pero é que estiven interrompido polos señores do PP.

O señor PRESIDENTE: Fáleme da emenda, fáleme da emenda que iso interesa.

O señor BARÁ TORRES: A emenda, o que lle pedimos con este acordo, é que digan de que lado están, de que lado está o Partido Popular. Se está do lado da impunidade ou da condena do franquismo.

O señor PRESIDENTE: ¿Pero acepta a emenda?

O señor BARÁ TORRES: Se está do lado do esquecemento ou da verdade; se están do lado do espolio e do roubo...

O señor PRESIDENTE: ¿Pero acepta a emenda do PP ou non?

O señor BARÁ TORRES: ...ou da xustiza; se están do lado da reparación ou da ofensa permanente ás vítimas.

O señor PRESIDENTE: Non, non me fale diso. Fáleme de se acepta a emenda ou non. Señor Bará, dígame se acepta a emenda ou non.

O señor BARÁ TORRES: ...iso é o que lles pedimos. O que lles pedimos é...

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda ou non?

O señor BARÁ TORRES: Non aceptamos, porque nos parece...*(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu turno. Non, non. Non ten tempo xa. Terminou, señor Bará. Por favor, terminou o seu tempo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Sete cousiñas, para non pasarme de tempo.

A primeira, agradecerlle ao señor Puy a expresión do respecto. Creo que merece un aplauso de todas as bancadas, francamente. Algo que xa tiña que ser; é dicir, non é extraordinario, pero que o explicita está ben.

Agora, tamén dicir que non é a oposición quen ten que desvencellar o Partido Popular da ditadura, terá que ser o Partido Popular o que demostre que está desvencellándose da ditadura. *(Aplausos.)*

Dende logo, o debate de hoxe é un debate político, non é un debate xurídico; só é un debate sobre a democracia, un debate moi importante. E eu pregunto: ao fío do que dixi, ¿non é democrático cambiar a lei? Claro que é democrático, ¿para que estamos se non?

Vostede dixi: «Hai que retirar os escombros da alma». Dende logo, as xeracións que nos preceden a todas e a todos tiveron moito medo. As netas non temos medo, e isto é un factor importante, e necesitamos que a verdade florezca porque houbo moita opacidade, moita falsidade, moito negacionismo, e iso é unha maneira de desvencellarse da Ditadura, cuestionar o negacionismo.

Con respecto aos bens, hai bens que pertenceron á familia Borbón, como Miramar, de San Sebastián, e a Magdalena, de Santander, que foron da familia Borbón e hoxe son de dominio público, como debera ser Meirás.

Con respecto a Feijóo, quero reiterar que xa houbo apoloxía do fascismo e non houbo ningunha medida.

Dicir tamén —que non sei se foi un chiste ou chanceou— que expropiar o pazo de Meirás era franquista é un guiño moi desafortunado. Hai que ter moita precaución. Son vostedes responsables lexítimos. E que a familia Franco faga mofa, que a fai, dicindo provocacións... Os herdeiros, os Franco, gábanse da propiedade e, como lles sae tan barato, poden seguir provocando e dicindo que van seguir sendo propietarios. Moi ben. O de rir disto ten... Hai unha frase do representante da ONU que di: «Ningún país digno e maduro permite que os asasinos e os seus herdeiros rían das vítimas».

E tamén quero dicir que hai dous días a ONU —tomen nota, por se non o leron ou non lles chegou a noticia— expresou nun informe a súa preocupación polo patrón de impiedade que España ten con respecto á memoria histórica, e mesmo fala por momentos de obstrución á lei. Fai críticas por non actuar coa debida urxencia e celeridade. Moitas das vítimas e das testemuñas teñen unha idade avanzada. E fala de cero ou de pírricas cantidades de financiamento para a exhumación...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Fáleme da emenda, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Dá un prazo de 90 días para que o Estado presente un cronograma con implementación de recomendacións e datas previstas. É unha boa oportunidade para que aproveitemos este tema e vaia tamén nisto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿A emenda?

A señora CUÑA BÓVEDA: A emenda non.

O señor PRESIDENTE: ¿Non? (Asentimento.) Grazas. (Aplausos.)

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Imos proceder á votación das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de don Xoaquín Fernández Leiceaga.

Dixo que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte público de viaxeiros por estrada de uso xeral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.

¿Acepta a emenda? ¿Hai unha transacción? Non ma deron.

¿Leo a transacción?

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Téñena todos os grupos xa.

O señor PRESIDENTE: ¿Xa a coñecen os grupos? (Asentimento.)

Pois, entón, votamos esta transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a posta en funcionamento polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros, de xeito que se garanta de forma efectiva a igualdade de oportunidades a toda a poboación de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a construción dun centro de día en Rianxo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Marta Nóvoa e sete deputados máis.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Te-llado Filgueira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para promover a formación das persoas desempregadas a través do 'cheque formación'.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado.

Estaba pendente unha transacción, ¿haina?

A señora PRADO DEL RÍO: Pois non sei, señor presidente.

Non sei se aceptan a transacción os grupos porque non se manifestaron na tribuna. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, pero quéroo saber porque, se hai transacción, se vota a transacción e se non... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Aceptan a transacción?

A señora PRADO DEL RÍO: ¡Como se vai votar sen saber se hai transacción!

O señor PRESIDENTE: ¿Aceptan a transacción? (*Asentimento.*)

A señora PRADO DEL RÍO: ¿Aceptan a transacción?

O señor PRESIDENTE: Si, xa dixeron que si.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas.

O señor PRESIDENTE: Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre as medidas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Xustiza para mellorar a organización xudicial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.*

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación do Pazo de Meirás, a Fundación Franco e a elaboración dunha lei galega de memoria histórica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *E votamos, por último, a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona María Ángeles Cuña.*

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia con respecto ao acordo do Concello de Sada en relación coa xestión que se está realizando do BIC-Pazo de Meirás.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Rematan aquí as votacións. Abran as portas, por favor.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Comunico unha alteración na orde do día, que é que na pregunta de dona Luca Chao e dona Ánxeles Cuña solicitan as interesadas a súa retirada. É a pregunta que figura co número de rexistro de entrada 13515.

Punto cinco da orde do día, interpelacións.

Interpelación de D^a Paula Quintero Araújo e D. David Rodríguez Estévez, do G. P. de En Marea, sobre o modelo de prevención e extinción de incendios forestais da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señores deputados, señoras deputadas, señora conselleira, moi bo día.

Chegou a auga e con ela parou de arder no noso país. O risco de incendios baixou polo cambio nas condicións meteorolóxicas, non foi tal polo traballo de prevención que se fixo ao longo de todo o inverno ou de toda a primavera.

Coa auga déronse por extinguidos o 27 de agosto 3 lumes que, tras comezar o martes, 22 de agosto, en tres concellos da provincia de Ourense, levaron por diante máis de 1.000 hectáreas de superficie. O último en ser apagado por completo foi o de Chandrexa de Queixa, que arrasou 369 hectáreas. Monterrei, con 327; Castro Caldelas, con 265; e o concello de Cervantes, con 120 hectáreas, foron os outros principais incendios nesa fatídica semana entre os revelados pola Consellería do Medio Rural. E digo «entre os revelados pola Consellería do Medio Rural» porque a política informativa da Xunta de Galicia sobre os incendios impide coñecer con exactitude cantos se producen en toda Galicia. E iso é así porque vostede mesma, señora conselleira, admitiu que se rexistraran un cento de incendios en xornadas nas que o seu departamento ofreceu información sobre pouco máis dunha ducia. Isto é porque Medio Rural só informa dos incendios superiores ás 20 hectáreas. ¿A que responde isto?

As baixas temperaturas e a choiva minoran o risco de incendios forestais, iso sabémolo todas e todos. Polo que se recolle no Pladiga, dende mediados de agosto ata comezos de outubro rexistráronse en Galicia nos últimos dez anos unha media de entre 150 e 200 incendios. Son menos que os rexistrados nos anos noventa, por exemplo, onde se chegaba case a 700 incendios en tan só unha semana.

Os datos definitivos deste ano 2017 non serán coñecidos, en calquera caso, ata que o Ministerio de Agricultura faga pública a estatística anual de incendios forestais. A do ano 2016 coñecémola aínda en abril deste ano, ou cando Medio Rural faga o propio co Pladiga do 2018, algo que non adoita acontecer ata a contorna do mes de xullo.

En agosto arderon en Galicia arredor de 4.000 hectáreas e o groso destes incendios concentráronse nas provincias de Lugo e de Ourense. Sumada á dos meses anteriores, incluídos os meses de inverno, permite concluír que no que vai de ano as hectáreas ardidadas superan as 7.000, unha cifra que semella ser inferior á suma acadada na mesma altura do pasado ano, pero que a política informativa do Goberno torna necesariamente en incompleta, facendo imposible situar no mapa todos os incendios que se declaran e se extinguen.

No pasado ano 2016, en apenas unha semana, no mes de setembro arderon unhas 7.000 hectáreas, un terzo de todo o ardidado durante o ano.

Partindo das devanditas carencias de información, é posible trazar un mapa dos lumes dos meses de xullo e agosto, nos que Medio Rural ofreceu datos concretos de arredor dunha corentena de incendios forestais, entre os que se destacaron lumes en Verín, con 1.400 hectáreas ardidadas, Xinzo de Limia, Laza, Montederramo, Celanova, Maside ou Vilariño de Conso.

As razóns que hai xa oito anos esgrimiui a Xunta para non informar sobre os incendios foron a necesidade de non xerar alarma social e a intención de evitar que os medios non publicasen os datos tal e como se dan —argumentaron daquela—.

O Consello da Xunta aprobou o Pladiga para o ano 2017, ese corta e pega que ano tras ano nos presentan, ese documento anual que dende hai unha década condensa todo o dispositivo de loita contra o lume en Galicia. O Pladiga saíu a escasos días do inicio de período de alto risco, o día 1 de xullo, o que nos parece dende En Marea unha irresponsabilidade moi grave. O Pladiga deste ano volve contar con exactamente os 303 medios de actuación entre brigadas aéreas e terrestres que tiñamos o ano pasado. A Xunta non remitiu o Pladiga ás entidades que forman o Consello Forestal de Galicia ata tres días antes de presentalo. Fíxoo mesmo despois de presentarlles as súas principais novidades aos medios de comunicación, con só unha fin de semana polo medio para poder analizar un documento de varios centos de páxinas. O que fixo que varias entidades presentes nese organismo consultivo decidiran non participar nel a xeito de protesta.

Segundo estas entidades, ademais da demora da Xunta en trasladarlles o documento, e da proximidade coa que se fai ao inicio do período de máximo risco, outra das prácticas da Consellería para abundar neste entorpecemento é poñer a hora do comezo do Consello Forestal despois do xantar, despois do mediodía, para deixar pouco espazo ao debate e tratamento en profundidade das cuestións da orde do día. Estas prácticas entorpecedoras das que falamos —salientan estas entidades— non son esporádicas, senón que constitúen o *modus operandi* habitual da Consellería do Medio Rural.

A Consellería do Medio Rural entrégalle ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais unha serie de vehículos que non cumpren coas características técnicas negociadas e recollidas nos pregos de condicións do concurso, e que nin sequera son axeitados para o seu traballo. Unha vez que os actuais vehículos *pick up* —cuxa eficacia e operatividade son mellorables— cumpriron os cinco anos, os sindicatos iniciaron en novembro do ano 2016 a negociación coa Consellería para a adquisición de novos vehículos. Aínda que a Xunta non atendeu todas as aportacións feitas polos representantes do persoal, conseguiuase unha me-

llora de certa importancia. As características técnicas pactadas foron publicadas no DOG do 23 de maio deste ano. Os contratos dos vehículos de persoal fixo remataron o 25 de marzo, mentres que no caso dos fixos-descontinuos remataron o 25 de maio.

Entón a Administración decide ampliar o contrato 113 días máis para os vehículos de persoal fixo, e 120 para os vehículos de persoal fixo-descontinuo. Con eses datos pódese percibir perfectamente que había tempo de sobra para licitar e entregar en tempo e forma os vehículos que se dedican e que se decidira que se foran entregar. Mais o 15 de maio do 2017, a Xunta decide modificar de novo as condicións técnicas dos vehículos do servizo público, volveo rebaixar as súas características técnicas. Atopámonos así con que se retiran vehículos actuais en vez de entregar os negociados. O que fan é entregar outros que para nada cumpren o pactado entre os sindicatos e a propia Consellería, e que nin sequera son axeitados para o traballo que desenrolan, xa que non contan con equipo de extinción, nin de auga nin de retardante, e teñen as características técnicas dun todocamiño e non dun todoterreo.

Referente á falla de persoal, varias centrais sindicais denuncian a falta de medios humanos no Servizo de Prevención e Defensa, da Xunta de Galicia, como consecuencia da total improvisación da Consellería do Medio Rural. Ademais, acusan a Consellería de mentir cando asegura que o operativo está en activo na súa totalidade dende o 1 de xuño, día que empeza o máximo risco, xa que, ata o día 14 de xullo, os traballadores da empresa Seaga destinados ao labor de extinción non deron comezo á súa actividade. De ser isto así, iso é moi grave, xa que vostede afirmou que o plan de incendios —o Pladiga— estaba activo na súa totalidade con 7.000 persoas o día 1 de xullo, data na que deu comezo a campaña de alto risco de incendios, de acordo coa orde do 15 de xuño do ano 2017, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 21 de xuño.

Ata o 14 de xullo, estes traballadores non deron comezo á súa actividade laboral destinada ao labor de extinción. Tampouco podemos esquecer as cuadrillas forestais contratadas polos concellos, xa que moitos destes non fixeron as contratacións, polas exixencias impostas desde a propia Administración, ata o mes de agosto nalgúns casos. Mais, aínda así, constaban os datos no cadro de persoal propio do Pladiga que vostede anunciou.

Moitas das cuadrillas forestais da Xunta están a traballar con dous ou tres compoñentes, feito que merma o operativo contra os incendios, da mesma maneira que pon en risco a vida dos propios traballadores e traballadoras. Esta escaseza de persoal debería de ser solventada mediante as correspondentes contratacións temporais, o que nin se fixo nin se espera que se faga. E están a producirse circunstancias no operativo contra incendios ben simpáticas —ou tristes, depende de como se mire—. Bombeiros forestais son incorporados xunto con condutores de motobombas pola falta dun responsable da cuadrilla forestal, deixando a súa zona de actuación sen medios para acometer os incendios. Isto pasou no distrito 12, do Miño-Arnoia, ou no distrito forestal 18, Vigo-Baixo Miño.

Total improvisación por parte da Consellería do Medio Rural no despregamento de medios humanos polos diferentes distritos forestais que integran o servizo público; de feito, traballadores deste denuncian a enorme temporalidade que padecen, e reclaman a convocatoria dunha OPE como persoal laboral. A temporalidade afecta ao 40 % dos traballadores e das

traballadoras e non se convoca ningunha unha oferta de emprego público dende o ano 2003 malia que as organizacións sindicais e a Xunta de Galicia teñen asinado un acordo de setembro do ano pasado polo que a Administración se comprometía a destinar o 20 % das prazas de emprego público. A pesar disto, das prazas convocadas para este ano ningunha é do servizo público de extinción de incendios.

Xunto a isto, chama a atención o feito de que do total do persoal, desas 7.000 persoas que vostede anunciou para loitar no dispositivo contra incendios, tan só 800 están contratadas durante doce meses ao ano, só 600 traballan nove meses ao ano, e 436 tan só durante tres meses ao ano; polo que non teñen dereito en moitos casos nin a percibir unha prestación. Isto merma as súas condicións laborais e tamén pon en risco moitas veces, por esas condicións laborais, a súa propia vida no traballo que están a realizar.

Quitáronse medios, como o helicóptero da base de Vilanova de Valdeorras, un dos distritos onde máis incidencia de lumes temos, unha zona orograficamente moi complicada, onde temos paraxes como a serra da Enciña da Lastra ou o Teixedal de Casaio —o único bosque de teixos de Europa—, todo o Val do Navea, do Bibeí, no Macizo Central.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: E vostede sabe que o tempo de reacción nun incendio é vital. A Xunta destinou moitos cartos, moitos miles de euros, a mellorar esa base. E agora retiran o helicóptero. Nós rexistramos unha iniciativa dende En Marea pola que pedimos que, por favor, neste ano, no que queda de curso, que arranxen eses problemas técnicos que teñen con esa base e que volvan restituír ese helicóptero, que cremos que é vital para a provincia de Ourense, é vital para toda unha comarca como a de Valdeorras.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Presidente, señorías, bos días.

Teño que comezar a miña intervención dando as grazas, dando as grazas no nome meu, e creo que de todos os galegos e as galegas, aos profesionais que ao longo de todo o verán —ao longo de todo o ano pero de maneira excepcional no verán—, e en condicións moi extremas, nas máis extremas, acompañados de falta de auga, velaron pola seguridade de todos os galegos e as galegas.

Señor deputado, en poucas cousas, despois de escoitar a súa intervención, podo estar de acordo. Eu tiña rexistradas unha serie de preguntas nas cales se tildaba os incendios de lacra. É no único no que podo estar eu de acordo de todo o que dixó ao longo da súa intervención. Co cal, pregaríalle que, cando lle dean a vostede esa información, sexa rigorosa.

Do que pode estar vostede tranquilo é de que, daqueles acordos aos que se chega coas organizacións sindicais, eses lévanse a cabo. Non se engana a ninguén, como se fixo en etapas anteriores.

Coincido plenamente en denominar como lacra os incendios forestais, tal e como pon nas súas preguntas por escrito. Eu iría máis aló: cada incendio intencionado é un atentado, é un atentado contra o rural, é un atentado contra o medio ambiente, é un atentado contra a economía, é unha atentado contra os animais, contra as persoas, e é un atentado contra as galegas e os galegos. Pero, señoría, non só en Galicia, senón tamén no resto de España, tamén en Europa; é dicir, é unha lacra que hai en todo o planeta. A veciña Castela-León, á cal dende aquí lle enviamos folgos, ten unha situación hoxe lamentable despois de que onte, sobre as sete e media da tarde, tivera seis focos consecutivos. E foi o caso de Cataluña, foi o caso de Andalucía, foi o caso de Portugal, cos cales estivemos nun principio, pero tamén durante o verán, cando aquí había condicións extremas. Pero eles precisábano. Foi o caso de Francia, de Estados Unidos, de Canada ou Australia. Ninguén se libra dos incendios forestais, pero tamén ninguén oculta xa a intencionalidade na maior parte dos lumes que se rexistran. Porque hoxe os medios de detección da causalidade son máis eficaces, e porque —témolo dito moitas veces— o monte e o pasto non se suicida só.

En calquera caso, chámame moito a atención dende que son conselleira —e as veces nas que teño unha interpelación, que estou aquí ou que respondo unha pregunta— que endexamais nomean vostedes os incendiarios. Non lles teño oído nin mencionalos, nin tampouco teño oído aplaudir as súas detencións, nin sequera exixir penas máis duras para os que nós consideramos terroristas do monte.

Miren, non existe unha desestacionalización dos incendios forestais. E non podemos dicir que os incendios forestais se apagaran coa auga este verán, porque escoitar que se apagaron coa auga este verán é faltar á verdade por activa e por pasiva. Foron as condicións máis extremas que houbo dende hai moito tempo —e, se non, simplemente hai que ver o histórico—, nas que se chegou a superar na maioría dos días os 40 graos. E os incendios aparecen cando as condicións atmosféricas fan o propicio para que estes cada vez sexan maiores. O que si existe é esa alta actividade nun período de condicións extremas, e as condicións extremas houboas este verán en Galicia.

Pero aínda nese período, o 80 % dos lumes non chegaron a unha hectárea. Ben é certo que iso é grazas ao persoal, ao bo persoal que traballa no servizo de prevención e extinción de incendios (*Aplausos.*): os bombeiros forestais, os axentes, os técnicos, os veciños, os condutores das motobombas, o operativo aéreo, os concellos... É grazas a todos eles, e tamén á sociedade, que cada vez está máis concienciada.

Os lumes concéntranse, concéntranse en determinadas áreas. E seguindo a Lei de montes, efectivamente, temos as parroquias de alta actividade incendiaria. Son un total de 73 parroquias, e a gran maioría están nas zonas de Ourense.

Continuamos reclamando medidas, por suposto, continuamos reclamando medidas contundentes contra os incendiarios e as súas accións, para que se impida o seu regreso ao monte

sen ningún tipo de vixilancia e control. Lembramos que, segundo o estudo da Consellería do Medio Rural, de cada catro lumes, tres son lumes intencionados. No que vai de ano, teño que dicirlle, xa que di que non somos transparentes, que nunca existiu maior transparencia que cando gobernou o Partido Popular, cando estamos nós gobernando. Pero unha que aquí está falando era alcaldesa no seu día, cando gobernaba un bipartito. Daquela si que non había información. (*Murmurios.*)

Eu hoxe téñolles que dicir que a superficie afectada polos incendios, a superficie queimada este ano, é un 46,2 % menor que o ano pasado. Son 9.500 hectáreas menos que o ano pasado. Pero de verdade que non veño aquí a presumir diso, iso é o que menos importa. O que importa é que non haxa nin un só incendio en Galicia. (*Aplausos.*) Pero que haxa un 46,2 % menos de hectáreas queimadas non quere dicir que non houbera unha alta actividade incendiaria. Non quere dicir que non houbera un grande interese en que Galicia ardera. De feito, houbo 487 incendios máis que o pasado ano.

Se falamos do verán, dende o día 1 de xullo ata onte mesmo, a superficie que ardeu en Galicia este ano foi un 72,2 % menor que a que se queimou no ano 2016, e un 32,8 % menor da que ardía no ano 2015. E, por suposto, non vou lembrar a que ardeu durante a época do Bipartito. Isto indica que o operativo coordinado pola Xunta de Galicia foi quen de facerlle fronte con éxito, e foi única e exclusivamente grazas a eles e á sociedade que isto foi posible. Lembro de novo: 487 incendios máis, alta actividade incendiaria, interese en que Galicia ardera, pero o 80 % non chegou a máis de 1 hectárea.

Dispuxemos dun total de 650 cuadrillas, 30 medios aéreos e 360 motobombas. E dispoñemos neste momento, porque, que eu saiba, que chova un pouco en Santiago, que estea chovendo na Coruña, non quere dicir que en Ourense hoxe estea chovendo, e as temperaturas seguen sendo altas, e seguimos tendo moita falta de auga. A isto hai que engadir as cisternas, as pas e os 280 vehículos. O operativo non só é que sexa de carácter público, é que tamén é equilibrado; equilibrado na súa composición e de acordo coa repartición de competencias existentes.

A prevención. Prevención e extinción de incendios é competencia de todos, ao igual que é competencia de todos un deber, que é o de cumprir a lei.

Xa son coñecedores —porque disto lles informei neste mesmo Parlamento hai uns meses— que dende a Consellería de Medio Rural nos puxemos en contacto con todas as administracións: coas estatais, coas locais, co Ministerio de Fomento, coas deputacións provinciais, coa Fegamp, cos concellos, tamén coas empresas eléctricas e tamén coas autopistas, para lembrarilles a normativa de aplicación e instalos a que cumpran e fagan cumprir a lei.

Aínda que os incendiarios seguen poñendo a proba o noso operativo e o noso dispositivo de loita contra os lumes, este continúa respondendo e faino con grande eficacia, cun tempo de reacción entre os 16 e os 20 minutos. Debo destacar o grande incendio que foi o de Verín, e o dispositivo de extinción estaba actuando en 8 minutos. Por certo, que este incendio se produciu nunha zona —como debe saber o señor deputado— que é arborada, perfectamente ordenada e tamén produtiva.

Casos paradigmáticos da actividade incendiaria son os que lles relato a continuación, para que non digan que non se dá información. Dáse toda a información necesaria. Son, por exemplo, o do concello de Pantón, en Lugo, onde dende o 1 de xullo ata agora mesmo houbo 46 incendios; ou o caso do concello da Agolada, onde houbo 48 incendios. Por iso estamos orgullosos do dispositivo, ese dispositivo que está conformado por 7.000 profesionais que fixeron que non ardera Galicia este verán, a pesar de que houbo unha alta intencionalidade para que iso se producira.

Dende o punto de vista do esforzo orzamentario, hai que dicir que unha terceira parte se destina á extinción e dúas terceiras partes destínanse á prevención; á prevención e a valorizar o monte.

Galicia conta con 10.500 hectáreas de cortalumes. Á parte disto, conta con 5.900 depósitos de auga, 412 construídos nos últimos anos, dos cales 789 son aptos para os medios aéreos. É dicir, Galicia en realidade ten unha boa coordinación.

Pois ben, a isto temos que engadir non só o esforzo que se fai dende a dirección xeral correspondente, senón tamén dende a de Agricultura, a de Gandería e a de Mellora de explotacións, para incorporar aos xoves, coa innovación de novos produtos, con medidas líder, con mobilización de terras, e ao final o resultado é que, se poñemos unha proporción, 1 de cada 10 euros se destinan á extinción e 9 de cada 10 a outras medidas, como é valorizar as zonas rurais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): A isto hai que engadir que o 98 % do monte galego é privado, e, polo tanto, está tamén en mans deses particulares facer un labor, e ese labor é xestionar os terreos forestais segundo a normativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, en ningún momento dubidamos da intencionalidade dos incendios forestais. Sabemos que alguén lle prende o lume. Aplaudimos as detencións, por suposto, e denunciámos a todo aquel que está prendendo lume. Non nos queira facer agora a nós culpables de que nós nos alegamos de que estea ardendo o monte. Eu son bombeiro forestal, e agradézolle tamén o agradecemento que lle está a facer ao dispositivo. Pero estalle agradecendo ao dispositivo o traballo que fai e despois, ao mesmo tempo, estalle recortando os dereitos, estaos privando de traballar. Temos 436 traballadores e traballadoras que traballan tres meses ao ano, non poden acceder ás axudas por prestación, etc. Vostedes son coñecedores dese feito. ¡Póñanlle remedio!

As vixilancias móbiles están a desaparecer. Como ben dixo vostede, nun incendio forestal onde se actúa en 8 minutos desde que se detecta, é un tempo de reacción moi bo, pero para iso ten que haber vixilancias móbiles. Vostedes suprimíronas polos militares, a operación Centinela, e están a cobrar 800.000 euros. Tamén é verdade que están a deixar cartos nos concellos. Na miña zona, polo menos, feiras non perden unha, están todo o día nela. E vixiar vixían máis ben o xustiño, jeh!

¿Que fixo este ano a Consellería de Medio Rural? ¿Que innovación trouxo distinta á dos outros anos? Unha camiseta que se presentou: «Eu tamén son cortalumes»; unha campaña e pouco máis. O dispositivo segue a ser o mesmo e o dispositivo segue a fallar.

A desinformación. Nos anos en que este departamento do Goberno galego estivo dirixido polo Bipartito o sistema de información de Medio Rural incluía todos os incendios declarados en Galicia, todos. Non tiña que depender do número de hectáreas, estaban todos declarados; con detalle sobre o concello e a parroquia no que se declaraban, as horas de inicio, as horas de control e fin, os medios que actuaban neles e as hectáreas ardidadas. Estes partes eran difundidos pola consellería dúas veces ao día, como creo que fai agora vostede tamén, e ademais, a todo aquel que chamaba por teléfono que quería información adicional, dábaselle. Este foi o sistema de información que a Xunta empregou durante a vaga de incendios do verán de 2006, que segue sendo a peor do último cuarto de século.

Os devanditos partes diarios chegaban a cuantificar nunha nefasta primeira quincena de agosto máis de 100 incendios distintos por día. Feijóo consideraba que ocultar datos era un erro, que non valía de nada, e vía na publicación unha motivación para denunciar os incendiarios. Pois vostedes agora os incendios que non teñen ou non superan as 20 hectáreas estanos ocultando, non os están sacando.

Cómpre analizar a nosa situación e articular medidas que permitan evitar estas traxedias. As políticas levadas a cabo durante estes últimos anos no medio rural demostráronse claramente insuficientes para a prevención e a extinción de incendios polas causas que xa vostede sabe e dixo aquí: abandono do rural, pero tamén pola falta de investimento nos servizos públicos, no Servizo de Defensa contra Incendios Forestais, que vostedes están desmantelando. Da reforestación, ¡que falar! Todo especies alóctonas. A política baseada na extinción e non na prevención, tamén lles sae moi ben. Existe na Administración pública galega un discurso unicamente produtivista do monte, que é negativo en termos sociais e en termos medioambientais, e que tamén é insuficiente en termos económicos. Por iso cómpre mudar as súas políticas de protección do territorio, prevención e extinción de lumes, avanzando cara a unha política de protección e conservación do monte galego como parte fundamental do noso ser social e económico.

A loita contra os incendios debe partir dunha estratexia integrada, na que os propietarios e a Administración teñan ben claras as súas competencias, de forma que se permita a realización de actuacións de xeito organizado e de xeito coordinado, conseguindo progresivamente que as accións preventivas teñan máis importancia dentro da planificación xeral da loita contra os incendios forestais que non as de extinción, que é o que está a pasar agora.

O Pladiga. ¿Por que non se aproba seis meses antes? Que sexa como resultante de meses de traballo e negociacións coa sociedade civil e coas maiorías sociais, e con eses consellos que están formados. Precisamos un modelo que perdure no tempo, que sexa froito do consenso entre os axentes sociais, entre as empresas e entre os partidos políticos.

Realización de campañas culturais e de concienciación, para que nesas parroquias nas que temos un índice tan alto de incidencia poidamos rebaixalo, de forma que a poboación asuma a defensa do seu propio medio, implementando plans de evacuación para que non pase como pasou en Portugal, que nos pode pasar aquí calquera día. Plans de evacuación e de emerxencia coñecidos e practicados polas poboacións limítrofes a aquelas zonas onde hai moita masa forestal. Elaborar un plan de risco localizando eses lugares e esas zonas onde hai máis incidencia de incendios.

Un novo modelo forestal, un novo plan do monte galego. Implementar a curto prazo medidas efectivas sobre a propiedade; posta en marcha de programas locais de xestión da propiedade que favorezan esa xestión conxunta. Redución da superficie ocupada por eucalipto. Establecer a prioridade absoluta ao incremento do patrimonio forestal. E isto si que o quero recalcar, reforzar o carácter público do Servizo de Defensa contra Incendios Forestais

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Hai que restablecer un mando único na loita contra os incendios. E hai que realizar a totalidade das contratacións da campaña do verán, do plan de defensa, a través das listas oficiais de contratación da Xunta. Temos que ter un servizo único e público, orientado á prevención antes que a extinción. A prevención como eixe central da actuación pública na loita contra o lume. Non empezar a regalarlles ás empresas eses postos; nin que os concellos uns cobren máis e outros cobren menos dependendo dos concellos que sexan. Atópaste brigadas desmotivadas... Si, señora conselleira. No Concello de Manzaneda...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...os operarios cobran máis que no Concello de Montederramo. ¡Por favor! E vostede sábeo. Cunha mesma orde de subvencións hai xente que está cobrando distinto.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: E o tema dos militares... Bueno, xa vou calar porque non hai por onde collelo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

Peche desta interpelación, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

De verdade que non é fácil responder a cada unha das cousas que eu estiven escoitando agora mesmo. Primeiro dicíase que no ano 2006 había unha política de total transparencia e información, e que se lle collía a todo o mundo o teléfono. Colleríase a todo o mundo menos aos alcaldes. Aos alcaldes non se lles collía o teléfono e estaban ardendo os distintos pobos, o meu o primeiro.

Señora Pontón, de verdade que eu era alcaldesa, co cal eu si que podo falar e vostede seguramente non o poida facer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En vez de coller tanto o teléfono, deberían de collelo a quen estabamos á fronte do operativo nos concellos e igual ao resto deixar de collelo e centrarse en apagar os incendios, porque foron 95.700 hectáreas as ardidias.

Queren ligar vostedes os incendios ao eucalipto, e estamos falando de que onde hai un maior número de parroquias incendiadas é en Ourense, e en Ourense non hai eucalipto. Arde cando lle prenden lume, sexa un viñado, sexa eucalipto ou non sexa eucalipto. Non podemos ligar os incendios a unha especie, en absoluto. *(Murmurios.)*

Falabamos do Pladiga e presentouse o Pladiga. É dicir, non é que se cree un novo Pladiga, é que hai unhas bases asentadas e a partir de aí o que se intenta é melloralas, e o que se fai, efectivamente, é presentalas a principios de verán. ¿Que poderíamos facelo antes? Seguramente que o podíamos facer antes.

No Pladiga ademais marcámonos unha folla de ruta, e é unha figura. E nesa figura, ademais, o que pretendemos é buscar obxectivos moi claros, pero tamén obxectivos moi ambiciosos. ¿E que dicíamos no Pladiga deste ano? Dicíamos, por exemplo, que non deberíamos de superar a media dunha hectárea de superficie arborada afectada polo lume. ¿Conseguímolos? Non de todo. Ata o de agora é 1,42 hectáreas/lume a media que temos. Iso si, con respecto ao ano pasado —miren que xa o único que fago é, excepto que vostedes mo pidan, comparalo comigo mesma, co ano anterior—, reducímolos nun 58 %.

Manter o número de lumes maiores de 25 hectáreas por debaixo do 2 % do total. Pois non chegamos ao 3 %.

Manter a porcentaxe de lumes menores ou iguais a unha hectárea por riba do 70 % do total. O número de lumes menores ou iguais a unha hectárea supera o 74 %, e na campaña de verán o 80 %.

Reducir o número de incendios con respecto á media dos últimos dez anos. Estaba en 559 incendios. Reduciuse este ano nun 21,5 %.

Reducir a superficie queimada total con respecto á media dos últimos dez anos, que era de 15.000 hectáreas. Reducímolos nun 27,2 % este ano.

E conseguir unha diminución no número de activacións de situación 2. Nos últimos cinco anos era de 13, e este ano logrouse que fora tan só de 3.

E todo isto acompañado dun tempo terrible, con moita seca, altas temperaturas e ventos moi racheados en certas zonas.

¿E todo isto grazas a que? Pois grazas a un operativo; un operativo que funcionou ben; un operativo co cal nos sentamos reiteradamente e intentamos mellorar as súas condicións, mellorar os seus EPI, mellorar as motobombas, mellorar os seus vehículos. E foron moitas as melloras, señor David, que se conseguiron ao longo de dous anos. ¡Parece mentira que vostede pertenza a ese colectivo! Unha cousa é a ideoloxía e outra cousa é a realidade. E non hai máis que ver os consensos aos cales chegamos. E cando chegamos a consensos é porque cumprimos. E mentres que eu estea aquí, por suposto, créanme que se vai cumprir.

Estamos nas mellores condicións para felicitar o operativo, un operativo que se defende por si só, que nin sequera ten que defender esta conselleira, cuns datos excepcionais nun ano tamén excepcionalmente seco.

Recordando: superficie ardida, 46,2 % menor que o ano anterior, son 9.500 hectáreas menos, e un 72 % menos que o pasado verán, no que ao verán se refire.

Grazas ao operativo, grazas aos investigadores, grazas ás forzas de seguridade, que foron quen de practicar varias detencións, e iso foi un alivio en Maceda, foi un alivio en Agolada, eu agardo que sexa un alivio en Pantón, e grazas tamén á colaboración cidadá, que ao final fai posible que as forzas de seguridade poidan actuar.

E seguiremos traballando, seguiremos traballando para que aqueles detidos e aqueles reincidentes non poidan campar ás súas anchas polo rural galego, non poidan campar ás súas anchas polos montes galegos, e polo menos poidan estar xeolocalizados.

Remato xa insistindo en facer un chamamento a toda a sociedade, non é unha camiseta o que presentamos, o que presentamos é ter conciencia, dende os máis cativos a calquera outra persoa, dános igual. Non só ten que ter conciencia o que vive no rural, aquel a quen nun momento determinado se lle pode asolagar a súa casa ou a súa plantación, e que calquera, dende unha cidade, pode estar pasando unhas vacacións, desfrutando do rural galego, e ocorrer o que ocorreu en Portugal.

Polo tanto, conciencia, non é camiseta. É dicir, eu tamén son cortalumes, eu rechazo os lumes, eu rechazo os incendiarios, eu vou denunciar cada un dos incendiarios. E a partir de aí seguir traballando, seguir traballando en positivo, e en común, e falar en común e que o monte ten que ser produtivo, ¡por suposto!, son 70.000 postos de traballo os que dá o monte galego. E son máis de 80.000 familias as que reciben ingresos dos montes galegos. Pero o monte é algo máis, é biodiversidade, o monte é para desfrutalo tamén socialmente, e non son só plantacións no monte, tamén hai pastos, e igual que hai pastos hai prados, e tamén ten que haber certo monte onde estea a fauna.

Moitísimas grazas, e grazas, sobre todo, aos que tivestes un interese ao longo deste verán polos incendios en Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Debate acumulado de dúas interpelacións.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bo día de novo.

Señor conselleiro, bo día.

Empezarei polo mesmo lugar por onde acabarei: pedímoslle que retire o Anteproxecto de lei de reforma da Lei de saúde, señor conselleiro. (*Aplausos.*) E ímoslle explicar por que llo pedimos.

Queríanllo explicar tamén hoxe nalgúnhas das manifestacións que se fixeron diante dos hospitais, que creo que tampouco fan ningún dano. Pero cabe mencionar e gustaríame trasladar o noso apoio..., hai aquí representantes dalgunha xunta de persoal que nalgunha delas, concretamente no Salnés, recibiron a visita, enviada pola Subdelegación do Goberno, da policía nacional para facerlles fotos e para ver quen se manifestaba e o que se dicía nas pancartas. Supoño que esa tamén é unha maneira de reforzar a atención sanitaria, non entendemos por que, pero supoñemos que é unha boa maneira de facelo, supoño que nos explicará por que.

Esta falcatruada —non a da policía senón a que fixeron vostedes en verán— vén precedida dun certo percorrido legal. En 2003 existía unha lei, centrada basicamente na ordenación, que deixaba fóra bastantes cuestións importantes, especialmente, por exemplo, en dereitos e en protección da saúde. En 2008 existiu, efectivamente, como se citou aquí, unha lei bastante máis completa, cun título único sobre dereitos, unha defensa do carácter público da sanidade, que se fai mediante leis, non pagando carteis, como se fixo nalgunhas EOXI, pagando 200.000 euros por carteis que unicamente cambian e poñen o nome de público. Debe de ser, por se acaso alguén xa empezaba a perder ese sentido, polo que llo poñen nos carteis. E tamén se fai con leis, e non traendo proposicións para cambiar carteis de hospitais como fan vostedes.

Aquela lei, bastante completa, recibiu exactamente 91 emendas do Partido Popular e unha á totalidade. Curiosamente, non se opoñían ás formas de participación, e incluso transaccio-

narón, por exemplo, o artigo 23.4, que falaba do dereito á información, que agora suprimen. Vostedes transaccionaron artigos que agora suprimen sen saber por que, efectivamente. Digamos que necesitarían unha certa coherencia interna para saber se realmente son capaces de transaccionar algo e despois mantelo nunha lei, porque transaccionar algo que logo un Goberno suprime...

Dende aquela lei —a pesar de que hoxe se dixo aquí que se mantivo todo o respecto— esta é a sexta modificación. Seis veces que se modifica unha lei e unha lei nova. Hai maneiras de facer unha lei: unha é facer unha proposta de lei completa e outra é modificar sistemáticamente unha ata que non quede nada de rastro da orixinal.

Sexta modificación que non estaba no programa electoral do Partido Popular, que non foi anunciada en ningún momento nin polo conselleiro nin por ningún membro do Partido Popular, que non foi explicitada a súa necesidade no discurso de investidura, que non se mencionou en ningún debate, que non houbo ningunha PNL que se levara á Comisión ou ao Pleno, que en ningún momento se trasladou a ningún colectivo relacionado coa sanidade a necesidade de facer esta modificación. E de repente, un 2 de agosto —a pesar de que, como se dixo aquí, é un día normal como outro calquera—, plantéxanse cambios realmente estruturais e fundamentais na Lei de sanidade máis importante de Galicia.

Xa sabemos que parece que son días normais do 2 ao 17 de agosto, pois non pasa nada en Galicia, son días perfectamente laborables, todo o mundo traballa. Debe ser tamén que se dá a curiosidade de que coincidira coas vacacións da maior parte da consellería. Pero debe de ser casualidade, porque os demais se supón que non tiñan ese dereito —polo menos por non non se preocupe, que estaríamos dispostos a traballar igual —, pero debe ser que consideraban que era a mellor época para fomentar a participación. É a mellor época para fomentar a participación pero non precisamente nas alegacións dunha lei de saúde, participación certamente lúdica da xente noutras cousas.

En todo caso, este anteproxecto ten varios defectos, basicamente de fondo e de forma. Na forma, evidentemente, queda constatado que si, pois estes 15 días de agosto non parecen ser moi decentes para plantexar un cambio tan substancial.

A presión e as alegacións que se manifestaron neses primeiros 15 días si obrigaron a facer... e isto xa vai ser unha maneira do PP de... Promovemos o dobre do tempo da lei, do que nos obrigan as leis, para que houbera participación cidadá, o dobre do tempo: en vez da primeira quincena de agosto facemos as dúas, no mes de agosto. Non pasaba nada por facelo en setembro. Se é que era tan urxente gustaríanos que nos explicara por que era tan urxente, por que era tan necesario facelo despois de acabar o período de sesións do Parlamento, por que era tan necesario facelo cando os cidadáns están normalmente de vacacións —os que poden—, por que era necesario cando os profesionais están de vacacións, por que era necesario cando os hospitais teñen —segundo datos da propia consellería— moita menos actividade e, polo tanto, hai menos capacidade de que a xente que traballa nos hospitais e que pode estar en contacto co ámbito especialmente sanitario teña máis contacto entre si. ¿Por que era tan necesaria? ¿Por que era tan urxente? ¿Por que non se anunciou antes e se promove en agosto? ¿É que de repente pasou algo o 1 de agosto que modificara esta necesidade?

Queremos saber realmente, porque se non o sabemos e aínda por aquí se vén a esta tribuna dicir, como se dixo esta mañá, que queremos impedir o debate... Lémbrolle que foi o Partido Popular o que vetou a comparecencia do conselleiro, por aquilo de dicir que se quere impedir o debate.

Aínda así, non se preocupe, señor conselleiro, non lle vai doer, pode vir aquí explicar as cousas e xa facemos nós algunha interpelación, podía ter comparecido por vontade propia, incluso poderían ter aceptado a petición de comparecencia que lle plantexamos na Deputación Permanente. Pero non se preocupe, non doe, poden explicalo, e ten a oportunidade de explicar por que esa urxencia, e teñen a oportunidade de explicar por que ese veto a esa comparecencia.

¿Por que esa covardía? Porque este é un método covarde, un método de medo, de escurantismo, de traballar ás agochadas. Mire, eu non teño fillos, pero a xente que ten fillos di que cando se está coidando dos fillos o peor que pode pasar é que non fagan ruído. Cando vostedes fan algo sen facer ruído, medo. Entón, eu creo que é moi importante que se fale das cousas. Estamos falando da tramitación dunha reforma da lei máis importante da sanidade de Galicia, e vostedes quixérona plantexar e iniciar en agosto, sen avisar, sen dicir, e ademais presumindo de que se anunciou aos sindicatos. Si, calculadamente entre 3 e 4 minutos antes. Estaban nunha xuntanza e dixéronlles: «por certo, imos publicar isto. Pero tranquilos que non pasa nada, non pasa nada, imos movelos de hospital, imos cambiar as áreas sanitarias, non vai haber participación cidadá, pero tranquilos que non pasa nada».

A participación, por decreto —artigo 23.4 que se retira, que dicía aquilo do dereito á información—. O dereito á información, retirado da lei, agora vai ser por decreto. Dicía Silvio Rodríguez: «Si saber no es un derecho, seguro será un izquierdo».

Señor conselleiro, ¿por que retiramos o dereito á información da lei, por que retiramos a función de avaliación que ten o Consello Galego de Saúde? ¿Por que? ¿Por que queremos concentrar servizos?

Mire, hoxe falábase aquí facilmente do Hospital do Salnés, a área sanitaria con menos servizos de toda Galicia, e que ademais ten unha curiosidade: cando os profesionais queren facer folga e se ten que facer unha fin de semana, se fan folga hai unha maior exixencia de servizos mínimos que dos que normalmente teñen traballando. A súa maneira de que haxa máis servizos é facer folga, porque así os servizos mínimos, que son obrigatorios, obrigaríalles a ter máis persoal. Esa é a situación que temos.

Vostedes, sen embargo, cando algún deputado no seu momento pediu a área sanitaria, e era do Partido Popular, apartárono e desapareceu da vida política, esa é a maneira de defender as áreas sanitarias.

Vanse perder servizos, evidentemente. Dentro das propias áreas sanitarias hai diferenzas, xa non é que exista unha clara diferenciación de servizos entre os grandes hospitais e os pequenos, que os hai. Vostedes falan constantemente de que van poder traballar os traballadores dos hospitais comarcais cos mellores especialistas. ¡Oia!, tamén hai bos especialistas

nos comarcais, que ás veces a xente tamén pensa en traballar alí cerca da súa casa, ou porque lle gusta máis a zona.

Pero é que dentro das propias áreas tamén hai diferentes servizos. Comentáballe isto á mañá, vostede no estaba pero sábeo. Eu, que son de Vilagarcía, teño servizo de cardioloxía un día a semana no meu hospital, pero alguén de Cambados, na mesma área sanitaria, non. Será que os de Cambados —é unha vila bonita, viven mellor, e agora que non goberna o PP a vostedes gústalles menos e por iso non fan nada en Cambados—, pero os de Cambados debe de ser que teñen menos problemas de corazón.

Señor conselleiro, hai problemas de diferenzas de servizos entre unhas áreas e outras, pero é que sempre saen perdendo as áreas comarcais. E non é posible aceptar que alguén que viva na Mezquita teña que ir para moitísimos dos servizos, e agora máis, dúas horas de coche a Ourense para ter que volver despois. Porque hai servizos que non poden ser aceptables. Eu entendo que non se ten que ter un servizo de transplantes de último nivel en todos os hospitais do mundo, pero creo que un cardiólogo é necesario en todos os hospitais comarcais. Creo que o servizo de pneumoloxía é necesario, creo que o servizo de neurocirurxía pode ser necesario tamén nos hospitais comarcais. Creo, sinceramente, que debemos ter servizos de psiquiatría nos hospitais comarcais.

Señor conselleiro, xa sei que vostede habitúa facer estas muecas de desagrado co que eu digo, pero eu si que creo que o servizo de psiquiatría debería de estar en todos os hospitais comarcais, e non está. E creo que os habitantes do Salnés, ou doutros hospitais comarcais, creo que merecen un cardiólogo todos os días á semana, porque é necesario, porque hai moita xente que o necesita. Vostede non, pero nós cremos que si.

¿Que pasa? Que o sistema clínico que temos o que provoca é que á sanidade privada lle gusta máis a atención, digamos, clinicamente máis sinxela que a máis complexa. Non lle gañan cartos ao traballo de oncoloxía, porque a oncoloxía é cara. Non lle gañan cartos aos traballos nos grandes transplantes, porque son caros. Aí gústalles que a pública teña bo nivel. O que queren que non traballe ben a pública é a traumatoloxía, o cardiólogo... ¿Por que? Porque a xente, cando ten necesidade, acaba indo a eles, e aí é onde a privada saca máis cartos. Se nós aquelas cuestións que son clinicamente, teoricamente, máis sinxelas as mandamos unicamente para os hospitais centrais, estamos facendo que toda a xente que ten que ir dúas horas para ver un esguince de tobillo —que poderá ser no momento en que teñan vostedes a tendencia, que este anteproxecto permite, de levarse os servizos para os hospitais centrais—, pois acabará indo ao privado, que vostedes é o que queren.

Fixeron un anteproxecto escuro, e vostedes pretenden legislar para consolidar unha sanidade de primeira e unha de segunda.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: E, señor conselleiro, dende o noso punto de vista, vostede xa perdeu a oportunidade de ser valente, xa perdeu a oportunidade de explicar as cousas, xa perdeu a oportunidade de demostrar que de verdade está no sentido da defensa da sanidade

pública. Pero, polo menos, explique aínda que só sexa as súas intencións, porque é moito mellor se as explica. Xa sei que non quería comparecer, pero é que a democracia parlamentaria ten estas cousas, ás veces un ten que vir aquí aínda que non queira. Por iso lle pedimos e lle damos a oportunidade que os explique, xa ve que o facemos con toda a boa vontade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señor conselleiro.

Hoxe, como xa lle trasladaron, está vostede aquí porque nós e porque a oposición no Parlamento o interpela. E eu quería poñer énfase neste punto porque os tres grupos da oposición solicitamos a súa comparecencia e, sen embargo, vostede non admitiu comparecer, e o seu grupo do Partido Popular trasladou a súa oposición á súa comparecencia. Tampouco vén vostede comparecer neste pleno ante os datos ofrecidos polo Instituto de Medicina Legal de Galicia sobre os suicidios en Galicia.

Parécenos bastante grave, señor conselleiro, esta desaparición súa, e dígollo con sinceridade, non o fago en ton discursivo nin é unha impostura. Dígollo porque, ante estes datos que se ofreceron a semana pasada, que ao noso entender son moi graves, ante as mobilizacións que se están dando nas áreas sanitarias e ante a propia opinión da oposición e dos sindicatos durante todo o verán, desde que vostedes publicaron o Anteproxecto de modificación da lei de saúde de Galicia, paréceme a min que o conselleiro de Sanidade... —oia, é unha opinión— paréceme que é grave que non veña vostede *motu proprio* comparecer neste pleno. É grave, señor conselleiro.

Así que hoxe ten que vir aquí porque o interpelamos, non porque vostede acepte a comparecencia nin porque vostede veña *motu proprio* comparecer. E interpelámolo precisamente porque no mes de agosto, unha vez máis, vostedes introduciron unha lei que é lesiva para a sanidade pública, ou así o entendemos nós. Unha lei, señor conselleiro, como dixemos no debate anterior xa esta mañá —no que vostede, por certo, non estaba presente—, que supón a defunción de catro áreas comarcais: Monforte, O Barco, A Mariña e O Salnés, que é a continuidade da política que vostedes levan practicando dende que entraron na Xunta de Galicia.

Primeiro eliminaron a súa capacidade de xestión eliminando as xerencias. Eliminaron tamén as xerencias de atención primaria. E agora danlles a última estocada eliminando precisamente as áreas de saúde e a súa capacidade de planificación a nivel sanitario. Non reaccionaron ante o fracaso que supuxo tanto fóra como dentro.

En Madrid vostedes —porque o Partido Popular de Galicia parece empeñado en copiar a política sanitaria da señora Aguirre e do señor Güemes— fracasaron tamén cunha área única

que destrizou a sanidade pública madrileña. Pero vostedes aquí tamén insisten e tampouco aprenden da experiencia propia, da do país, da de Galicia, porque vostedes non tomaron nota do desastre que supuxo a eliminación das xerencias de atención primaria e das xerencias dos hospitais comarcais no noso país.

Á atención primaria —levámolo debatido moitas veces— vostedes recortáronlle durante todos estes anos ata o infinito o orzamento, ata estrangulala. De feito, incluso nestes últimos orzamentos nos que vostedes defenden un incremento orzamentario, sempre segue sendo a atención primaria a que sae peor parada, e iso obedece ao seu modelo sanitario. Non hai pediatras para substituír. Agora, segundo vostedes, non hai matronas, a pesar de que temos persoas especialistas, enfermeiras e enfermeiros especialistas, que non traballan. Non se cobren as baixas dos profesionais e os centros están que se caen, señor conselleiro.

E logo recortaron tamén a xerencia das áreas. ¿E que pasou? Perdeuse axilidade nas reparacións; perdéronse os servizos de subministración; perdéronse os servizos de informática, os de contabilidade, os de recursos humanos; incrementouse a burocracia, porque cada vez que hai que facer algo depéndese do hospital grande do que dependen os centros. No Salnés, en Monforte, na Mariña, en todos os hospitais comarcais perdéronse, ademais, servizos, en contra do que vostedes afirman continuamente. E hai ademais persoal insuficiente xa de maneira histórica nestes centros. No caso do Salnés vivimos unha folga de celadoras e celadores. Non sei que vai facer a partir de agora a Xunta de Galicia, se vai seguir mantendo a merma de persoal.

Unha carencia histórica de servizos que ademais, por exemplo, neste centro eliminou o servizo que se estaba prestando en neuroloxía; diminuíron as consultas de cardioloxía; hai problemas noutra serie de servizos que se proporcionaban. Sucede tamén no Barco de Valdeorras, sucede na Mariña, sucede en Monforte. Hai menos especialistas e menos persoal incluso de enfermería; hai unha ratio en Monforte de 28 pacientes por enfermeira e unha ratio de 30 pacientes por enfermeira e enfermeiro en Burela.

E a pesar de todo, vostedes dan un chanzo máis e agora deciden suprimir as áreas sanitarias, inciden na destrución da sanidade pública. Vostedes, despois dos datos que acabamos de dar, dos resultados propios en Galicia e tamén alleos noutras comunidades autónomas, seguen incidindo nese aspecto, a pesar de que temos datos de que non foi eficiente.

Xa o dixen pola mañá, cando vostedes eliminaron as xerencias dos hospitais comarcais utilizaron unha mentira —a teor dos datos que temos— para xustificalo. Menos burocracia e menos gasto en altos cargos —dicían vostedes—. A burocracia incrementouse, porque para todo se depende dos grandes hospitais. E no caso dos altos cargos, xa o dixen pola mañá, segundo o informe do Consello de Contas, que non é de En Marea nin de ningún grupo da oposición: incremento do gasto en altos cargos dun 9,1 % dende que vostedes constituíron as EOXI e eliminaron as xerencias dos hospitais comarcais. Era mentira, era unha falacia, e, sen embargo, vostedes seguen acusando á oposición de que mentía a oposición. É Goebbels, é darlle a volta á realidade.

Ademais, señor Almuíña, o informe do Consello de Contas di algo moi grave, dunha extrema gravidade. Di o informe do Consello de Contas que só consta un informe definitivo de control financeiro permanente nas EOXI, o de Pontevedra-Salnés. E para iso non temos os datos.

Isto é unha vergoña, señor conselleiro, vostedes non auditan, non informan da xestión das EOXI, das xerencias, e agora veñen suprimir áreas. É dicir, non temos nin sequera informes do que están facendo a nivel económico, a nivel social e a nivel financeiro. Denúnciao o propio Consello de Contas. ¿Con que datos, con que lexitimidade vostedes toman medidas cando nin sequera poden aportar un informe do funcionamento das EOXI dende que vostedes as constituíron? É ridículo, dá vergoña, señor conselleiro. ¿Que tipo de xestión é esta? E dío o Consello de Contas, non o dicimos nós.

Ademais tampouco hai memorias dos centros. Non só para a oposición, nin sequera para que os propios profesionais poidan facer investigación pública. Non hai acceso aos datos de memorias dos centros. ¿Onde están? ¿Podería trasladalos aquí? ¿Como toman as medidas sen ter datos sobre a mesa? ¿Que ocultan, señor conselleiro? E isto é unha norma, señor Almuíña, e é gravísimo tamén porque dende que temos aprobada a Lei galega de saúde non se desenrolou practicamente —dende que están vostedes— o Consello Galego de Saúde.

Pero é que ademais agora inciden no recorte da participación social, e hai bastantes artigos desta lei que son moi interesantes. Vostedes eliminan o punto 3 do artigo 25, onde se trasladaba a composición dese Consello Galego de Saúde. É antidemocrático, señor conselleiro, déixano a unha valoración súa e a un posterior decreto. Desaparece a participación das asociacións de veciños, desaparece a participación das universidades, temos que agardar a que vostedes decidan incluílo nun decreto. ¿Por que o eliminan da lei? ¿Por que vostedes teñen tanta alerxia á participación cidadá?

E eliminan tamén no artigo 24 o punto 2, que outorgaba a presidencia ao conselleiro ou conselleira —non sei se vostede está abandonando parte das súas atribucións—. E eliminan algo que é moi grave, que é o acceso á información para os membros do Consello Galego de Saúde.

Pero é que ademais vostedes tamén tocan os consellos de saúde de área. É dicir, todo o que sexa descentralizar, participación, democracia, a vostedes non lles gusta. E eliminan, cárganse as atribucións no artigo 25, que designaba como se articulaban. Iso si, a partir de agora quedanos claro que teñen que ter representación os intereses económicos das empresas en todo o que ten que ver co deseño e a participación da nosa sanidade pública.

E hai outros aspectos moi interesantes, señor conselleiro. Eliminan vostedes o Plan galego de investigación. Desaparece, artigo 131. ¿Cal é o seu plan? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Facilitan vostedes máis a introdución da empresa privada. Gustaríanos, encantaríanos ter unha investigación pública que aportase para o público e para o privado. Pero ter unha investigación pública, non unha investigación dependente dos ingresos da privada; non unha investigación na que vostedes deixen os investigadores e investigadoras tirados. E, evidentemente, posterior desenrolo nun novo decreto. Non podía ser doutro xeito, porque vostedes están subidos á onda da opacidade.

En resumo, señor conselleiro —seguramente teremos ocasión de seguir debaténdoa porque considero que vostedes van facer caso omiso a todas as reclamacións que piden retirala—, vostedes, dende logo, non teñen ningún afán de facer ningunha modificación, nin sequera

que sexa participada. Non escoitan absolutamente a ninguén, creñse capacitados e capacitadas para decidir por todas e todos nós, e vostedes publican este anteproxecto xusto cando están sentados coas centrais sindicais, e non antes, como se trasladou esta mañá. Gustaríanos saber por que se fai así. Gustaríanos saber por que o fan en verán, por que o fan sen participación, por que vostedes, cun 47 % de votos, se cren con potestade de mudalo todo, de retirar os dereitos de toda a cidadanía e de mirar por enriba do ombreiro a todos os que lles din que a sanidade pública non é do Partido Popular, que é de toda a cidadanía, dos galegos e galegas que a construíron, e que dende logo vostedes non teñen carta branca para facer o que lles dea a gana. Retiren o anteproxecto. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi bos días, presidente.

Señorías, señor Torrado, señora Solla, moi bos días a todos.

A sociedade galega ten mudado moito nos últimos anos. O envellecemento da poboación, a cronicidade, os costumes, as comunicacións, obrígnanos a modificar a nosa forma de planificar e de realizar o servizo sanitario, o máis valorado pola poboación.

A lei que imos modificar ten dez anos de vixencia, e por este paso do tempo faise necesaria unha actualización para garantir e ampliar o sistema de saúde público, ademais de continuar na procura dunha óptima utilización dos recursos e dunha atención máis eficiente aos pacientes.

Ademais, o mapa sanitario de Galicia aprobouse no ano 1984 e nunca se desenvolveu plenamente. A partir do ano 2010 iníciase en Galicia unha forma diferente de coordinar os servizos sanitarios dunha área determinada: as EOXI, Estruturas Organizativas de Xestión Integrada. O principio que nos guiaba e o que nos segue guiando é básico: vivan onde vivan os nosos cidadáns, deben ter os mesmos servizos.

A atención primaria, piar básico da nosa asistencia, coordínase de forma directa coa hospitalaria, sexa a nivel comarcal ou de área. Dende a Consellería de Sanidade iniciamos o procedemento como nos indica unha nova lei aprobada neste Parlamento, a Lei 1/2016, no artigo 9: o portal de transparencia. Este pasado 2 de agosto publicamos o anteproxecto no portal de transparencia, abríndose o prazo para formular cantas suxestións estimen oportunas por vía electrónica, a través dun formulario habilitado na mesma páxina ou mediante a súa presentación en calquera dos lugares previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo. Pero ademais, e para continuar dando a coñecer o anteproxecto de lei e recoller as súas achegas, mantivemos reunións con sindicatos, con colexios profesionais, médicos, farmacéuticos, enfermería, veterinarios, odontólogos, fisioterapeutas, alcaldes e portavoces municipais destas comarcas e profesionais do Sergas. Esta semana, sen ir máis lonxe, imos falar coa Federación Galega de Municipios e Provinciais e tamén imos ter unha reunión nos seguintes días co Consello Asesor de Pacientes. O 14 de agosto, co fin de garantir a maior

transparencia e publicidade posible, ampliamos o prazo de presentación de suxestións ata o 1 de setembro, prazo total dun mes.

Insisto unha vez máis en que nos atopamos na fase inicial, na que se dá a coñecer o anteproxecto de lei, como xa fixemos a través dos procedementos legais establecidos pola Lei de transparencia e bo goberno, publicando o anteproxecto de lei no portal de transparencia. Unha vez que o anteproxecto, xa en forma de proxecto de lei, entre no Parlamento, comezará a súa tramitación parlamentaria, e será a partir dese momento no que os grupos parlamentarios poderán interpoñer as emendas que consideren necesarias.

O feito que se me reclamaba por covardía, de presentalo anteriormente, é por respecto a este Parlamento. Entendemos que é un debate parlamentario o que ten que haber. Ben é certo que os partidos políticos, como calquera outra organización ou a nivel individual, podían presentar as suxestións que considerasen oportunas. A día de hoxe, dentro do número de suxestións bastante importante que houbo —polo tanto a xente si leu esa lei e presentou alegacións—, os partidos políticos non presentaron ningunha, co cal entendo que os que estaban de vacacións eran os partidos políticos ou persoas pertencentes, e non outros colectivos.

E ademais de que a sede parlamentaria é onde debemos discutir —entendo eu— os proxectos de lei, tamén os cidadáns, a través da ferramenta da web do Parlamento de Galicia «Lexisla con nós», poderán volver opinar sobre os proxectos e proposicións de lei que se atopen nesta tramitación.

O anteproxecto cumpre ao máximo coas garantías de transparencia e participación. Comunicouse aos sindicatos o mesmo día que se publicou no portal de transparencia, ese 2 de agosto, e fíxose con eles un período que pecharía o 15 de setembro para que presentaran eles, dentro da Mesa, as alegacións correspondentes, e terán nos próximos días tamén reunión na Consellería.

Repito que estamos a falar dunha actualización da Lei 8/2008, de saúde, necesaria para seguir mellorando o sistema de saúde público, ademais de continuar na procura dunha última utilización dos recursos e unha atención máis eficiente aos pacientes.

Valoramos positivamente a participación de todo tipo de colectivos e representantes, e que se fagan todas as achegas que se poida para mellorar este anteproxecto de lei. Reitero que estamos na fase inicial, nos primeiros pasos, ata a súa derradeira tramitación en sede parlamentaria, co único obxectivo de conquistar un texto legal e enriquecedor que redunde na mellora do noso sistema sanitario.

A regulación de aspectos da lei a través de decreto obedece fundamentalmente a criterios de flexibilidade e axilidade á hora de ter que facer cambios e adaptacións.

Vou analizar —porque falamos moi pouco aquí, de feito chamoume a atención que, cando se publicou no portal de transparencia, no primeiro momento algún portavoz dalgún grupo político dixo que primeiro había que retirala e que despois a ían estudar—... vou analizar,

polo menos —aínda que isto chegará, como digo, nun momento posterior aquí ao Parlamento—, en qué consiste a modificación.

Recordo que, dos 137 artigos que ten a Lei 8/2008, se van cambiar, ou se intentan cambiar, en principio, 15 artigos, e que se incorporan 3 novos artigos dentro da creación dunha comisión interdepartamental con Educación.

O primeiro punto que se modifica é que se amplía a consideración de autoridade sanitaria a todos os inspectores sanitarios, así como aos xefes territoriais da Consellería de Sanidade. É un tema que simplemente ten o carácter de consolidar o exercicio normal da inspección dentro das múltiples funcións que ten a Consellería de Sanidade.

Respecto da docencia e investigación, pois, mire, a meirande parte dos artigos relativos á investigación e á docencia da Lei 8/2008 foron xa derogados por normas posteriores, polo que é necesario articular este aspecto adaptándoo á situación actual, despois da creación da Axencia Galega do Coñecemento e a Investigación en Materia Sanitaria, órgano dependente da Consellería de Sanidade que unificou as competencias dispersas en materia de formación, investigación e innovación. Leva traballando un ano, ou un ano e medio, e eu creo que tratando de facer un labor importantísimo, porque tanto a formación como a investigación, e, por suposto, a innovación, son a base do noso futuro.

O terceiro punto que se modifica neste anteproxecto é que se crea unha comisión interdepartamental en materia de educación e saúde. Esta comisión, como digo, é nova. Había unha comisión que continúa, de política social, polas indubidables coincidencias en materias entre a Consellería de Sanidade e as de Política Social e Educación, e por iso cremos que deben formalizarse os aspectos que xa estamos traballando de feito desde hai moitos anos: hábitos saudables, o tema de poder tamén facer formación para os alumnos en manobras de reanimación e resucitación, o tema da educación física, as dietas saudables. Todo o que conleva a formación da nosa xuventude é fundamental para ter unha sociedade e unha sanidade aínda mellor.

No punto 4, se o agrupamos en bloques, está a xestión de persoal. E son aspectos que foron pedidos por representantes sindicais; por exemplo, o concurso de traslados como procedemento de provisión no ámbito de centros e institucións sanitarias do Sistema público de saúde. Unha convocatoria do concurso de traslados poderá ter carácter permanente, mantendo a súa vixencia no tempo a través de resolucións de adxudicacións sucesivas e periódicas. E establécese tamén a posibilidade para a Administración sanitaria de definir itinerarios profesionais para o persoal do Sistema público de saúde de Galicia, entendendo como tales o conxunto de postos de traballo que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación común que habiliten para o seu desempeño polo persoal de distintas categorías do Sistema sanitario de Galicia. Todo isto é, como dicimos, unha norma que nos serve de marco para poder logo establecer o que é o miúdo desta lei coa representación sindical e cos profesionais do noso sistema.

O punto 5, o bloque 5, é a organización territorial. Como se destacou nalgunha ocasión, o mapa sanitario de Galicia é un instrumento de carácter estratéxico para a planificación e

xestión. O que se fai neste momento con esta modificación da lei é reforzar precisamente as estruturas e o sistema que se implantou no ano 2010, cunha coordinación específica, especial e, desde logo, moi importante entre a atención primaria e a hospitalaria, metendo dentro dela os hospitais comarcais, con máis funcións e máis servizos dos que tiñan no ano 2009.

Creamos e, ademais, homoxeneizamos o tratamento dos hospitais de Galicia, porque o que non di a oposición —si vén unha suxestión desde unha central sindical— é de crear áreas especiais tamén para A Barbanza, para Cee e para Verín, que a día de hoxe non figuran nunha normativa da comunidade galega como centros onde teñen que ter hospital. Nós blindamos absolutamente todos os hospitais, incluíndo Cee, A Barbanza e Verín, para que dean os mellores servizos, como digo, e como dicía, seguindo o principio básico para nós de aproximar os servizos aos cidadáns.

Con isto, a partir destes momentos, realizaríase a substitución do que é a EOXI actual pola «área sanitaria», que é o utilizado na maior parte das comunidades autónomas de España. Hai algún caso, como o País Vasco, no que utilizan a palabra OSI, parecida á nosa. Seguen máis ou menos, aínda que sen o grao de desenrolo que ten a nosa. E nós substituímos a palabra «EOXI» por «área sanitaria», e creamos os distritos, 14 distritos hospitalarios, que, como digo, inclúen aqueles, como Cee, A Barbanza ou Verín, que en ningún momento na Lei do 2008 se considerou que debían ter unha consideración similar á doutros hospitais.

O borrador do anteproxecto de lei polo que se modifica establece que o Sistema público de saúde de Galicia se ordena territorialmente en áreas sanitarias, distritos sanitarios —como digo, 14— e zonas sanitarias.

Dentro dos órganos de participación tamén se mantén a existencia dos consellos galegos de saúde e de área como órganos de participación. Pero trata de simplificarse a súa composición coa finalidade de facelos máis próximos aos cidadáns e máis operativos. Teñen moitas dificultades neste momento polo gran número de persoas que se introducen dentro da lei, e entendemos que deben ser moito máis flexibles e seguramente cunha participación, en número, representativa de todos pero, desde logo, que sexa operativa. Porque neste momento o número de consellos foi máis ben escaso.

E desde logo tamén —porque sempre se di que tratamos de eliminar órganos de participación— incorporamos á lei —que non existía ata o momento dentro da lei pero si estaba dentro da nosa actividade— a creación do Consello Asesor de Pacientes. É un órgano fundamental no que levamos traballado nestes últimos anos de forma fundamental, porque temos unhas asociacións de pacientes que, desde logo, forman parte xa incuestionable da toma de decisións desta consellería. E van seguir crescendo. De feito, no proxecto que estamos desenrolando neste momento, con fondos europeos (código C), están incorporadas moitísimas das ideas que nos aportan asociacións de pacientes de toda a comunidade autónoma, que afectan e engloban todas as patoloxías existentes. Algunhas delas, por exemplo, as enfermidades raras, durante anos estiveron máis alonxadas da información e da posibilidade de incorporar eses contidos, esas demandas e esas suxestións, e neste momento poden facelo a través diso.

Polo tanto, todas as medidas son unhas medidas que buscan mellorar o Sistema sanitario público de Galicia, que non buscan crear unha lei porque teñamos que crear unha lei. No tempo que leva o Partido Popular gobernando en Galicia fixo, como se dixo anteriormente, unha lei de ordenación. A Lei de saúde procede dos catro anos nos que gobernou o Partido Socialista co BNG. Nós non queremos eliminar a lei, cremos que ten aspectos positivos. Como vemos aquí, ademais, maioritariamente positivos. Porque imos cambiar, ou intentamos cambiar, unha serie de aspectos; en número, pouco numerosos. Pero cremos que estes cambios si van facilitar a mellora indubidable do noso servizo sanitario. E desde aquí pido a todos os grupos, a toda a sociedade, a colaboración para poder seguir mellorando este documento. Comentarei logo, na segunda parte, como son as suxestións e aspectos importantes que poden aportar. Pero estamos aínda nun proceso. Primeiro, falta moito tempo para chegar a unha aprobación da lei, e gustaríanos, como dicía anteriormente, máis que falar e tratar de que non haxa debate parlamentario, que haxa un debate de contidos e que todos poidamos chegar a un bo fin.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, con todo respecto, isto é un debate, non unha conferencia. (*Aplausos.*) É un debate sobre o que nós interpelamos. Se vostede fai unha comparecencia *motu proprio*, ata tería sentido. Pero xa que ten que vir porque o interpelamos nós, responda ao que lle preguntamos nós. Iso é o debate parlamentario. Claro, se alguén me di que os partidos políticos temos un portal de transparencia para facer alegacións e non sabe que os partidos políticos alegamos e emendamos no Parlamento, pois é moi difícil que comprenda o proceso democrático da tramitación dunha lei. Os partidos políticos temos o Parlamento. Xa sei que a vostedes non lles gusta que os demais o teñamos. Pero por agora aínda o temos. ¡En fin...!

Alégrame saber, iso si, que concordamos en que a Lei do 2008 ten moitos aspectos positivos. Entón agora gustaríame saber por que a emendaron na súa totalidade e votaron en contra. Pero, bueno, ese tipo de contradicións xa se sabe como son.

Xa que vostede practicamente, en realidade, non falou do que lle preguntamos, e estivo desaparecido en todo o mes de agosto, eu teño algunhas cuestións que vostedes plantexaron por vía dos seus grupos políticos municipais. Por certo, que se falaba de que queríamos recuperar a confianza nos sitios onde protestabamos —dicía o señor Núñez Centeno—. Apelando á mesma cuestión democrática dos votos, pode comprobar os resultados municipais alí onde vostedes prexudicaron bastante a sanidade a través dos hospitais comarcais. Creo que non teñen moitas alcaldías, e é por algo. Algo terá que ver. En todo caso, alí na Mariña, en Lemos, en Valdeorras e no Salnés si que cremos que é moi importante que algunhas das cousas que se dixeron se poidan, polo menos, explicar.

Mire, vostedes defenden moito e din aos profesionais que nós os atacamos aquí cando facemos alarma sanitaria, e que atacamos os profesionais. Mire, vostedes teñen un alcalde no Salnés, do que vou aforrar bastantes cualificativos porque creo que todo o mundo o coñece e xa sabe o que di. «*Durán —alcalde de Vilanova— culpa al personal de la fuga de pacientes del Salnés a Montecelo, y dice —presume de ser médico, pero é alcalde, leva moitos anos de alcalde— que los facultativos son más inteligentes que los políticos*». Interesante debate. Eu non sei se el se considera facultativo ou político, non sei como o considera vostede, que é facultativo e político. Os que non somos facultativos xa sabemos que somos, como di el, literalmente «tontos». Ademais di: «*La población no está contenta con el servicio del Hospital del Salnés, y los profesionales están atendiendo mal a los vecinos*». Eu rogaríalle que descualificase estas declaracións. Ou están a favor ou están en contra.

O señor Núñez xa sei que está a favor, porque onte reunise con el. E a señora Marta Rodríguez tamén está a favor, porque onte reuniuse con el. É o portavoz do PP na comarca, non fala ninguén máis da comarca. Así que o seu portavoz na comarca do Salnés di que os profesionais son moi malos, e que á xente lle gusta isto das EOXI porque os profesionais do Salnés son moi malos. Igual de aí teñen os resultados que teñen noutros lugares. En todo caso, creo que é moi interesante que poidamos seguir respondendo a algunhas cousas.

Din vostedes tamén moi habitualmente, respecto deste anteproxecto, que van blindar grazas a esta lei os hospitais comarcais. Gústame isto de que se blinden cunha lei os hospitais. O 23 de maio de 2017, non hai moito, debatíase unha ILP sobre o hospital de Montecelo. Léolle: «Para nós non é o marco legal o lugar para definir xeograficamente a localización de infraestruturas, e moito menos dos servizos sanitarios.» Naquel momento a lei non era un instrumento legal para blindar, ou para protexer, hospitais. Agora si, desde maio do 2017. Non tardaron moito en contradicirse. Podemos discutir co señor Jacobo Moreira, que foi o que fixo estas declaracións aquí mesmo, que en realidade discute bastante do que di vostede. Xa sei que a vostedes lles valía unha cousa en maio e agora outra. Xa sei que antes non lles valía a lei do 2008 e agora lles parece boa. ¡Seis modificacións, eh! Non é que agora a vaian modificar e que levemos funcionando con ela tanto tempo. ¡Seis! Iso en realidade é bastante curioso.

Tamén lin que, grazas á implantación das EOXI, se fixeron 22.000 cirurxías máis desde o 2009. Díxose por toda a Consellería varias veces, e por moitos dos seus alcaldes. É curioso, e gustaríame que me explicara como pode ser que desde o 2009 houbera 22.000 cirurxías máis en toda Galicia, pero supoño que en todos os hospitais. Ou é que mentiron cando daban eses datos, que os están dando nos concellos, ou é ben certo que todas as cirurxías novas que se fixeron desde o 2009 fixéronse nos comarcais e ningunha nos outros hospitais, que entendo que non. Pero, en todo caso, seguimos pensando que isto das incoherencias e de dar datos que son mentira debe ser todo casualidade.

O persoal. Vostede vén dicindo que agora imos poder ter persoal nas comarcas que vén dos hospitais centrais ou dos hospitais xerais, dos hospitais das grandes cidades. O que non di é que poden ir á inversa, que normalmente é o que estaba ocorrendo coas EOXI. Vostede queren trincarlle os dereitos ao persoal, señor conselleiro, trincarlle os seus dereitos. Van dicirlles onde teñen que traballar cada mañá, independentemente de se é nun hospital que está nun

lado ou noutro. E normalmente as experiencias din que os van levar para os hospitais máis grandes. E, por tanto, aquelas persoas que vivan alonxadas dos centros hospitalarios grandes van ter unha perda de servizos. Iso é o que vai pasar. En realidade ¿que é o que ocorre? Que vostedes queren potenciar os hospitais grandes e perder servizos nos outros porque lles parecen menos importantes.

A dependencia duns hospitais respecto doutros é ineficiente. Vostedes están sendo ineficientes. Claro, a vostedes ser ineficientes na sanidade sálle á conta, porque despois, para decidir sanitariamente neste país, reúnense con construtores para ver se colocan hospitais privados e con xerentes de hospitais que, bueno, que queren meter. Xa se sabe que a sanidade é unha cousa moi interesante para os negocios privados. E eses son os que definen a sanidade deste país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Polo tanto, fáganos caso por un momento e séntese a falar. Xa sei que non quería vir a este Parlamento, xa sabemos que non quixo explicar nada. Xa lle dixen que perdeu o tempo de ser valente, pero, polo menos, é posible falar das cousas. Lembre: os partidos políticos alegamos aquí, pero nós queremos diálogo primeiro; non cos sindicatos, que non houbo —tres minutos ou catro pode ser—.

Os recortes que están facendo e a dependencia de hospitais é ineficiente, e é moi desalmado. Xa llo dicía Agustín Hernández: hai que ter un pouco máis de alma para gobernar.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Polo tanto, señor conselleiro, retiren o anteproxecto, por favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Ben, señor conselleiro, ¿en que quedamos? ¿O 14 de agosto ampliaron o prazo como unha dádiva ou houbo un prazo especial ata o día 15 para os sindicatos? Creo que vostede non se pon de acordo. Nin houbo prazo específico para os sindicatos —é dicir, o prazo de alegacións era o que vostedes publicaron— nin foi unha dádiva que vostedes ampliasen o prazo de alegacións nin o fixeron por garantía de transparencia. O problema é que xa estaba o anteproxecto na opinión pública, as protestas das centrais sindicais, as protestas dos partidos e as protestas das áreas sanitarias. E por iso, ante o incremento das alegacións, que obedecían precisamente a esas protestas, foi que vostedes ampliaron ese prazo. Non é un regalo nin é con base na garantía de transparencia. Se vostedes quixesen garantir a transparencia, terían debatido pre-

viamente, de maneira pública nun diálogo aberto, a modificación dunha das normas máis relevantes. Porque para nós —ou polo menos para os deputados e deputadas que ademais traballamos coa sanidade— a saúde é algo básico, o sistema sanitario é básico, e ademais coincide que o 40 % do orzamento da Comunidade Autónoma corresponde á Consellería de Sanidade.

Pero vostedes non o fan por un asunto de transparencia, utilizan, iso si, moitos eufemismos habitualmente: flexibilidade, actualizacións, transparencia... Aquí somos todos adultos, somos todos maiores. Eu pregaría que foramos un pouco honestos e que vostede respondese ás cuestións que se fan na interpelación. Se vostedes querían mellorar as condicións do persoal, pregúntome por que non levan cumprido durante todos estes anos a propia lei, que di que ten que haber para todas as categorías unha oferta pública de emprego. Comecen por aí, comecen por recuperar a carreira profesional.

Vostede fala de que había que modificar artigos en innovación porque algúns xa estaban obsoletos. Pero en ningún lugar figura que vostedes tivesen que suprimir o Plan galego de investigación. ¿Cal é o seu plan para investigación?, volvo preguntarlle.

Fala vostede de maneira bastante eufemística sobre a coordinación especial entre os comarcais e os hospitais grandes. Especial é. É cada vez peor, cada vez máis burocrática, con cada vez menos servizos, con cada vez máis problemas para cada vez que hai que solucionar un problema nos hospitais comarcais —fundamentalmente informático, fundamentalmente de mantemento, fundamentalmente de aparataxe que se estropea—. Non sabe vostede os problemas que relata o persoal nos últimos anos, nos últimos cinco anos, desde que vostedes suprimiron esas xerencias.

E vostede fala de simplificar na participación. ¡Por favor!, ¿cre que imos tragar a escusa como crían que iamos tragar a escusa de que eliminar a xerencia se facía para reducir a burocracia e os altos cargos, cando ao final o resultado é o contrario? Se vostedes quixesen simplificar a participación, figuraría no texto legal que vostedes propoñen cal vai ser a composición. E lémbrolle que o texto legal o que indica agora mesmo é que todo se vai desenrolar en decretos posteriores. Deciden vostedes, só vostedes, por decreto. Así é como goberna o goberno do Partido Popular.

E, por favor, cando queira falar de prevención, de promoción da saúde, lembre primeiro que vostedes levan recortado un 21 % o orzamento de atención primaria e un 18 % o orzamento da promoción e da protección da saúde pública. Non se pode facer prevención e promoción da saúde sen profesionais na atención primaria. ¿Están preocupados? Preocúpese vostede dos enfermeiros e das enfermeiras especialistas de comunitaria. Preocúpese de repor os profesionais da atención primaria que se xubilan. Preocúpese pola atención primaria e pola investigación na prevención. Diso non se preocupan, pero é máis fácil introduci-lo aquí cun eufemismo, cun novo órgano, que vostedes non van poñer a funcionar para nada práctico porque non foron capaces dende o ano 2008 de poñer a funcionar de maneira efectiva todos os consellos de saúde de área. E iso tamén é responsabilidade súa. Agora recórtanos, pero é que previamente os deixaron anquilosarse.

E sobre as áreas sanitarias, xa que vostede non responde ás preguntas da interpelación, a min gustaríame que respondese ao que eu trasladei aquí. Se non hai datos —dí-o Consello

de Contas— sobre a xestión financeira, se non temos memorias dos centros, responda con que datos e con base en que información vostedes deciden suprimir catro áreas sanitarias e modificar substancialmente a nosa sanidade pública. Non hai información. ¿Vostedes levántanse pola mañá cunha ocorrencia? Ou ¿de onde sacan os datos? ¿Por que ninguén ten acceso, nin sequera o Consello de Contas? ¿Por que non sabemos como funciona a súa xestión dentro dos hospitais, dentro das xerencias? Responda, polo menos, a algo, para confirmar, evidentemente, que vostedes teñen unha xestión deficiente e sumamente opaca, señor conselleiro.

Remato xa, porque xa me rematou o tempo.

Prégolle que responda a iso e que traslade por que teñen que facer as cousas sen participación, por que vostedes temen a participación, por que non facilitan os datos. E, xa que están, a ver se dunha vez por todas facilitan xa os datos das listas de espera e sabemos dunha vez por todas tamén se van incrementar, aínda máis do que di o Consello de Contas, o que lle van pagar á privada, que está pedindo, a través deses lobbys, que vostedes poden reducir a lista de espera dándolle máis cartos aínda dos que xa lle estamos proporcionando.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, unha vez máis, por favor, ante as peticións dos sindicatos, dos partidos e dos colectivos cidadáns, retire o anteproxecto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Turno de peche desta interpelación, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que me sorprenden. Primeiro, dinme que son covarde, que non son capaz de vir ao Parlamento, e despois din que retire o proxecto, o anteproxecto, e que non o debatamos no Parlamento. Eu creo no debate, sinceramente.

Miren, vou falar dalgunhas claves que tamén se utilizan no tema de persoal, do persoal sanitario. Por certo, señor Torrado, non vou falar de persoas que non están aquí na sala. Eu, cando falo de alguén concreto, espero que estea presente para que me poida contestar e dicir se é certo ou non o que se di. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Sobre os nosos profesionais, temos un alto nivel, a nivel da Consellería, do Sergas. E, desde logo, levan facendo un gran labor durante moitísimos anos para que este servizo sexa o servizo mellor valorado por todos os cidadáns.

Mire, volvo repetir que con esta modificación se busca reforzar o papel dos hospitais comarcais e blindar tanto a súa existencia como a súa estrutura. Ampárase, deste xeito, tanto o persoal dos hospitais como a asistencia sanitaria de calidade para os cidadáns, que queda garantida. Non se modifica en ningún caso o actual sistema de contratación temporal, o que

tamén de vez en cando se conta —creo que por mala información— aos colectivos, xa que os profesionais poderán seguir anotados exactamente como están agora —neste caso no distrito—, como xa se facía na Barbanza, en Cee e en Verín sen ser áreas sanitarias. Non se introduce ningunha novidade para os sistemas de provisión de prazas, e a libre designación seguirá sendo de aplicación excepcional, como é ata agora mesmo.

A nova ordenación mellorará a xestión dos recursos humanos do Sergas en cada territorio, que derivará nun maior achegamento dos servizos sanitarios á cidadanía. Os profesionais seguirán, sen ningunha dúbida, ligados á área e manterán o seu destino orixinal.

Dígolles tamén —dicíao a señora Solla— o tema das prazas das OPE. Nós seguimos traballando nas OPE. Somos das poucas comunidades autónomas —agora que o estamos revisando coas demais— que seguimos facendo OPE periódicas cada certo tempo, cada moi pouco tempo. E moitas comunidades autónomas, desde o ano 2009 ata hoxe, non fixeron ningunha OPE. Polo tanto, nós imos seguir traballando nese sentido.

E digo tamén que nos gustaría seguir contando no debate, como dicía antes, coas suxestións e as melloras que seguramente esta lei vai ter ao longo de todo o trámite que nos queda por facer. O recibido ata agora foron arredor de 1.579 —e digo «arredor de» porque se está aínda facendo unha valoración e posiblemente haxa algunha que sexa repetida—. Creo que é unha boa participación para dicir que foi un mes pouco operativo. Creo que é unha participación importante, seguramente das participacións máis importantes. Dicíase que a anterior lei, a de 2008, recibiu menos suxestións. Ben, este trámite non existía. Había outros trámites posteriores pero o trámite este, o primeiro trámite, non existía.

E hai que dicir que a maior parte pide, como se di aquí —sobre todo as ligadas a algunhas organizacións sindicais—, a retirada sen máis, sen propor nada efectivo. Sen embargo, si hai suxestións que estamos valorando e cremos que van ser incorporadas, porque é certo que hai xente que aporta melloras.

Dicía, ademais, que creo que os propios partidos intervinientes e que me interpelan cren no modelo actual. Porque a crítica maior é que é irregular, que o número de servizos é irregular segundo os hospitais comarcais. Queren dicir que hai servizos, hai moitos servizos, pero son diferentes nun e outro lugar. Nós estamos falando dun modelo que queremos consolidar e seguir ampliando.

Cando di a señora Solla que hai menos servizos agora mesmo dos que había antes, teño que dicir —e creo que a xente da zona coñece o hospital— que en Valdeorras no ano 2012 non había ningunha das especialidades, que eran desempeñadas por xente que viña do hospital de Ourense ao Barco, non había ningunha. Perdón, había tres, no ano 2012 había tres; e neste momento hai dez, dez especialidades. En Monforte non había ningunha e agora hai catro.

Desprazamentos evitados dende o ano 2012 ata a actualidade son máis de 263.000. Evitamos que xente que vive na área dos comarcais estea na súa área e sexa atendida por especialistas do outro hospital alí.

Seguimos —tamén é certo— con incremento non só das especialidades que veñen dos outros hospitais, senón tamén creando servizos novos, pero novos. A hospitalización a domicilio xa está xeneralizada en Galicia, en todas as áreas. As últimas foron Verín e Monforte. Evidentemente no 2009, por exemplo, non existían.

Sobre as sesións dos hospitais de día, no 2009 non se daba ningunha sesión de hospital de día. Neste momento estamos en 21.000 sesións de hospitais de día nos hospitais comarcais.

As intervencións creceron arredor dun 13 %, 3.176 intervencións máis.

Ese é o modelo que nós defendemos, que a xente, encóntrese onde se encuentre, poida recibir os mellores servizos. E tamén, evidentemente, temos que ter servizos de referencia, hospitais grandes, que están suplindo o que se facía ata hai moi poucos anos, que era a actividade que tiñamos que facer en Madrid ou en Barcelona. Estamos minimizando para que todos na nosa autonomía poidamos resolver. A tecnoloxía, os investimentos, ¿como podemos dicir que estamos acabando cos hospitais comarcais...? Por certo, as mesmas voces que din hoxe que imos acabar co sistema comarcal, xa o dixeron no ano 2009. Pasamos estes anos e non ocorreu nada diso. Pero ¿como poden dicir iso cando se investiu, tanto en obras como en tecnoloxía e en instrumentación, máis de 18 millóns dende o ano 2012? Ou como imos seguir intervindo nos próximos anos, seguindo un investimento importante. En Burela estamos na fase 1, pero hai unha fase 2. Imos mellorar absolutamente todos, como tamén os centros de saúde.

Non é certo que caian os centros de saúde. Precisamente temos unha rede cada vez máis completa de novos centros, non só o que é o edificio, senón o máis importante, os servizos.

Seguimos traballando desde aquí, desde a Consellería, e pedimos o apoio de todos os grupos parlamentarios para facer a mellor lei de sanidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as catro e media.

Suspéndese a sesión ás tres e dezaseis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Xa son e media. O horario é o horario.

Retomamos a sesión co punto 7 da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coas deficiencias existentes no funcionamento do sistema xudicial a causa da insuficiencia de recursos, en especial, no eido da loita contra a violencia de xénero

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

Cando queira.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Bo día.

Xa trasladamos noutras ocasións preguntas e propostas relacionadas coa insuficiencia de recursos no conxunto da Administración de xustiza, pero hoxe queriamos incidir na situación que se está dando no eido da loita contra as violencias machistas. E para nós hai dous exemplos que sucederon este verán que nos parecen especialmente graves e que nos parece que son moi significativos da situación na que nos atopamos, que son os seguintes.

O primeiro —que xa se comentou incluso hoxe pola mañá— é a decisión do Ministerio do Interior de non nomear persoal substituto no que queda deste ano, que isto repercutiu obviamente na calidade do servizo xudicial en xeral. Pero para nós é especialmente grave a situación na que quedou o Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña no mes de agosto.

Eu penso que hai un acordo, que é que todas as que estamos aquí presentes entendemos que a atención ás violencias machistas require de formación especializada e require de protocolos específicos. Por iso entendemos que a suposta solución que se lle deu a esta problemática de que as funcións foran asumidas por un xulgado de garda non arranxa a situación que se viviu na Coruña. Foron moitos os colectivos e as persoas que puxeron de manifesto esta situación, pero botamos en falta declaracións ou busca de solucións máis visibles por parte da Xunta de Galicia. E non entendemos como as únicas declaracións que se fixeron a este respecto foron feitas o 17 de agosto, que, xa para empezar, é bastante máis tarde, semanas despois, de que o problema estivera instaurado. Foron declaracións feitas por vostede mesmo. E o único que se dicía era que se estaba tendo conversas co ministro de Xustiza para destinar maxistrados substitutos e que confiaba en que así sería.

Ben, vimos que isto non pasou. E nós entendemos que, cando o Goberno coñeceu esta situación de primeira man, o que tiña que facer, aínda que obviamente non fora competencia súa, era exixir e poñerse en contacto co Goberno de inmediato, non o 17 de agosto, senón moi previamente —que supoño que xa o farían—, para incidir especialmente para que esta situación se solucionara.

A esta situación sumóuselle outra situación que tamén nos parece grave, aínda que pasou un pouco máis desapercibida, que é que o xulgado especializado en violencia de xénero de Vigo pediu no mes de xuño unha persoa maxistrada de apoio para analizar o número elevado de casos de violencia machista que ten que tramitar, pola grave situación de perigo na que se atopa a vida destas mulleres. Situación á que tampouco se lle deu resposta.

Eu penso que coñecen de sobra a sobrecarga de traballo que existe nestes xulgados. Tamén saben de sobra que no verán, por desgraza, lonxe de ser un período no que as violencias machistas baixan, normalmente existe un repunte por unha cousa moi obvia, que é que hai máis tempo de convivencia, polo que normalmente existe un repunte. E os datos estaban aí para poderlle facer fronte. En marzo deste ano comprobábase que había un repunte do 9 % das denuncias por violencia de xénero en Galicia e que no mes de xullo pasou a ser incluso do 16 %. Falamos de que se presentaron 219 demandas máis que no mesmo trimestre de 2016, e nós entendemos que tiñamos que buscar unha solución. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quinteiro, efectivamente, hai un sistema de substitución de xuíces e de provisión de medios para o funcionamento da Administración de xustiza dentro do ordenamento xurídico, que é o que nós respectamos. Dígoo porque está aquí o señor Villares. Claro, o ordenamento xurídico, se se respecta, respéctase para todo. Non vale para unhas cousas si e para outras cousas non. Co cal, este sistema, que se pode romper segundo conveña, é o que ampara tamén que se poidan prestar os medios necesarios para que funcione a Administración de xustiza. Por certo, non é polo Ministerio do Interior —supoño que sería un erro que cometeu e non se decatou—, é polo Ministerio de Xustiza, co cal estivemos en contacto dende o principio.

Por certo, estou totalmente de acordo en que para traballar nun xulgado de violencia de xénero, para traballar en todas as ordes e xurisdicións penais, en todos os xulgados, pero especialmente na violencia de xénero, é conveniente a especialización. Pero é que estou seguro de que sabe que do que estamos falando é de que o problema é precisamente que, ao falar dun xuíz substituto, o xuíz substituto non soluciona o problema da especialización. Estamos falando doutro tipo de solución, dunha solución máis permanente. Precisamente por iso o que o garante é que, cando se producía unha vacante, unha vacante dun mes —por certo que se producía todos os anos, e, en efecto, este é o primeiro ano no que non se produce esa substitución de xuíz—, nalgún ano no que non se nomeou o seu substituto o que se facía era o que se fai en todas as ordes xurisdicionais. E o señor Villares teno que saber perfectamente, porque o ordenamento xurídico —que el respecta ou non respecta segundo lle conveña— é o que ampara que sexan outros compañeiros xuíces dese partido xudicial, cando é posible, os que fagan a substitución. Por tanto, isto é o que debería facerse cando non se nomee un substituto.

O problema concreto xurdiu o 11 de agosto, que é cando se produciron as vacacións da persoa titular, do xuíz titular do Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña. Eu xa falara bastante antes co ministro de Xustiza —o 26 de xullo foi en persoa, e antes non en persoa, que non tiveron ocasión de estar con el persoalmente—, e xa lle transmitín a necesidade de afrontar este problema, e non só no que se refire á violencia de xénero. Aí especialmente, pero tamén

noutros xulgados onde se podían producir vacantes. El manifestoume que estaba en conversación co Tribunal Superior de Xustiza. E aí hai que solucionar o tema. É que, sobre o que ten que facer a Xunta de Galicia, eu non estou de acordo en absoluto... Porque aquí hai declaracións moi irresponsables. Vostedes chegaron a dicir que o Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña estaba pechado. Vostedes dixérono. Entón eu digo que creo que é unha boa nova para todos que suban as denuncias, porque estou seguro de que hai moitas situacións que había que denunciar e non se estaban denunciando. Pero que suban as denuncias quere dicir que hai máis concienciación, que as mulleres se atreven e que saben que teñen unha vía de saída. Entón eu dígolle: ¿que pensarían as mulleres que estean pensando en denunciar a súa situación cando ven que vostedes din que o xulgado está pechado, cando lles din que non poden facer nada porque, se van alí, ninguén as vai atender, cando iso é absolutamente mentira?

E empecemos a falar en serio deste tema e non facer nin oportunismos nin contar medias verdades nin dicir que teñen que solucionar as cousas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...administracións que están facendo a súa parte.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Sabe vostede, estou seguro...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. Grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...que as prolongacións de xornada en violencia de xénero a Xunta de Galicia as está atendendo dende o principio. Polo tanto...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...non poden mentir e están mentindo, como respecto do ordenamento xurídico, que cumpren ou non cumpren segundo lles conveña. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: O primeiro é que está moi preocupado polo tema e por iso empregou dous dos tres minutos para falar doutras problemáticas e tratar de confundir. (*Aplausos.*) Estamos falando dunha cuestión concreta na que seguramente vostedes non teñan moito interese, porque a súa resposta a min paréceme indignante. Indignante que

diga que xa falou co ministro de Xustiza. ¿Para que? Para esperar, porque pasou o tempo e non hai ningunha solución. Entón eu diría que irresponsable non é que a oposición faga declaracións para pór máis medidas para loitar contra as violencias machistas. Irresponsable será que as administracións que están gobernando non poñan os recursos e os medios necesarios que precisan as mulleres deste país para que non sigan morrendo. (*Aplausos.*) Iso é irresponsable e non as declaracións que fai a oposición. E, por certo, cambia as palabras e mente, porque non dixemos que o xulgado da Coruña estivera pechado. Dixemos que o que se estaba facendo era unha atención de peor calidade, que nós exixiamos unha atención especializada no xulgado e que se substituíra o maxistrado para que a sobrecarga de traballo do xulgado de garda non repercutira negativamente nestas mulleres que van denunciar. Entón, intentar vender ou dicir demagoxicamente que a oposición fai que as mulleres non vaian denunciar, iso si que é oportunista. Porque nós traemos aquí unha pregunta, nun ton, ademais, bastante conciliador —foi vostede o que, de repente, empezou a atacar a oposición—, para un tema que é importante, que lles preocupa aos colectivos feministas, ao Colexio de Avogados, que lle preocupa ao Observatorio da Violencia de Xénero, ao Goberno da Coruña. E vostede non deu ningunha contestación. E, ademais, é bastante ridículo que falen do ministro de Xustiza coma se non tivera nada que ver con vostedes, cando quen goberna no Estado español é o mesmo Partido Popular que goberna na Xunta de Galicia. Entón, é aínda máis ridículo que falen dunha relación coma se non tiveran nada que ver. Están xuntos en congresos, séntanse con eles, coñécense e estame dicindo que non lle puido dicir nada para que se substituíra esta persoa en Galicia.

Pouco máis hai que dicir. A verdade, moléstame especialmente que cada vez que se trae un tema contra as violencias machistas saian con esta maneira de contestar. Iso si que é oportunista, e que despois vaian vender pactos de Estado, vaian vender que queren loitar contra as violencias machistas, mentres seguen recortando...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...e mentres seguen pechando... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señora Quinteiro, pechando, o subconsciente: pechando, ¡pechando!... (*Aplausos.*) Se é que... Miren, primeiro xa o dixeron; segundo, acábao de repetir. ¡Se é o que queren translucir! (*A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.*) Se o de menos é esa mensaxe perigosa e mentireira, e tan arriscada para as mulleres que intentan denunciar e que están pensando que as van atender mal, ¡que non vaian! É desanimalas, cando o que temos que facer —dende logo, estao facendo a Administración da Xunta de Galicia e deberían de facelo todos os partidos políticos— é incentivar que suban as denuncias, que iso é o conveniente.

Agora, vostede rematou do mesmo xeito irresponsable co que empezou. Dime que eu lle falo doutros temas. Falar de non respectar o ordenamento xurídico non son outros temas, señora Quinteiro. É que é a base de todo, é que, se non respectamos o ordenamento xurídico, non temos un sistema para solucionar estas situacións que se dan.

E claro que falei co ministro e claro que lle dixen que había unha situación grave, que xa coñecía perfectamente. E o ministro explicoume as súas razóns, e eu díxenlle o que pensaba desas razóns. Díxenlle que, dende logo, a Xunta de Galicia si que ía cumprir cos seus compromisos. E temos prolongacións de xornada en todos os xulgados que atenden violencia de xénero; dende logo, nos específicos; dende logo, nos das cidades e, dende logo, naqueles que teñen un volume que si o fai conveniente. Estámolo facendo e iso custa uns cartos, moi ben empregados.

Claro, vostede iso non o di porque entón se lle desfai o discurso do colapso, dos recortes, ¡do peche!, como rematou. E non poden facer o discurso político cun tema co que non deberían facer política. *(Murmurios.)* E isto é o que hai. Vostedes fan política con este tema continuamente, dentro do ordenamento xurídico que estiran coma un chicle, que rompen cando lles convén e, cando lles convén, apelan a el. Pois nós imos apelar sempre, con datos, con coñecemento... *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Señora Quinteiro, silencio, non está no uso da palabra. Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Mire, isto é tan absurdo que eu lle podería preguntar —segundo o seu absurdo de que o ordenamento xurídico son outros temas—: oia, e o alcalde da Coruña ¿por que non solucionou o problema, se é tan fácil de solucionar para unha administración que non ten competencia? ¿Por que non nomeou el un substituto? Porque non pode, porque o que ten que facer é falar co Ministerio de Xustiza. ¿Falou? ¡Non! Que fale a Xunta de Galicia e, se a Xunta de Galicia non pode solucionar o problema, xa están a señora Quinteiro e as Mareas de Podemos no Parlamento para dicir que o PP non fai absolutamente nada. E este é o círculo perfecto dun ordenamento xurídico que vostedes respectan ou non respectan segundo lles conveña.

Señora Quinteiro, eu creo que, tal e como acabou vostede a súa intervención, retratouse perfectamente. ¡Un pouco máis de responsabilidade, un pouco máis de botar unha man e un pouco menos de facer política coa violencia de xénero! Sei que para vostedes é imposible, porque para vostedes a política éo todo e os asuntos importantes son o de menos, e o ordenamento xurídico son simplemente outras cousas das que non é necesario falar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre se o Goberno galego comparte que a loita contra a violencia machista ten que alumear as políticas de todos os gobernos

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

A verdade é que é moi triste e moi lamentable que un vicepresidente da Xunta remate a súa intervención dicindo «para vostedes a política éo todo e os asuntos importantes son outra cousa». Que un vicepresidente da Xunta de Galicia no Parlamento de Galicia acabe de dicir esta frase é excesivamente lamentable. (*Aplausos.*) Porque a política, señor vicepresidente da Xunta, non é algo sucio. Ao mellor para algúns desa bancada, non digo todos os que están aí, nin sequera algún en concreto ou algunha persoa en concreto, pero ao mellor para ese partido, para eses que están procesados en Madrid por corrupción, pode ser que para algún deses si que sexa unha cousa sucia. Pero, para estes que estamos deste lado, é a única maneira de poder cambiar as cousas e de poder cambiar o mundo. (*Aplausos.*)

Non sei por que, pero vou facer a mesma pregunta que acaba de facer a señora Quinteiro. Lamentablemente, vostede vaimos ter que contestar o mesmo que lle contestou a ela, ou algo parecido.

Eu si dixen que o Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña estaba pechado por vacacións. Fun eu persoalmente quen o dixi, pero fixen un símil coas películas... (*Murmurios.*)

Presidente, a min gustárame poder explicarme.

Fixen un símil, unha metáfora, coas películas e as series nas que, cando se pecha a porta, se lle dá a volta e dise: «*Vuelvo en cinco minutos*». Iso foi como comezou a miña rolda de prensa despois de que o Observatorio de Violencia Doméstica fose quen saíse á palestra esperando a que vostede, que xa falara, polo visto, co ministro o día 26 de xullo e incluso moito antes, dese algunha explicación ao propio xuíz titular do Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña, que colleu as vacacións o día 13 de agosto, e que segue de vacacións porque aínda non se incorpora ata o día de mañá. Polo tanto, asumo esa frase, pero foi unha frase metafórica. Pode ser que, como na Televisión de Galicia suelen acurtar as intervencións da oposición, vostede non vise a cinta completa para saber qué foi o que se dixi. (*Aplausos.*)

Tamén pode ser que o ministro de Xustiza, que o día 27 de xullo —xusto ao día seguinte de falar con vostede— se lle caeu LexNET e tivo cinco ciberataques que fixeron que o sistema non funcionase, estivese preocupado das cousas importantes e non da política e da violencia de xénero. Tamén é posible iso.

¡Que lle vou contar que vostede non saiba!, porque, polo visto, xa nos acaba de dicir que o sabe todo sobre o xulgado de violencia. Este xulgado de violencia da Coruña, un dos dous que hai en Galicia especializados, atendeu o ano pasado ao redor de 1.200 denuncias, a cifra superior dende o ano 2009. Resolveu ao redor de 1.200 asuntos penais e civís, señor vicepresidente. Non só son materias penais. En violencia, en concreto, dende que o Partido Socialista modificou a lexislación tamén se resolven asuntos penais precisamente para darlles a esas mulleres, que non só teñen que poñer denuncias no xulgado, tamén van á comisaría, á Garda Civil e á policía autonómica, non só no xulgado poñen as súas denuncias...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán. Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: Teñen que atender as dúas cousas.

Logo continúo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señora Vilán, pois non sabía que fora vostede. Decepcióname ¡eh! Porque, polo menos, estou falando cun partido que en principio respecta o ordenamento xurídico. *(Risos.)* Supoño, supoño, salvo que vostede me corrixa e me sorprenda aínda máis do que me acaba de sorprender.

Ou sexa que foi vostede a que dixo que o xulgado estaba pechado, que efectivamente foi o que saíu no titular. Iso si, se unha muller que está pensando en denunciar le iso e despois vai ao corpo da noticia —nas axencias que o reflectiran— vería que o que estaba facendo era un símil cunha película. ¡Claro!, entón as mulleres que están nunha situación moi delicada xa elas profundizan como profundiza vostede, teñen esa fina ironía que ten vostede de fina política, e entón saben que ese titular é o de menos porque vostede o que estaba facendo era un símil moi afortunado, moi pouco arriscado e moi útil para as mulleres que están pensando onde teñen que ir. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Noraboa, señora Vilán, noraboa! Se algunha muller que estaba pensando en denunciar se botou atrás porque a leu a vostede, noraboa, estará vostede moi tranquila.

E mire, si, repítollo e aclárollo: a política partidista que fan vostedes non é absolutamente nada, non vale de nada, non vale de nada. E voullo explicar cun exemplo: a política partidista, que depende de quen a faga, é para botalo todo e escandalizarse; pero, se o fan os meus, entón hai que estar calado.

«*El sindicato de trabajadores de la Administración de justicia de Andalucía denunció ayer...*» —noticia do 8 de agosto—... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, bueno, claro, é aquí. Claro, é que a violencia de xénero é un problema local, é un problema local. ¿Dáse conta do que é a política partidista, o de «non me poña un exemplo que me prexudique que entón me rompe o discurso partidista?»». *(Aplausos.)* Esa é a política que a min non me gusta.

«*El sindicato de trabajadores de la Administración de Justicia de Andalucía denunció ayer*» —insisto, 8 de agosto deste ano— «*que el Juzgado de Violencia de Género de Córdoba está desasistido porque no se cubre la vacante del juez titular, situación que se produce en el período vacacional de este titular desde hace años, sin que el Ministerio o la Junta de Andalucía hagan absolutamente nada*».

¿Sabe o que pasa? ¿Sabe o que dixo a Junta de Andalucía? Pois o que ten que dicir, que a competencia da Junta de Andalucía... E eu non sei, pero espero que si —eu non vou facer política partidista aquí—, espero que faga todo o que poida facer, que é o que está facendo a Xunta de Galicia, que é reforzar o traballo dos funcionarios que son da súa competencia.

Claro, aí o Partido Popular non dixo nada, porque o Partido Popular non fai política partidista. Alí a Junta de Andalucía non dixo nada... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, porque non se entera. Ben, bueno, cada vez dáme máis a razón. *(Risos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

Imos rematar esta pregunta.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Volvo dicir o que lle dicía á señora Quinteiro: olviden a política que non vale de nada, que é a política que fan vostedes en asuntos fundamentais. Sexa un pouco máis rigorosa, porque hai mulleres en situacións complicadas que non están para interpretar as súas ironías e traballen codo con codo con nós aquí, que é o que fai falta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Bueno, á parte de ser lamentable que vostede considere a política unha cousa sucia, ademais nin é cinéfilo nin se ve que sexa demasiado partidario de ver series de televisión en plataformas como Netflix. Agora entendo por que para vostedes a cultura tiña que ter un 21 % de IVA e non un IVA máis reducido. Tamén é bastante lamentable.

Señor vicepresidente da Xunta, A Coruña e Vigo, os xulgados de violencia de xénero da Coruña e Vigo, os titulares, a titular de Vigo e o titular da Coruña, protestáronlle tamén a vostede, tamén ao Goberno da Xunta, pola situación nos seus xulgados, porque non teñen medios persoais suficientes, porque non teñen medios materiais suficientes, porque teñen uns horarios que rematan pola tarde cando non están de garda, todos os días. Teñen horarios nos que moitas veces rematan ás 8 da tarde no xulgado, dende as 9.30 ou 10 da mañá. Esa é a súa situación habitual; non en vacacións, senón a habitual. E vostede sabe que o titular do xulgado da Coruña lle pediu un substituto ao Ministerio de Xustiza, e non lle fixeron caso. Non é que non lle fixeran caso, é que lle dixeron que non porque xa remataran cos fondos no mes de xuño —o 106 %, que o esgotaran xa—, e que, polo tanto, non ía haber substitución non só para eses xulgados senón para ningún outro xulgado de Galicia.

A verdade é que é moi triste que hoxe, que aprobamos unha proposición non de lei por unanimidade desta Cámara para exixir demandar máis medios ao Ministerio de Xustiza, vostede veña aquí con esta actitude chulesca a dicirnos que dende este lado facemos política partidista e que non serve absolutamente para nada. Porque hai moitos galegos e moitas galegas,

miles de galegos e galegas, que nos votan e que merecen un respecto. Unha cousa é que non me teña respecto a min e outra cousa é que non lles teña respecto a esas persoas que votaron o PSdeG e o resto da oposición (*Aplausos.*) E non llelo ten.

Non lle vou facer a pregunta, porque xa sei que me vai contestar que non comparte que a política de violencia de xénero sexa parte do alumeamento das súas políticas.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán, rematou o seu tempo.

Para pechar esta pregunta, o señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señora Vilán, non me vai facer a pregunta porque ten medo da resposta, de que sexa... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non ma fixo. Se ao final era o de menos, era o de menos a pregunta. (*Murmurios.*)

Pero voulle responder a pregunta aínda que non ma fixo, porque se dedicou a falar doutras cousas, a falar de Netflix e tal... Agora o meu problema e o problema das mulleres que están pensando en denunciar no xulgado da Coruña é non ver Netflix. Entón, non a entendemos a vostede, que é unha gran cinéfila, unha gran visionaria de series, e entón ve Netflix e está moi ilustrada, e pode permitirse facer esa serie de comparacións.

Baixen un pouco ao chan e pónase ao nivel da xente, que ao mellor non é tan cinéfila nin tan ilustrada, e pense que necesitan referencias máis claras, señora Vilán, máis claras. E, polo tanto, mire, vólvolle dicir: 14 prolongacións de xornada que hai nos xulgados de violencia de xénero, á parte doutras moitas máis, ata 80, noutras ordes xurisdiccionais. Ese é o compromiso da Xunta de Galicia para loitar contra a violencia de xénero, á parte doutras moitas cousas. Estamos falando do eido xudicial, podíamos falar doutras moitas cousas se vostede mo preguntara. Pero tampouco se preocupa moito por estes temas, e, polo tanto, só cando se produce unha situación puntual na Coruña estamos aquí —non preguntando, porque vostede non preguntou, pero eu si respondendo—.

Falemos disto moito máis, falemos do compromiso constante, falemos do compromiso de todas as administracións. Porque isto non é só cousa da Xunta de Galicia. Se fora cousa da Xunta de Galicia, eu diríalle que, mire, que o que podemos facer respecto dos funcionarios que non son nin letrados da Administración de xustiza nin xuíces nin fiscais pois xa o estamos facendo, estamos dándolles máis xornadas.

Claro que non me gusta o que fixo o Ministerio. ¡Oia!, se non, ¿por que houbo aquí unanimidade despois das emendas que introduciu o Partido Popular hoxe na votación que se fixo? Porque lle estamos dicindo ao Ministerio de Xustiza que hai que facer moito máis, que hai que cubrir estas situacións, que hai que facer moitísimo máis esforzo. Por iso precisamente eu me alegro do consenso. Consenso que vostede acaba de romper, coma sempre, cando queda sen argumentos: que se nós somos uns chulos, nós desprezamos a todo o mundo...

¡Non, non, non, para nada, señora Vilán! O que pasa é que vostede, cando queda sen argumentos, empeza a dicirnos que somos partidistas, que non sabemos de que vai a cousa. E é todo o contrario.

Eu vólvollo dicir e non me cansarei de repetilo: gustaríame que fálamos de violencia de xénero non só cando se produce unha situación puntual coa que vostedes cren que van ter réditos. Ata tal punto o creu vostede que deu ese titular demoledor, mentireiro e absolutamente irresponsable. Ademais vén aquí e enorgullécese, porque despois explícanolo para que todos o entendamos. Pois isto non o entende ninguén máis ca vostede mesma, que si que o entendeu cando dixo que non se arrepentiu. Que eu creo que un pouco si se arrepentiu, o que pasa é que aquí tivo que dicir... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ah!, bueno, pois nada, se vostede non se arrepiñe de dicilo publicamente, de ir a unha rolda de prensa e dicir «este xulgado está pechado», ¡pechado!, é como dicir para todo o mundo que queira acudir que está pechado, que non veñan aquí, que se desanimen, que abandonen toda esperanza. Esa é a mensaxe que vostedes trasladan. Iso si que é política partidista.

Mire, alégrome, xa que vostedes non gobernan en Galicia —nin gobernarán supoño, por este camiño, en moito tempo—, de que os seus compañeiros en Andalucía, polo menos, supoño, estivesen á altura. Dende logo, o PP de Andalucía si que estivo á altura, porque, sabendo que esa situación se deu en Galicia un ano... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque non se enteran —di a señora Noela, nese respecto que lles ten aos que apoian maioritariamente en Galicia, que é o Partido Popular—.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Mire, alégrome de que o Partido Popular de Andalucía estivera á altura. E espero que a Junta de Andalucía, polo menos nisto, si que estivera á altura.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na adopción de medidas respecto da sobreventa de billetes polas empresas navieiras que realizan o transporte de viaxeiros para as illas Cíes

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Señor presidente, quero empezar entoando o *mea culpa*. Eu vou falar de política. (*Risos.*) É unha pequena perversión que teño, pero vou falar de política.

Quero empezar dicindo que os socialistas apoiamos radicalmente a protección medioambiental das illas Cíes e do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Dígoo para evitar xa malas interpretacións.

E quero tamén enmarcar metodoloxicamente a pregunta. Ignorancia, incapacidade e mala fe. Eu creo que ese é o elemento no que se moveu a actuación do Goberno galego neste tema. O Goberno galego recibiu as competencias do Parque Natural das Illas Atlánticas en xuño do 2008. En abril do 2009, menos dun ano despois, chegou o señor Feijóo ao Goberno. E a partir de aí, efectivamente, había unha obriga de vixilancia e de control. Había un prazo dun ano para desenvolver o Plan reitor de usos e de xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas —un ano, e estamos no 2009—. O propio presidente Feijóo recoñeceu que foron incapaces de chegar a acordos para aprobar o documento. Foron incapaces, sobre todo, porque no ano 2011 —é dicir, dous anos despois, un ano fóra de prazo— presentaron un trágala aos sectores afectados, *o lo tomas o lo dejas*. É o que ten esta maioría absoluta que representa en exclusiva ao país galego. E, evidentemente, houbo rexeitamento e houbo protestas, porque lexitimamente os sectores económicos afectados pretendían que dentro desa política de preservación medioambiental se garantiran actividades económicas dalgún tipo, especialmente as vinculadas coa explotación tradicional dos recursos.

A partir do ano 2011, o Goberno galego baixou a persiana literalmente, non se volveu oír falar do Plan reitor das Illas Atlánticas. Hai un padroado que está presidido por unha persoa nomeada polo Partido Popular que parece que nin está nin se espera, porque non dixo absolutamente nada sobre este tema. Insisto, seis anos, literalmente, no conxelador.

Seguro que a señora conselleira e o señor presidente da Xunta saben que, sen plan reitor aprobado, o Parque Nacional das Illas Atlánticas non pode presentar a súa candidatura como patrimonio da humanidade á Unesco. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Parece que discrepamos a señora conselleira e mais eu. Está ben, iso forma parte do debate.

Pero as illas Cíes por si soas, cun plan de protección singular, si que poderían facelo. Esta é a primeira incompetencia.

A segunda ten que ver con algo que todos os que vivimos en Vigo —e hai algúns deputados e deputadas neste Parlamento que vivimos alí— sabemos dende hai anos, que era a sobreventa de billetes para o transporte de pasaxeiros ás illas Cíes, que ten unha limitación de 2.200 pasaxeiros por día e 800 pernoctacións. Nunca, nunca, o padroado presidido polo señor Garrido Valenzuela dixo nada sobre esta sobreventa. Nunca, nin unha palabra —polo menos en público, ao mellor en privado si—.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor Losada. Con todos os respectos, creo que fixo unha exposición de motivos un pouco longa. (*Risos.*)

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Con todos os respectos, jeh!, con todos os respectos.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Pois, aínda que non tivo oportunidade de facer a pregunta, intentarei responder, presidente. Moitas grazas.

Señoría, a verdade é que, despois de escoitar a súa intervención, e mesmo tamén as declaracións que se fixeron públicas a través dos medios de comunicación, permítame que lle diga que eu teño serias dúbidas de que o Partido Socialista estea a favor da protección da natureza, e en concreto da protección das illas Cíes. Teño as miñas dúbidas.

O que si teño claro é que as illas atlánticas son o baluarte natural de maior importancia e relevancia da nosa comunidade autónoma. Tal é así que foi declarado, como vostede coñece moi ben, como parque nacional no ano 2002.

E, efectivamente, tamén dicía vostede na súa intervención por escrito, que non verbal, que a preservación, a protección e a divulgación, e mesmo tamén a difusión, é competencia da Xunta de Galicia.

Como non pode ser doutro xeito, estamos absolutamente comprometidos en todo isto que acabo de falar: en preservalo, en protexelo, en divulgalo e mesmo tamén, evidentemente, en protexer a seguridade de todos aqueles que visiten as illas.

Pero volvo remarcar —vostede dicíao moi ben— que é competencia da Xunta e de ningunha outra administración, porque é a Xunta quen paga as nóminas aos traballadores, porque é a Xunta a que preserva o seu hábitat —mesmo investindo 700.000 euros ao ano no Parque Nacional das Illas Atlánticas—, porque é a Xunta quen fai a divulgación e a campaña de sensibilización dun turismo sostible e non outro goberno, e porque é a Xunta a que, dalgún xeito, colocou no mapa do mundo as illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada como paraíso natural e mesmo tamén como punto de turismo sostible.

E grazas ao traballo desa Xunta que vostede chama incompetente e, sobre todo, en concreto, grazas ao traballo dos traballadores do Parque Nacional das Illas Atlánticas, este parque nacional das illas goza de distintos distintivos, entre eles o certificado Startlight, da Unesco, ou mesmo tamén o selo Observer, que é de turismo científico, ou o máis importante, a Carta Europea de Turismo Sostible, que foi acadado hai apenas un ano, ou a certificación OSPAR, de protección do medio mariño. En definitiva, certificacións internacionais outorgadas pola Unesco que veñen ratificar xusto o contrario de todo o que di vostede. E é que tan mal non o debemos de estar a facer nin en materia de protección nin en materia de divulgación. Mesmo, efectivamente, estamos avanzando agora na declaración como ben de interese cultural da illa Sálvora, que, aínda que non o saiba, tamén é parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas e que, efectivamente, vén complementar esa candidatura xa presentada polo Goberno da Xunta de Galicia a patrimonio da humanidade do Parque Nacional das Illas Atlánticas. A única candidatura, polo de agora, presentada en firme, para a que, señor Losada, non é necesario ter o plan reitor. Porque, se vostede coñece a tramitación dun patrimonio da humanidade, sabe que polo menos son necesarios dous anos, polo menos para ter esa clasificación. E, polo tanto...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...teremos a oportunidade de presentar ese plan reitor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, presidente.

A verdade é que me sorprende que sexa agora o Partido Popular o adalid da protección medioambiental.

Señora conselleira, nada mellor que poñer altavoces en Corrubedo para celebrar o Día do medio ambiente con música en alto nunha zona ZEPA vostede e o presidente da Xunta. (*Aplausos.*) ¿Sabe do que falo, verdade?

Míre, no ano 2016, cunha sobreventa de billetes coñecida, pública e notoria, 5 multas e 30.000 euros. É dicir, que as navieiras en dous días pagaban as multas, en dous días de negociete pagaban as multas, primeira cuestión. A segunda cuestión, señora conselleira: ¿quen ordenou que non desembarcaran 2.000 persoas que estaban en 5 barcos, que, evidentemente, sería moito máis fácil non deixalas embarcar en Vigo? Estábase buscando unha foto de caos organizativo, señora conselleira.

E menten tanto que o señor presidente dixo que non tiña constancia a Xunta de Galicia de que o Concello de Vigo e outras institucións estaban promovendo a candidatura das illas Cíes a patrimonio da humanidade. Presentouse no ano 2015 en Fitur, no stand de Turgalicia, coa presenza da delegada da Xunta de Galicia, a señora Bravo Bosch. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si. Ben, non vou discutir con vostede, como comprenderá. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E, por certo, a seguridade das persoas é absolutamente vital, dito pola súa directora xeral correspondente. Por certo, vostede paseou eses dous días por Sálvora, por Sanxenxo; en fin, estivo facendo un *tour* polas Rías Baixas absolutamente lexítimo. Pero, desde logo, non foi quen de dar a cara na cidade de Vigo, que é onde parece que había un pequeno problema de 2.000 persoas que mercaran o billete, que en moitos casos viñeran desde outras partes de España, mesmo desde o estranxeiro, e que algúns se viron imposibilitados de subir aos barcos e outros, volvo repetirlo —volvo repetirlo porque isto non mo poderá negar—, nuns barcos en medio da ría que non podían nin desembarcar en Vigo, porque había outros barcos, nin desembarcar nas illas Cíes. Vostedes buscaban que as illas Cíes pasaran das páxinas de ocio e de turismo ás páxinas de sucesos, señora conselleira. E iso é mala fe, cando menos é mala fe. (*Aplausos.*)

E, polo tanto, a pregunta que vostede non me contestou...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...porque seguro que sabe ler, agradeceríalle que ma contestara. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Turno de peche, señora conselleira

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Vostede, que nalgún momento tivo responsabilidade tamén de goberno e sabe o que é unha execución, ¿cre realmente que anunciar é o mesmo que facer? ¿Cre vostede realmente que dicir «vou facer» é o mesmo que facer? (*Murmurios.*)

A día de hoxe, e despois dese anuncio do que vostede falaba —vostede, que tanto di que este é un goberno propagandístico—, dende o ano 2015 ¿que foi o que fixo o Concello de Vigo en relación con iso que vostede di que lle preocupa, que é declaralo patrimonio da humanidade? ¡Nada!, ¡nada! (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) Pois un documento que a día de hoxe xa está presentado diante do Ministerio de Cultura, que está na súa tramitación para declarar como patrimonio da humanidade todo o Parque Nacional das Illas Atlánticas, e, evidentemente, exercer as miñas competencias.

E entre as miñas competencias, señoría, como conselleira de Medio Ambiente, non está controlar as saídas nos peiraos —neste caso, un peirao do Estado—, senón protexer a entrada na illa. Do que son competente é precisamente do control da entrada da illa e, evidentemente, tamén son competente precisamente en preservar a seguridade dos visitantes ás illas atlánticas. E precisamente por iso, porque non podíamos consentir manifestamente o que se estaba a facer dende as navieiras, que era, se o cupo é de 2.000 persoas —2.200 en concreto—, chegar ata 8.000 persoas, como se chegou nun día. E grazas, por certo, señor Losada, ao traballo dos vixiantes do Parque Nacional das Illas Atlánticas, que por tres días no mes de agosto foron quen de detectar esas irregularidades que foron postas en coñecemento; que, evidentemente, agora terán a consecuencia dun expediente sancionador que lle podo garantir, señor Losada, que vai ser exemplarizante —para que non teña oportunidade de reprocharnos, como fai nesas outras sancións—. Pero, evidentemente, levarase a adiante e estará tamén parello con outra actuación que tamén lle podo anunciar para este mes de outubro, ese PRUG polo que vostede está demandando, que coñece —supoño— a súa complexidade porque, efectivamente, afecta a toda a sociedade do contorno do Parque Nacional das Illas Atlánticas, non só o Concello de Vigo, senón o resto de concellos e mesmo tamén o mar. Será presentado en outubro para que poida ser debatido con todo o sector. Aquí non aplicamos o rolo, non é cuestión de maiorías. De feito, se non é unha realidade é precisamente porque, debaténdoo co sector do mar, en concreto, o tivemos que retirar porque non estaba acorde coas súas expectativas.

Polo pronto, evidentemente, competencia, toda. Se hai alguén que está a facer algo polo Parque Nacional das Illas Atlánticas e, en concreto, polas illas Cíes é o Goberno da Xunta de Galicia. Non só no seu investimento de 700.000 euros, senón tamén no seu control, na súa preservación e mesmo tamén nese turismo sostible, que é posible facelo. Se hai alguén que ten algo denunciado contra as navieiras que estafaron os turistas, é o Goberno da Xunta de Galicia. Estou esperando escoitalle a vostede de que lado está, se do que incumpre a lexislación ou do lado da Xunta de Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vostede, ao que lle gusta a política, que é como de feito empezou, o que debería estar facendo é poñéndose ao lado da Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...e facendo cumprir esta lexislación. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia tendentes ao cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Boa tarde, señor Conde. Acaba de perder un debate dunha grande altura dialéctica. Agardo que non estea vostede á altura dos compañeiros que o precederon. (*Murmurios.*)

Espero que poida falar de política neste tema, na cuestión da sinistralidade laboral; se non, chegaríamos a niveis de que nos digan á oposición que non nos metamos en política, como dicía quen xa vostedes ben saben.

Ben, imos falar de 30 persoas, de 30 persoas que son as persoas mortas en accidentes laborais no primeiro semestre deste ano sen que, señorías, tiveramos un só minuto de silencio por elas neste Parlamento. En 2015 foron 58; en 2016, 61, acadando neste ano en cifras absolutas ser Galiza a terceira comunidade autónoma con máis accidentes laborais mortais e, en termos relativos, campións pola cola, como en tantos índices no tema laboral, con 7,27 falecementos por causas laborais mortais por cada 100.000 persoas, o que nos sitúa no dobre da media estatal. E en 2017 a situación, como vemos, non mellora. E, ademais, aquí permítanme falar tamén da provincia de Lugo, xa que, cunha taxa de incidencia de 14,79 mortes por cada 100.000 persoas asalariadas, convértese no maior rateo de todo o Estado.

Estamos a falar de estatísticas. Vostede onte mesmo dixo que tiñamos que ir ás estatísticas, aos datos oficiais, pois é evidente que sen saír deles hai un cambio de tendencia: dende 2013 aumenta a sinistralidade laboral rompendo unha tendencia que se viña cambiando dende o ano 2000, e convértennos as cifras da nosa comunidade —e cito aquí a Manolo Lago, que xa llo dixo bastantes veces— entre os países desenvolvidos cos peores datos de saúde laboral e seguridade no traballo.

¿A que achacamos nós esta alta sinistralidade laboral mortal en Galiza? É evidente que hai tamén un envellecemento da clase traballadora galega, pero é evidente tamén que no noso país hai unhas condicións de precariedade laboral peores que no resto do Estado. E é evidente que a reforma laboral, os efectos desa reforma laboral de 2012, coinciden con ese cambio de tendencia. E, polo tanto, para nós a precariedade laboral dispara a sinistralidade. Non só para nós, isto é unha evidencia. A precariedade laboral dispara a sinistralidade, a precariedade laboral mata, enferma. A precariedade laboral mata, podémolo dicir sen que despois nos corrixan, como cando dicía aquilo onte Miguel Tellado sobre o comunismo.

En fin, baixando das estatísticas ás persoas —porque falar de estatística tamén en canto á precariedade laboral é evidente no tema da sinistralidade—, aumentan os accidentes laborais un 12 %, o dobre que a creación de emprego. E, ademais, o 19 % dos sinistros laborais con baixa en 2016 tiveron como vítimas persoas que tiñan menos de tres meses de antigüidade nese emprego, cando ese colectivo é só o 7 % da clase traballadora. Polo tanto, a precariedade laboral mata, e isto —baixando de estatísticas a persoas— sucedeulle a Nicolás, que en Rande morreu con 54 anos, morreu tras precipitarse cando precisamente estaba a colocar un valo de seguridade nesas obras de ampliación da ponte de Rande sen ningún tipo de condicións seguras...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...cunhas condicións laborais de 12 horas de xornada laboral.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Esas leis, esa lexislación laboral...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...incumpriuse flagrantemente alí. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez, mire, non hai ningún tipo de pregunta parlamentaria nin tampouco de resposta parlamentaria que poida aliviar as familias afectadas por un accidente laboral. Por iso, entendendo que ademais é un tema da máxima importancia, agradézolle o seu interese por mellorar, loxicamente, as políticas que nos permitan a todos seguir reducindo o seu número.

No que discrepamos, e discrepamos profundamente, é no manexo que vostede acaba de facer das cifras de sinistralidade laboral para intentar presentar Galicia, non o Goberno senón Galicia, como unha sociedade que non actúa e como unha sociedade que non cumpre coa legalidade. Iso é verdadeiramente preocupante en termos políticos. Porque mire, señora Vázquez, non hai ningún goberno que deixe de facer o que teña que facer para evitar un accidente, ningún goberno. E neses gobernos, señora Vázquez —por iso lle pido un pouco de prudencia—, inclúo os seus gobernos, os gobernos cos que vostedes están nestes momentos gobernando noutras comunidades autónomas en España. Non hai ningún goberno, ningún goberno, que non faga o que ten que facer para evitar un accidente.

Señora Vázquez, este Goberno o que está facendo, xunto coas empresas, xunto cos propios traballadores, é loxicamente un esforzo continuado para que actuemos todos xuntos con fir-

meza. E está actuando a Inspección de Traballo e están actuando os propios técnicos do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. E estano facendo —como hai que traballar no eido da prevención e da seguridade e da saúde laboral— dende o punto de vista da sensibilización, dende o punto de vista tamén da inspección e, loxicamente, tamén da propia investigación alá onde se produza un accidente.

Sabe que o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral está a desenvolver un plan integral da actividade, que, por certo, debería saber —que creo que non ten esa referencia— que inclúe as achegas tamén dos sindicatos e da propia organización empresarial galega e que conta, ademais, coa súa aprobación. E estanse desenvolvendo programas de asesoramento, xornadas técnicas, campañas de sensibilización e de investigación. Debería saber tamén que a propia Inspección de Traballo está actuando: 13.000 actuacións desenvolvéronse neste ano 2017, con 400 actas de infracción e, loxicamente, tamén xunto co Plan de seguridade industrial que desenvolve o propio Goberno, que está permitindo máis de 2.000 inspeccións para velar precisamente pola implantación das medidas preventivas con claro impacto na sinistralidade laboral.

Polo tanto, este Goberno está actuando, este Goberno está actuando xunto cos axentes económicos e sociais...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...e creo que non debería frivolar cos datos da sinistralidade laboral.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Non frivolar, pero é evidente que non actuaron cando en Rande a CIG levaba tempo denunciando que había unhas condicións laborais ultraprecarias, que nesa ampliación da AP-9 se tiñan xornadas laborais de 12 horas, que non había medidas de seguridade, e o feito foi que desgraciadamente unha persoa caeu precisamente cando estaba colocando unha medida de seguridade. Neste caso o que se produciu é que flagrantemente se incumpriu a lexislación en materia de seguridade laboral diante das narices tanto da Xunta como do Goberno central, de quen aínda —e supoño que, se segue gobernando o PP, por moito tempo — depende a AP-9. Polo tanto, non se actúa todo o que se ten que actuar.

Coincido con vostede en que é importantísima a formación en prevención de riscos laborais, por iso o que nos sorprende é que reduzan o orzamento dese instituto ao que vostede se refería, do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral.

Despois creo que o señor Crespo ten tamén unha pregunta sobre o mesmo, sobre un informe. Pódolle preguntar tamén por que se reduciron os recursos humanos dende 2009 e por que

o seu orzamento pasou de xestionar arredor de 10 millóns de euros a xestionar apenas 6 millóns. Iso tamén é actuar contra a sinistralidade laboral.

Este mesmo instituto, na súa estratexia galega de seguridade e saúde no traballo, non menciona unha soa vez a precariedade. ¿Vai relacionar a Xunta nalgún momento as condicións laborais precarias co aumento da sinistralidade laboral?

En canto ás inspeccións, tamén concordamos en que hai que aumentalas. Iso é o que piden os sindicatos de clase. Pedíronlle ao Goberno do Estado que aumente o persoal da inspección laboral porque non é suficiente. ¿Preguntáronse algunha vez se é preciso reclamar máis competencias en materia de inspección laboral? Tan favorables como son a cambiar o Código penal, por exemplo, en elevar penas, ¿preguntáronse se hai que modificar e ampliar os tipos delictivos do título XV para defender os dereitos de traballadores e traballadoras?

En fin, a sinistralidade laboral para nós provoca case tantas mortes como os accidentes de tráfico, pero lamentablemente pensamos que na acción política non está como prioridade. Por iso, fronte aos minutos de silencio: medidas, orzamento e persoal. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Turno de peche, señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señora Vázquez, empeza a preocuparme o seu descoñecemento non só da realidade política e social de Galicia, senón tamén dos datos que están no propio orzamento. Porque que vostede veña a esta Cámara dicir que o Goberno reduciu o orzamento concretamente en materia de seguridade e saúde laboral, cando este ano se incrementou un 6 %, ata chegar aos 7,5 millóns de euros, é sinxelamente un descoñecemento dos documentos que vostede debería de coñecer.

Polo tanto, este Goberno está incrementando o orzamento, e sobre todo, señoría, este Goberno está intentando facer todo o que ten que facer —insisto, todo o que ten que facer—, xunto cos sindicatos e coa propia patronal, para evitar calquera tipo de accidente. ¡Todo! E vostedes, que están gobernando en Aragón, esta é das comunidades autónomas que ten máis accidentes laborais en España. Polo tanto, creo que non debería dar aquí leccións sobre os datos.

Mire, señora Verao, Galicia non é a comunidade que máis accidentes laborais mortais rexistra, non o é; e Galicia tampouco é nin sequera a que ten máis accidentes laborais. Polo tanto, creo que debería de corrixir a súa intervención. E insisto en que esta Xunta de Galicia en colaboración coa Inspección de Traballo, en colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde laboral, en colaboración con todos os técnicos da Dirección Xeral de Enerxía que desenvolven a actividade do Plan de seguridade industrial, e con todas as capacidades que ten, está traballando no eido da prevención, no eido do seguimento da formación, e tamén, loxicamente, no eido da inspección. Aí é onde temos que atoparnos para evitar calquera tipo de accidente que se poida producir, independentemente da súa gravidade.

Por suposto, señora Vázquez —e debería de corrixir iso nas próximas intervencións que poida ter—, non se tolera ningún tipo de incumprimento da lei, porque para iso está este Goberno, para garantir o cumprimento da lei. Entendemos que vostedes están acostumados a non cumprir a lei, pero mire, o Goberno, dende logo, non vai tolerar ningún tipo de incumprimento da lei.

Polo tanto, seguiremos traballando cunha política de diálogo e de consenso cos interlocutores sociais, desenvolvendo a Estratexia galega de seguridade e de saúde laboral, e non teña ningún tipo de dúbida de que todo ese traballo técnico ímolo desenvolver e faremos todos os esforzos necesarios para que se reduza a sinistralidade laboral. E, dende logo, seguiremos exixindo todas as responsabilidades que procedan no seu momento.

Se vostedes entenden, como grupo político, que se poden mellorar as políticas, díganos, pero vir aquí simplemente facer unha intervención como a que fixo hoxe pola tarde, creo que o poderían aforrar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o estado de tramitación da solicitude do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal presentado pola empresa CUF respecto dos terreos que ocupa a fábrica de Elnosa en Lourizán

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Esta pregunta ten que ver co estado de tramitación do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal no caso de Elnosa. Nós —o BNG xa o dixo en varias ocasións— temos claro que xa está tomada unha decisión política —é unha decisión política, non técnica— por parte da Xunta do Partido Popular para a permanencia da empresa Elnosa máis alá de 2017, que é cando caduca o emprego da tecnoloxía de mercurio, e máis alá de 2018, a data de caducidade da concesión de Costas. E quedounos isto claro —por se non o tiñamos xa suficientemente claro— cando o 24 de novembro, mediante unha rolda de prensa, anuncian negociacións ao máis alto nivel nas que participan nada máis e nada menos que tres conselleiros —xa me dirá con que empresas negocian así, a este nivel—: o vicepresidente, o conselleiro de Industria e a conselleira de Medio Ambiente, precisamente para facilitar esa permanencia en Lourizán da empresa Elnosa. Seguindo, por outra parte, o mesmo guión que utilizaron con Ence: autorización ambiental primeiro; despois aprobación dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para saltar as competencia do Concello; e en terceiro lugar, a prórroga da concesión de 60 anos establecida na Lei de costas polo Goberno central.

Polo tanto, trátase dunha decisión política, non é unha decisión técnica. É unha decisión que xa está tomada de antemán, e vostedes agora o que están é forzando e adaptando a lei para

levala a cabo; e estano facendo ademais con nocturnidade e con aleivosía. Isto é unha auténtica gamberrada política, non se pode chamar doutra maneira. É un atentado contra o medio ambiente e é unha traizón do Partido Popular a Pontevedra, (*Aplausos.*) que estivo anos dicindo unha cousa e agora fai todo o contrario. Como, por outra parte, nos ten acostumados o señor Feijóo cando dixo aquilo de que: «Non cabe a posibilidade de manter Ence na ría. Non imos dicir unha cousa e facer a contraria.» Pois si, din unha cousa e fan a contraria, porque vostedes no ano 2013 asinaron un convenio con Elnosa onde se establecía que 2016 era a data límite de permanencia da fábrica en Lourizán, e están incumprindo ese convenio. Será que vostedes asinan os convenios en papel tisú, e xa sabemos para que se utiliza o papel tisú.

Señor Rueda, a Xunta e o Partido Popular estanlle facendo o traballo sucio a Elnosa como llo fixeron antes a Ence; están practicando o dereito de pernada ambiental; están retorcendo a lei con portas xiratorias incluídas e coa corrupción legalizada no DOG; están utilizando métodos franquistas para regalarlle 12.000 metros cadrados de terreos de dominio público a unha empresa privada que, por riba, é unha empresa contaminante.

Polo tanto, o que lle estamos dicindo é que o BNG e o Concello de Pontevedra non van permitir este atentado contra o Medio Ambiente e esta traizón a Pontevedra. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Respóstalle o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Bará, a súa intervención é de tanta irresponsabilidade política (*Risos.*) que eu sinxelamente lle aconsello que a escoite con tranquilidade cando termine a sesión, e seguramente, dunha forma máis pausada, poderá entender que fixo aquí un acto de irresponsabilidade política de primeira magnitude. (*Aplausos.*)

En calquera caso, señor Bará, a nós únenos seguramente o interese polo medio ambiente, aínda que eu xa empezo a dudar incluso de que vostede teña algún interese no medio ambiente. Se faláramos de medio ambiente e de desenvolvemento sostible, seguramente poderíamos chegar a algún acordo. Pero hai dous principios que nos separan claramente: un é o principio da legalidade; e outro é, loxicamente, o principio de creación de emprego e de dinamización económica.

Está claro que o Bloque Nacionalista Galego entende que as leis están para cumprir aquelas que lle interesan a el, independentemente do que está na lei, pois a vostedes dálles igual. E este Goberno, a Xunta de Galicia —como fixo sempre e como vai seguir facendo—, vai cumprir as resolucións administrativas e vaino facer no contexto dun Estado de dereito que vostedes parece que non queren respectar; cumprindo a lei que está vixente, que parece que vostedes non queren cumprir; e tamén a propia Constitución, que vostede parece que tamén está por encima dela.

Unha realidade que con frecuencia vostedes esquecen é que sistematicamente fan referencia —como fixo vostede hoxe— a que este Goberno xa tomou unha decisión política. Mire, a lei

está para cumprila, e a lei ten uns trámites que están perfectamente regulamentados. E independentemente das actuacións que vostedes, politicamente e de forma partidista — vou a dicirle algo máis suave —, partidaria, queren trasladar aquí, esa normativa está avalada por criterios técnicos e por criterios legais, gústelles ou non lles guste. E o que vostede trasladou aquí a este Goberno é propio doutros países que seguramente vostede está moi acostumado a seguir o seu ordenamento xurídico, pero aquí en España, señor Bará, que estamos en España (*Risos*)... estamos nun Estado de dereito, e vostede parece que iso o olvida a menudo.

En calquera caso, vostede non teña ningún tipo de dúbida de que este Goberno vai cumprir a normativa. Vostede sabe que Elnosa, para poder seguir na ubicación actual, ten que ter autorización de Costas, e loxicamente terá que cumprir toda a normativa medioambiental e urbanística da Xunta de Galicia. E soamente terá continuidade se cumpre toda a normativa. Non teña ningún tipo de dúbida. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Imos ter que chamarlle a vostede *Trotaconventos* (*Risos*) porque vén aquí darnos consellos con ese estilo paternalista de cura de parroquia, (*Murmurios*) e nós non aceptamos ese estilo paternalista, señor Conde. (*Aplausos*.)

Quero que me expliquen por que en outubro do 2013 vostedes asinan un convenio coa empresa CUF que establece o fin da actividade en 2016; o compromiso da empresa de non solicitar prórroga da concesión; e o compromiso pola empresa de presentar dúas ubicacións alternativas, unha delas na área de influencia da cidade. ¿Por que iso valía no 2013 e non vale agora? ¿Por que motivos cambiaron vostedes de posición? ¿Que escuros intereses hai aí detrás? Porque claro, vostedes ao final o que fan é cambiar as leis á medida dos intereses da empresa de turno, como fixeron no caso de Ence. Iso é o que fan vostedes: servir aos intereses privados en contra do interese público. (*Aplausos*.)

Desde logo, parécenos unha aberración e un atentado que vostedes queiran manter esta empresa na ubicación actual, co perigo que significa unha actividade nociva e perigosa, que podería desenvolverse en calquera outro lugar, a escasos 100 metros dunha zona densamente habitada, na que viven 120.000 habitantes, e ademais co agravante de que están ocupando terreos de dominio público —12.000 metros cadrados de terreos de dominio público— que vostedes lle van regalar a unha empresa. Xa me gustaría a min, ou xa lle gustaría, por exemplo, ao señor Froiz, que, en vez de ter que pagar os terreos dun polígono, tamén lle regalasen uns terreos de dominio público marítimo-terrestre para que puidera instalar a súa empresa. ¡Isto non é xusto! ¡Non se pode actuar así!

Hai razóns máis que suficientes para denegar a continuidade da fábrica na actual ubicación, para promover o seu traslado, para recuperar para usos sociais os terreos públicos que ocupa a fábrica: por sentido común, por sentido da xustiza e, sobre todo, por respecto ao medio ambiente e tamén á normativa urbanística e de ordenación do territorio que temos neste país. ¿Se non vostedes para que fixeron as DOT e o Plan de ordenación do litoral...? (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará. Rematou o tempo.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Queda claro que o Bloque Nacionalista Galego en toda a súa dimensión non ten ningún tipo de respecto pola legalidade vixente; dálle igual a propia normativa; están por encima das administracións, das leis, da Constitución, etc. E como é así, se non lle importa, eu vou falar para os cidadáns, en concreto para os cidadáns de Pontevedra. Polo menos para que os cidadáns de Pontevedra teñan claro cal é o plantexamento.

Os cidadáns de Pontevedra teñen que ter claro que a Dirección Xeral de Costas en Madrid é a que vai determinar ou non a continuidade de Elnosa en Pontevedra. E a Dirección Xeral de Costas é a instancia administrativa que debe decidir sobre a prórroga da concesión. Este é o primeiro elemento que hai que ter claro. E teña seguro que, dende logo, o Goberno de España vai actuar conforme á legalidade.

E a partir de aí, a cidadanía de Pontevedra, os cidadáns e os traballadores de Elnosa, teñen que ter claro que, se a empresa cumpre con todos os parámetros ambientais e coa normativa da Unión Europea dende o punto de vista da tecnoloxía, e loxicamente se desenvolven os trámites e cumpren con esa normativa, este Goberno —tamén llo digo— non ten ningún tipo de dúbida sobre o mantemento do emprego e o mantemento da actividade de Elnosa en Pontevedra; non ten ningún tipo de dúbida. Pero haberá que pasar por eses trámites administrativos. En primeiro lugar, a Dirección Xeral de Costas en Madrid e a propia autorización ambiental integrada, que terá que presentar e tramitar, e, loxicamente, ver se procede a súa autorización ou non. E a partir de aí, dar unha resposta.

Eu o que lamento —e tamén llo traslado á cidadanía de Pontevedra neste caso— é que un grupo político pretenda defender neste Parlamento que o Goberno ten que actuar á marxe da lei. Ou o que é peor, que intente trasladar que un goberno está actuando á marxe da lei.

Mire, na posición do Concello de Pontevedra —xa que vostede o mencionou— parece entenderse que a Xunta de Galicia xa ten unha decisión adoptada, que é o mesmo que vostede vén traer, e a min paréceme impropio. Paréceme impropio dunha administración, dunha democracia, dun Estado de dereito como é España, que faga ese tipo de afirmacións, e que, polo tanto, non se remita ao cumprimento da lei. Pero aínda me parece máis impropio, señor Bará, paréceme aínda máis impropio, que un grupo político pretenda defendelo no Parlamento de Galicia. ¡Moito máis impropio! Porque vostedes neste Parlamento si deberían de ser, loxicamente, garantes do cumprimento da normativa. E non se preocupe, a Xunta de Galicia vai cumprir a normativa, vai cumprir a lei vixente con Elnosa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as novidades e medidas específicas que se levarán a cabo para o desenvolvemento da nova estratexia galega de linguas estranxeiras EDUlingüe 2020

O señor PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano da señora Egerique, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Señorías, conselleiro, esta semana comezou o curso escolar e o luns comezaron os alumnos de infantil e primaria. Comezarán ao longo da semana o bacharelato e a ESO. A verdade é que comezou o curso con toda normalidade. Incluso algúns alumnos atoparon renovacións e obras nos seus centros de estudo. Comezaron igualmente os alumnos do rural e os alumnos dos núcleos urbanos, é dicir, houbo normalidade e outra vez volta ao cole.

É moi diferente o panorama do que se pintaba aquí cando marchamos no anterior período de sesións, que parecía pouco mais que nos íamos cun panorama moi negro e que en setembro os alumnos non ían ter onde meterse na súa escola, no seu colexio.

A verdade é que sabemos que é un traballo arduo o da consellería e ademais de toda a comunidade educativa. Este é un esforzo de todos. O último informe PISA é moi favorable para Galicia, polo tanto, temos que seguir traballando nesa senda. E nós, o Grupo Parlamentario Popular, queremos darlle todo o apoio á consellería, sobre todo para que plantexe novos obxectivos e novos retos que nós tiñamos moi claros no programa electoral que referendou despois a sociedade galega no día das eleccións autonómicas hai case un ano.

Unha das bandeiras en educación era apostar pola tecnoloxía, que sabemos que se está implantando pouco a pouco tamén nos centros educativos. E outra das bandeiras, moi importante, que explicamos en todas as vilas, en todas as comunidades educativas e —insisto— tamén aos pais e nais en todos os centros, foi a educación plurilingüe.

O compromiso da Consellería, o compromiso do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, coa educación plurilingüe en Galicia —que ademais está a ser exemplo noutras comunidades autónomas—, era un reto que nos plantexamos, era unha aposta firme, e a verdade é que sabemos que non é sinxelo ir incluíndo o que é a educación nunha lingua estranxeira para que o alumno adquira un nivel adecuado ao final de cada etapa en todas as etapas educativas.

Tivemos coñecemento hai pouco do que denominaron plan ou estratexia EDUlingüe 2020, e a nós gustaríanos saber cales van ser os pasos, como vai actuar a Xunta de Galicia, a Consellería, para que isto sexa unha realidade.

Quería insistir en que realmente este é un traballo da Xunta que apoiamos dende o Grupo do Partido Popular; que todos os agoireiros, que todo o que se vía encima ou prevía no mes de xuño, diso hoxe non temos nada; que o comezo do curso en todos os ciclos, en todas as etapas, está sendo totalmente normal; e que os alumnos do rural están en igualdade de condi-

cións cos alumnos dos centros urbanos. (*Murmurios.*) Porque ademais, a diferenza que poden ter no ámbito físico no que se ocupan, non merma para nada a calidade na formación. E teñen ademais toda a liberdade para escoller as familias onde queren vivir e a que centro queren mandar os seus fillos, porque cada vez a igualdade é maior na educación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Polo tanto, nós estamos moi orgullosos do sistema educativo de Galicia e queríamos facerlle a seguinte pregunta tal e como a rexistramos. ¿Que novidades específicas se levarán a cabo para o desenvolvemento da nova estratexia galega de linguas estranxeiras EDUlingüe 2020?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señora deputada.

Certamente, a educación é vital para o presente e para o futuro dun país, dunha sociedade, porque ademais de formar persoas, de formar cidadáns para o futuro en valores, para facelos cidadáns mellores, ten que dar tamén ferramentas para que os nenos e nenas de hoxe, é dicir, os homes e as mulleres de mañá, poidan enfrontarse aos enormes retos que ten a vida laboral, que teñen os cambios sociais, e desenvolverse con soltura ante eses cambios.

Estamos nunha sociedade onde —queirámolo ou non— o manexo de idiomas vai ser fundamental. Estamos nunha sociedade cada vez máis globalizada, e é unha responsabilidade das administracións educativas preparar os xoves de hoxe, os adultos de mañá, para poderlles facer fronte aos grandes retos que implica estar nunha sociedade —como xa dixen— cada vez máis globalizada.

Por iso dende o Goberno da Xunta implantouse unha nova estratexia de linguas estranxeiras, a que denominamos EDUlingüe 2020, que o que pretende é seguir nunha liña xa experimentada polo actual Goberno, dar un salto cuantitativo e cualitativo a un proceso que se implementou no seu momento e que ten como obxectivo dotar os nosos alumnos das capacidades, das destrezas e das habilidades para o manexo de idiomas.

Obviamente, non existen varitas máxicas, nin moito menos, para poder estender o plurilingüismo dun día para outro, senón que todo este proceso se fai dun xeito progresivo, dun xeito gradual, e sempre contando coa implicación e coa complicidade dos centros educativos, das familias e tamén do propio profesorado.

Como xa dixen, estamos ante un mundo, unha sociedade, cada vez máis complexa, máis aberta, máis cambiante, máis competitiva, e é fundamental non só para o presente, senón para o futuro, ter destrezas, manexarse en diferentes linguas, porque estamos nunha sociedade globalizada.

Por iso EDUlingüe quere dar un paso máis respecto do que xa estabamos tendo, e este paso máis baséase nunha serie de puntos. O primeiro é promover e intentar fomentar un dominio completo dunha lingua estranxeira ao remate do bacharelato. O segundo é ter unha presenza máis especializada fundamentalmente en inglés, pero tamén abrindo as portas a novas linguas, como pode ser o portugués, dentro das accións da estratexia. O terceiro, dotar, dar máis adquisición de competencias, posibilitar que haxa máis competencias para poder certificar o nivel de excelencia. E o cuarto, e moi importante, fomentar a formación do profesorado, tanto no ámbito nacional como tamén posibilitando unha formación en ámbitos internacionais.

Obviamente, esta estratexia o que favorece é unha maior igualdade de oportunidades. Independentemente da situación económica ou social do neno ou da nena, vai poder ter en gran parte un ensino plurilingüe. Posibilita unha democratización do ensino en linguas estranxeiras e dá máis competencias aos alumnos. É dicir, estamos dando boas oportunidades, mellores oportunidades, aos nosos alumnos, e isto anímanos, sobre todo porque hai unha...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...moi boa receptividade polos centros educativos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Grazas, conselleiro.

A verdade é que dá para moito explicar ben como é a implantación deste novo EDUlingüe 2020, porque é un avance moi grande na educación en Galicia. É un avance, ademais, que para os pais e para toda a comunidade implica un esforzo polo coñecemento e pola aprendizaxe por parte dos nenos e das nenas dunha lingua estranxeira. Polo menos dende o Grupo Parlamentario Popular ten todo o noso apoio, e cremos que é importante se pode reiterar vostede agora cifras; é dicir, se nos pode facer unha ampliación do que isto significa en contía. Porque ás veces falamos aquí de estratexias e de plans, pero en canto hai que levalos a cabo, en canto hai que executalos e poñelos en marcha, a verdade é que ás veces as dimensións son moi amplas. É verdade —como dixen antes e quero reiterar— que cada vez máis a igualdade e a facilidade para estudar unha lingua estranxeira en Galicia está garantida, e que está ademais estendida a todas as etapas educativas, polo tanto, é un privilexio estudar aquí.

Quero ademais aproveitar para felicitalo, porque xa que recibe sempre reprimendas por parte da oposición, dende o Grupo Parlamentario Popular sabemos da súa entrega ao sistema educativo, á comunidade educativa, polo tanto, eu quero aproveitar neste turno de réplica para

dicirlle que ten o apoio do Grupo Parlamentario Popular e que cremos ademais que isto, en tempo máis breve que largo, vai ser unha realidade. E como... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...membro deste Parlamento... neste Parlamento que nunca se escoita, eu quero felicitar o conselleiro porque realmente sei que non é sinxela a formación da comunidade educativa, porque os profesores tamén hai que formalos para que poidan ensinar unha lingua estranxeira, e para que chegue a todos os ciclos educativos de toda a etapa de formación.

Se pode —insisto— ampliarnos cifras e dicirnos cales son as dimensións da estratexia que se vai levar a cabo, agradeceríamosllo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Turno de peche, señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señora deputada, por todo o que expón nesta pregunta. (*Murmurios.*) Obviamente, para criticar e cuestionar xa temos as bancadas de en fronte. Pero, centrándonos de novo na pregunta, eu tamén quixera dar as grazas aos centros educativos, aos seus equipos directivos, aos seus profesores, pola moi boa receptividade que nos centros do sistema educativo teñen a inmensa maioría dos programas e das estratexias impulsadas pola Consellería. E nesta, baseada en certa medida nun proxecto que quere dar igualdade de oportunidades e democratizar o ensino de idiomas a todos os alumnos, á inmensa maioría dos alumnos —dun xeito progresivo, obviamente—, creo que é digna de que a Administración e unha formación política agradeza aos equipos directivos, aos centros e tamén aos profesores, o feito da súa implicación, do sobre esforzo que adquiren e tamén —por que non dicilo— do feito de que están dando moitas oportunidades aos alumnos que están nestes centros.

Neste novo programa temos bos datos, o que fala da boa receptividade. En concreto temos 322 centros plurilingües para o actual curso educativo, 40 máis que respecto ao ano anterior. A rede amplíase con 25 centros que imparten educación primaria e secundaria e 15 centros que imparten educación infantil, bacharelato e ciclos de FP. No curso 2017-2018 tamén se cumpre e se fai efectiva a extensión do plurilingüismo a todas as etapas educativas: a infantil, a bacharelato e aos diferentes ciclos de FP. En total, 83 centros educativos responderon a esta convocatoria e van pasar a introducir o plurilingüismo en infantil, no que denominamos PluriInfantil; 4 centros farano en bacharelato, o que denominamos PluriBach, e tamén en Formación Profesional. Aínda con datos non definitivos, con datos provisionais imos impartir 12 ciclos formativos en 7 centros educativos.

Tamén medran as seccións bilingües. Aumentan en 231, ata chegar a 4.145, un 6 % máis. Hai 110 centros que incorporan máis seccións bilingües; 34 destes 110 fano por primeira vez. Tamén o Programa Cuale ten un incremento notable. Pasa a ter 1.200 alumnos que recibirán formación especializada fóra do horario escolar para poder certificarse nas escolas oficiais de idiomas. Hai tamén unha ampliación moi notable no tocante a auxiliares de conversa;

máis de 50 novos auxiliares de conversa, co que chegan a un total de 600. O profesorado, peza vital e fundamental de todo este proceso, vai ter un plan de formación específico e vai ter tamén unha maior capacidade para poder facer estadias no estranxeiro. En definitiva, estamos ante un proceso que engloba unhas enormes cantidades de axentes: centros, profesores, familias...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...alumnos, que, en definitiva, responde...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...a unha estratexia moi ben acollida polos centros educativos...

O señor PRESIDENTE: Xa está entendido, xa está entendido. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e que responde tamén a un compromiso electoral desta formación política.

O señor PRESIDENTE: Xa está, conselleiro. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as conclusións do informe encargado ao grupo de traballo que constituíron o Issga, o 061 e a Consellería do Mar en relación coas boticas de primeiros auxilios nas embarcacións pesqueiras

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor López Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: Boas tardes, conselleira.

Tócame hoxe facer unha pregunta que ten a ver con ese, ás veces, difícil equilibrio na acción de goberno de establecer o xusto medio entre o que hai que facer e o que hai que evitar. Refírome a que ás veces tomamos unha decisión esaxerada para un lado ou para o outro. E aquí imos falar da necesidade e a imposición que nos fai Europa de levar unha asistencia médico-sanitaria a bordo dos barcos que lles permita ter unha certa seguridade. Coido que era iso ao que se refería a compañeira de En Marea cando falaba da seguridade e saúde no traballo.

Podíamos quedar quietos e pelexar, como nalgúns foros se fixo. É dicir, que os barcos non teñan que levar nada. Pero esa é unha grande insensatez que nos podía levar a unha situación

precaótica, como algún compañeiro, referíndose ás Cíes, tamén falaba aquí. E podíamos facer, por outro lado, que leven todo. Levaríanos a outra situación precaótica no aspecto económico. Estamos falando de 3.800 embarcacións que faenan moi preto do litoral, e onde hai que axustar, facer o axuste fino, para que ese botiquín imposto cumpra o obxectivo de dar seguridade aos nosos mariñeiros e, por outro lado, que cumpra o obxectivo de permitir o equilibrio presupostario do que saca o barco para que non encareza demasiado.

Vostedes, desde a Consellería, conscientes disto, crearon unha comisión onde están as consellerías de Industria, Traballo, Sanidade e o propio Issga para facer un plantexamento, para facer unha proposición, que permita esta integración á que eu me refería. Nós aquí, desde o Partido Popular, pedimos e traballamos para exixir maior seguridade nos barcos, maior capacidade para atender unha emerxencia que se poida producir. Por iso, desde o Grupo Popular, nós facémoslle hoxe unha pregunta relativa a isto. E a pregunta é: ¿cales foron as conclusións do informe encargado ao grupo de traballo que constituíron o Issga, o 061 e a Consellería do Mar a propósito dos botiquíns nas embarcacións pesqueiras?

Esperamos a súa contestación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor López Crespo.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, señor López Crespo, agradézolle a súa exposición e a súa sensibilidade. Realmente é un tema delicado, complicado, porque estamos a falar da seguridade de moitos profesionais que saen todos os días a traballar.

Neste sentido, o primeiro que fixemos dende o Goberno foi solicitar unha xuntanza co responsable da Unidade B da Dirección Xeral de Emprego, Seguridade Social e Inclusión da Unión Europea, o señor Stephen Olsen, a quen lle trasladamos a peculiaridade e a singularidade da frota pesqueira galega; como vostede referenciaba, esas máis de 3.800 embarcacións que faenan fundamentalmente a 5 millas da costa, dentro das nosas augas, dentro das nosas rías. E trasladámoslle a problemática que estabamos detectando á hora de obrigar a estas embarcacións a levar o botiquín tipo C, que vén regulado por unha normativa comunitaria, que en esencia é o mesmo botiquín que se lles exige ás embarcacións de altura, a esas embarcacións que pasan moitos días afastados de calquera porto pesqueiro ou de calquera urbe. Neste sentido, diciámoslle que xa non era soamente a dificultade de manexar todos os medicamentos que estes botiquíns tiñan que levar, senón tamén incluso a seguridade de levar o botiquín nas embarcacións, xa que moitas destas nosas embarcacións nin sequera teñen unha ponte onde poidan levalos.

Dada a sensibilidade que nos mostrou este director de emprego, o que lle propuxemos dende Galicia foi a posibilidade de constituír un grupo de traballo no que estivera o persoal sanitario, no que estivera tamén o persoal responsable de seguridade e saúde laboral, no que estivera o propio sector e os responsables de todas as administracións que tiñamos que ver co tema.

El agradeceunos esta postura construtiva. Constituímos no mes de xaneiro ese grupo de traballo, no que participou o Issga, participou o 061, participaron as tres federacións de confrarías e participaron técnicos tanto da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro como da Dirección Xeral de Pesca. E entre todos fixeron unha análise, primeiro, dos medicamentos que levan todos os botiquíns, e, segundo, do material médico que levan estes botiquíns. Esa proposta, ese estudo, esa análise, levou á conclusión de que poderíamos asimilar o botiquín que levan as embarcacións de baixura a aqueles que están hoxe en día autorizados para as embarcacións de salvamento, co cal poderíamos reducir os medicamentos nun 75 % e o material médico nun 55 %. As conclusións deste estudo foron tamén aportadas xa ao propio Stephen Olsen e tamén ao Ministerio de Sanidade e ao Ministerio de Fomento do Goberno de España.

Esperemos que se plasmen o máis rápido posible estes cambios normativos e así os profesionais do mar poidan saír con seguridade a facer o seu traballo diario.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor López Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: Grazas, presidente.

Ben, señora conselleira, ao fío de facer esta pregunta, un leva uns anos dedicándose a isto da política, e isto da política activa ten unhas etapas fundamentais, que son: definir necesidades do pobo, deseñar solucións e conseguir propostas e accións para resolver esas necesidades á parte deses proxectos. Entón eu lembreime do programa electoral do Partido Popular. Eu ben sei que isto pode crear algunha sorna raposeira nalgunha bancada, pero, bueno, hai que velo. E recordo que no programa electoral do PP se dicía: «Persistiremos, xunto ao traballo xa desenvolvido en conxunto coas entidades máis representativas, na busca dunha normativa de seguridade a bordo que sexa acaída ao noso sector de pesca a pequena escala, con especial incidencia na atención dunha obriga axeitada de porte de botiquíns. A este respecto, afondaremos na petición da mellora da transposición da directiva comunitaria destinada a promover unha mellor asistencia médica a bordo dos buques de forma que se simplifiquen as exixencias adecuándoas ás circunstancias de proximidade inmediata, asistencia médica e limitación do espazo a bordo das nosas embarcacións». Isto diciámolo no programa electoral, e isto é que foi hai un ano. Pois xa no mes de marzo, na Comisión 8ª, o propio Partido Popular presenta unha iniciativa na que trata de valorar esta problemática que se lles plantexa aos barcos de baixura. Entón, despois do debate naquela comisión... Por certo, cunha abstención do BNG pero coido que no fondo había unanimidade ao respecto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, digo que había unanimidade. Quero dicir que era insignificante ese pequeno lunariño da abstención, pero bueno. Entón, sácase unha iniciativa que dicía: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse á Unión Europea para explicar a realidade da frota de baixura para os efectos de que simplifiquen as exixencias en relación coas caixas de medicamentos e primeiros auxilios».

Remato dicíndolle, señora conselleira, que este foi o programa, esta foi a acción de goberno, e agora é a súa presenza aquí no Pleno. E eu teño que dicir, unha vez máis, aínda que me digan que é peloteo, que é vostede unha conselleira do Mar con capacidade e competencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor López Crespo.

Turno de peche, señora conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor López Crespo, como vostede ben di, este era un compromiso que tiñamos adquirido no noso programa electoral. Eu creo recordar que tomei posesión nos primeiros días de decembro, e a finais de decembro estaba reunida co director de Emprego en Bruxelas. E xa está entregado este informe ao propio director, ao que tamén lle pedimos que fixera unha simplificación tamén da guía sanitaria. Os nosos propios técnicos valoraron que un mariñeiro non pode levar nunha embarcación unha guía que parece unha guía telefónica, que xa isto é pasado, e que poderíamos deseñar unhas fichas simplificadas e plastificadas que poidan levar a bordo das embarcacións —onde realmente hai auga e se mollan—, ou que incluso poderíamos deseñar unha aplicación móbil, e incluso poderíamos cambiar tamén o deseño do tipo de armario no que teñen que levar estes medicamentos, deseñando unha especie de riñonera ou incluso de mochila.

Eu o único que lles podo trasladar é que o director xeral quedou realmente sorprendido, gratamente, de que fomos capaces de conseguir ese consenso entre —xa digo— os profesionais sanitarios, os profesionais encargados da seguridade e a saúde laboral e os propios representantes do sector, aos que lles teño que agradecer a madurez que demostraron ao traballar man a man cos técnicos tanto das consellerías implicadas como cos técnicos de saúde e os técnicos sanitarios. E eles mesmos eran conscientes de que non valía con dicir «váleme o mesmo que piden para as lanchas de salvamento», senón «vamos analizar exactamente cales son as nosas necesidades e poñamos todos as mans para facelo así».

Por outra banda, tamén nos pediron simplificar os cursos de formación. Eu defendo moito a formación. Creo que é fundamental e necesaria para o desenvolvemento de todas as etapas da nosa vida. E, por suposto, unha formación boa é moi necesaria tamén para o sector profesional pesqueiro. Teñen que entender que esa formación é boa e, polo tanto, o que non poden entender é que é unha formación que se dá simplemente por cubrir unhas horas ou por cobrar unhas taxas. Polo tanto, tamén propuxemos que esta formación fose obrigatoria única e exclusivamente cando tiveran que cambiar algún medicamento, ou cando se requirira por un cambio normativo; é dicir, que os propios profesionais valoran esta formación cando ven que lles é útil para o desenvolvemento do seu traballo. E nesta liña imos seguir traballando. Esperemos que o director poida cumprir co seu compromiso de intentar axilizar á

maior velocidade posible os trámites que supoñen os cambios normativos. Pero eu entendo que, ao mellor, pronto poderemos ter boas noticias.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o número de consultas implementadas nos hospitais comarcais desde a posta en marcha das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada no Sergas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

As estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde son instrumentos de organización sen personalidade xurídica que configuran os órganos periféricos que xestionan o Servizo Público de Saúde de Galicia, integrando todos os centros asistenciais do Sergas no seu ámbito territorial. Corresponde a estas estruturas a xestión unitaria dos recursos sanitarios dese ámbito, así como das prestacións e programas sanitarios que desenvolven, excepto as funcións de autoridade sanitaria.

Os ámbitos xeográficos de cada unha das EOXI establécense nos decretos e ordes polas que se crearon entre os anos 2010 e 2013. E en Galicia hai sete estruturas de xestión integrada: tres na provincia da Coruña —A Coruña, Ferrol e Santiago—, unha na provincia de Lugo —Lugo, Cervo e Monforte—, unha na provincia de Ourense —Ourense, Verín, O Barco de Valdeorras— e dúas na provincia de Pontevedra —Pontevedra-Salnés, e a EOXI de Vigo—, que se encargan da xestión das once áreas sanitarias que existen a día de hoxe.

Todos os deputados e deputadas desta Cámara coñecen —neste mesmo Pleno debateuse unha iniciativa pola que se preguntou ao presidente da Xunta de Galicia e interpelouse a vostede mesmo, señor conselleiro— que existe un borrador de anteproxecto de modificación da Lei de saúde de Galicia, que contempla un cambio administrativo da denominación destas estruturas, pasando a converterse en áreas de saúde subdivididas en distritos asociados aos catorce hospitais galegos. Sete áreas e catorce distritos é a proposta de modificación da estrutura territorial do sistema sanitario galego. Esta modificación ten como obxectivo adaptar a lei á realidade asistencial e hospitalaria da nosa sanidade.

Dende o Grupo Parlamentario Popular apoiamos no seu momento a creación destas estruturas das EOXI, que estamos convencidos de que representaron unha importante mellora da calidade da asistencia que se lle presta á cidadanía. E apoiamos tamén a modificación da lei coa nova organización territorial prevista.

Unha das vantaxes que presentan as EOXI é a posibilidade de acercar as consultas especializadas aos hospitais comarcais dende os centros de referencia mediante o desprazamento dos facultativos especialistas a estes hospitais co obxectivo de facilitar a atención, situando o paciente no centro do sistema.

Por todo iso, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno: ¿cantas consultas especializadas se teñen implementado nos hospitais comarcais dende a posta en marcha destas estruturas organizativas de xestión integrada no Sergas?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes, señor presidente, señores deputados.

A verdade é que creo que é unha pregunta moi procedente. Estamos nun cambio lexislativo, como dicíamos esta mañá, nun cambio lexislativo importante non en canto á modificación da lei que está en vigor, senón en aspectos organizativos que van consolidar e mellorar o servizo sanitario.

En Galicia, como noutras comunidades —non moitas comunidades—, avanza neste proceso de integración da atención primaria e a atención hospitalaria. E tratouse de seguir apoiando para cumprir con aquel obxectivo básico que é acercar os servizos aos cidadáns, vivan onde vivan, e que poidan ter os mesmos servizos e igual calidade.

Por iso creo que é importante facer agora unha revisión dese modelo. E —como ben dixo vostede— tratamos de cambiar un nome que a verdade é moi técnico pero que di moi pouco á cidadanía —e ademais tampouco figuraba a Lei xeral de sanidade—, que é o da EOXI, Estructura Organizativa de Xestión Integrada —dicía esta mañá tamén que algo parecido, un nome parecido, teñen no País Vasco, a OSI—, e cambialo por algo que si coñece a xente, que entende a xente, porque ten moita correspondencia coa situación tamén xeográfica, que son as áreas. E as áreas viñeron para mellorar o servizo, non para desmantelar servizos, non para empeorar a calidade do servizo sanitario, para melloralo, e, como digo, especialmente para acercar o servizo á sociedade, tanto desde o punto de vista da atención primaria, con mellores centros de saúde, con máis servizos para resolver no ámbito local, pero tamén no ámbito comarcal. E por iso quería empezar comentando que, cando falamos de número de consultas, quería dar o que esa actividade, a actividade xeral dos comarcais, supuxo desde o ano 2009, no que empezou este Goberno a traballar e mellorar a asistencia sanitaria, ata a actualidade.

Entre o ano 2009 e 2016 nos hospitais comarcais de Galicia se incrementou o número de consultas totais nun 15 %. Eran 555.000 e pasamos, no ano 2016, a 639.000. Probas realizadas tamén se conseguiron alcanzar, no ano 2016, 519.000. Intervencións totais incremen-

támolas un 13,1 %, pasamos de 24.200 a 27.400. En urxencias atendidas, curiosamente — non curiosamente, damos unha resposta—, diminuímos en urxencias hospitalarias porque, como dicíamos antes, incrementamos as urxencias atendidas e resoltas na atención primaria, nos centros de saúde e nos puntos de atención continuada. ¿Sesiós de hospitais de día? Pois no ano 2009 non tiñamos sesiós de hospital de día, e agora temos 21.700 tratamentos en hospitais de día e comarcais.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): E ingresos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...temos agora 1.145 ingresos, unha gran melloría.

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois.

Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor conselleiro.

Despois de telo escoitado, dá a sensación de que todas aquelas pragas bíblicas ou apocalipses que se nos dicía que ían ocorrer despois da creación das EOXI mudaron nunha mellora importante da atención aos doentes, acercando a sanidade aos seus lugares de residencia e situando as persoas, como dicíamos, no centro do sistema sanitario. Hai que agradecer, como non pode ser doutro xeito, o magnífico traballo dos profesionais destes hospitais.

Dende o Grupo Parlamentario Popular sabemos que a modificación prevista da Lei de saúde, no seu apartado de división territorial, vai facilitar o acercamento dos profesionais sanitarios aos hospitais comarcais, ademais de dar cobertura legal aos desprazamentos de especialistas entre distintas áreas, que a día de hoxe non está suficientemente garantida. Os propios profesionais dos hospitais comarcais terán a posibilidade de compatibilizar a súa actividade no seu propio centro coa realización de cirurxías ou procedementos, cursos ou sesiós clínicas noutros hospitais, o que mellorará a súa formación, axudará a aumentar a masa crítica que atenden os profesionais, que non perderán a man pola escaseza de patoloxías que manexan nun hospital de menor tamaño. Todo iso facilitará, xunto cos concursos de traslado abertos e permanentes, que se cubran as prazas dos hospitais comarcais nas OPE e traslados, o que a día de hoxe non ocorre en moitos casos. Tamén contribuirá a mellorar a situación deficiente crónica de facultativos que sofren algúns hospitais comarcais, coa conseguinte mellora da atención ás persoas.

Confiamos en que esta reforma aumente dun xeito significativo ese número de consultas que vostede nos expuxo na súa resposta, o que garantirá a propia existencia dos centros, blindados coa creación dos distritos, e facilitará a asistencia sanitaria a milleiros e milleiros de galegos e galegas, que terán a sanidade moito máis próxima.

Reitero o agradecemento, non lle plantexo máis cuestións e deixo que vostede aproveite a quenda de peche para completar a súa resposta se lle parece oportuno.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Si, a verdade é que me gustaría completar coa actividade xeral dos comarcais e co que fixeron con novas especialidades nestes anos.

E collendo a actividade do ano 2012 ata este primeiro semestre do 2017, no Hospital do Salnés fixéronse 23.476 actos asistenciais —falamos de consultas, falamos de tratamentos en hospitais de día—; no da Barbanza, 59.596; no Hospital da Costa, 12.492; no Hospital de Monforte, 12.767; no Virxe da Xunqueira, 13.154; no Hospital de Verín, 79.548; no Hospital de Valdeorras, 64.707.

Pero hai que dicir tamén que, por exemplo —recordábo esta mañá— no Hospital de Valdeorras, no ano 2012, había tres especialidades realizadas a maiores sobre a carteira de servizos. Neste momento son dez. E no Hospital de Monforte non había ningunha no ano 2012, e neste momento hai catro.

Hai que dicir tamén que con toda esta actividade realizada durante estes anos co novo modelo de EOXI, Estrutura Organizativa Integrada de Galicia, que agora queremos converter en «área sanitaria», se evitaron 263.000 desprazamentos de cidadáns que viven no ámbito comarcal. E case chegamos aos 20 millóns de euros en investimentos, tanto de obras de mellora dos hospitais como tamén en dotación tecnolóxica, para facer moito mellor todas estas actividades.

Como dicía anteriormente, o modelo, desde logo, non vai desmantelar os hospitais comarcais, non vai desmantelar a atención primaria; todo o contrario, vai incrementar a actividade, vai mellorar a calidade —outro dos debates da oposición, o de que imos perder en calidade. Non imos perder en calidade, imos mellorar a calidade. E, desde logo, imos seguir diminuíndo os desprazamentos que teñan que facer os cidadáns que vivan no ámbito dos hospitais comarcais para só deixalos para aquelas especialidades que necesiten ou ben a tecnoloxía de última xeración ou ben un número de casuística para que os especialistas que os traten sexan os mellores. A cirurxía cardíaca non pode estar en todos os lados, incluso a oposición esta mañá recoñecía que non podemos ter centros transplantadores en todos os hospitais de Galicia. Pero todo aquilo que sexa resolutivo, que estea próximo ao cidadán, ímolo levar

ao lugar máis próximo, sexa o centro de atención primaria, sexa o hospital comarcal ou sexa o hospital de área.

Por tanto, en positivo, gustaríanos —como dicíamos esta mañá— que desde o Parlamento poida haber iniciativas para aínda conseguir mellorar esta lei, que seguro que entre todos podemos facer unha lei que sexa o marco ideal para o novo servizo sanitario galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de construír un centro de día para persoas maiores de 65 anos no concello de Rianxo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rivas Cruz.

Cando queira.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

É a proximidade ao domicilio e mais ao medio o que fai do centro de día algo diferente dun centro asistencial estándar. É a familiaridade dentro dunha homologación básica necesaria o que lle dá calidade humana, é a concepción social que temos no século XXI o que fai que as exixencias que plantexamos onte e mais hoxe aquí sexan algo lóxico e xusto, e é por iso polo que lle vou preguntar e argumentar a un tempo: ¿considera vostede que a vellez é un estado de vida con dereitos que a sociedade debe atender ou, pola contra, cre que se trata dun luxo só para escolleitos tocados polo dedo da fortuna? Para a ubicación dos centros de día ¿establécense prioridades mirando as necesidades presentes e facendo prospeccións demográficas ou obedecen ao capricho ou intereses ocultos dalgún cacique de turno? E se unha familia con maiores ao seu cargo que teñen necesidades especiais necesita conciliar, ¿como fai? ¿Un par de horas semanais de axuda a domicilio son dábondo? E para as novas eleccións que os deuses nos deparen, nos mitins do PP e na súa constante propaganda ¿volveremos oír promesas do centro de día de Rianxo para ver cantos pican? ¿Cando se vai plantexar en serio a súa consellería establecer con lóxica e rigor unha rede pública de centros de día que atenda as crecentes demandas dunha poboación cada vez máis envellecida?

Podemos condenar en vida as mulleres que teñen que deixar o seu traballo para atenderen os maiores da familia. As horas de axuda a domicilio están ben, ¿quen o nega?, pero os maiores con necesidades especiais, con dependencias acusadas, necesitan un tratamento especializado que só en centros públicos debidamente dotados se lles pode dar.

Arredor de 3.000 persoas maiores de 65 anos, maior esperanza de vida e en aumento, 19 desprazados e máis de 40 persoas con necesidade acreditada e con solicitude cursada, a xente da terceira idade de Rianxo está aí á espera.

Onte, en plenas festas patronais, estiveron aquí mostrándonos a consciencia dos seus dereitos e a existencia dun centro de día próximo e con prazas dabondo, porque solicitudes hai-nas, e dabondo.

Aí vai a pregunta: ¿Non lle parece razoábel a petición dun centro de día por parte dos veciños e veciñas de Rianxo tendo en conta o alto número de persoas con máis de 65 anos e o importante número das que se desprazan a outros concellos para ser atendidas? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas Cruz.

Resposta do conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que agradezo moito a formulación oral desta pregunta, como de todas as preguntas que se lle fan ao Goberno en relación con algo moi importante para toda a sociedade, que é a atención aos nosos maiores. Os nosos maiores foron os que conseguiron unha sociedade mellor. Co seu traballo, moitos estamos aquí, desfrutamos duns mellores servizos públicos, dunha mellor educación, dunha mellor sanidade e, por suposto, tamén de mellores servizos sociais que os que eles puideron coñecer nos seus primeiros anos de vida. Por iso, todo o que poida facer o Goberno de Galicia por eles sempre será pouco. Temos avanzado moito nos últimos anos, pero, sobre todo, imos avanzar moitísimo máis, estou seguro, neste novo momento económico e nesta lexislatura.

Quero iniciar esta resposta defendendo o diálogo constante tamén, o diálogo constante entre a Consellería de Política Social e os concellos, entre o conselleiro e os alcaldes e alcaldesas de Galicia, calquera que sexa —porque iso tamén creo que é moi importante— a súa cor política, cunha comunicación aberta e fluída que é necesaria para seguir avanzando na coordinación entre administracións así como para artellar entre todos os mellores servizos en materia social e, como hoxe me pregunta, os mellores servizos para os nosos maiores.

Esta liña permanente de colaboración coas entidades locais demostra a sensibilidade e importancia que na Xunta de Galicia lles outorgamos ás políticas sociais, que, ademais, señorías, está dando os seus resultados, posto que cos concellos aprobamos e estamos a desenvolver a Axenda Social Única de Galicia.

No caso concreto da reclamación dun centro de día para Rianxo quero dicirlle, señor deputado, que foron varias as reunións que mantivemos co alcalde e coa corporación municipal, e unha reunión que mantivo a Consellería cos representantes da plataforma que o está a demandar, porque nos parece moi importante non só o diálogo formal, senón tamén, de verdade, o diálogo informal con calquera que queira plantexar unha infraestrutura necesaria en calquera lugar. Vaime permitir que non lle explicito tamén o contido exacto das conversacións, e moito menos o contido exacto das conversacións que este conselleiro mantivo co alcalde de Rianxo, porque esa é a lealdade institucional tamén entre administracións.

De verdade que esta consellería fai a planificación de centros, de verdade, respondendo a unha planificación obxectiva e a unha planificación de carácter supramunicipal. Polo tanto, quero dicirlle que, de rede caciquil e de centros privados, nada de nada. Os nosos centros de día...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...son centros públicos que pertencen a...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...unha rede perfectamente estudada, señor deputado.

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: ¿De verdade, neste novo momento económico, quere dicir que se vai afrontar o centro de día de Rianxo? Porque ao principio xa me saltou o corazón de alegría. Pero parece ser que non, porque a cor política ten que ver. ¿Quere dicirme con iso que Rianxo non puxo á disposición da Consellería medios suficientes, é dicir, terreos ou edificios para adaptar? ¿Quere dicirme que fará planificación seria no futuro pero que ata o de agora foi como foi? Porque, de verdade, ¿parécelle que 50 quilómetros ou hora e media de transporte son distancia e tempo de viaxe apropiados para unha persoa de idade e posiblemente con problemas?

Por certo, ¿o de Corcubión, para cando? É que, se non, despois de dous días de tejemanejes, aquí saímos cunha borracheira tremenda e ás veces xa non sabemos que dicir. Por certo, o BNG incluíu a construción dun centro de día para Rianxo na modificación que fixo para os orzamentos deste ano, que onte poñíase en dúbida.

Mire, señor conselleiro, o miolo do asunto está na concepción que se ten da res pública, é dicir, da cousa pública, da concepción do social. Vostedes están aínda no *sálvese quien pueda*. E é verdade, é dicir, quen teña cartos ou influencias, ten o seu problema solucionado. Nós non, nós apostamos por usar o diñeiro de todos —léase dos cidadáns de a pé, porque hai outros que non contribúen—, para servizo da poboación en xeral, sen guetos nin distingos.

Mire, estudos solventes avanza que no futuro a vida prolongarase, e as dependencias han ir a máis, razón pola que debería poñerse a andar. A nosa poboación envellecida necesita dunha planificación para un hoxe cheo de carencias e un mañá que non agarda. E adiantarse

ao futuro é facer política de verdade. E o centro de día de Rianxo é unha necesidade que non só reclaman os veciños, reclámao o sentido común, que parece ser que non hai. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Turno de peche, conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Dícialle rede pública de centros de día. Mire, este Goberno, o Goberno de Alberto Núñez Feijóo, apostou como ningún outro goberno por ter unha rede pública de centros de día en Galicia.

Teño aquí os datos de prazas en centros públicos, en centros de día. No ano 2009, 1.194; no ano 2017, 2.787 prazas. Polo tanto, case temos triplicado, nestes anos de dificultade, o número de centros de día *(Aplausos.)*

Pero dígolle máis. No Barbanza ningún dos concellos dos que vostede falou está a 50 minutos, nin a unha hora, nin a hora e media. Voulle dicir exactamente as distancias porque tamén as teño aquí coas isocronas. O de Dodro está a 15 minutos, o de Valga a 20 minutos, o da Pobra a 20 minutos, pero, en fin, creo que isto é un detalle excesivo porque o importante, o que temos que garantir dende o Goberno, é que un maior que precise unha praza a teña. Neste momento, por ese desprezo de novas prazas que se fixo en centros de día, e non por criterios políticos... Eu abrín o da Pobra e era un alcalde das Mareas. Imos abrir agora outro que tamén é necesario noutra comarca, concretamente no Salnés, estiveron varios deputados visitándoo, e tampouco coincide. O importante é a demanda e facer ben as planificacións, porque ao final os veciños son moi intelixentes e o que non queren é que haxa un goberno en Galicia que discrimine dependendo de como sexa a cor política do alcalde, a cor política da corporación.

Mire, nós temos en centros cercanos, no de Rianxo, 235 prazas. Temos ocupadas 179 e temos 56 prazas dispoñibles que están sen utilizar neste momento, señor deputado. Polo tanto, creo que hai prioridades inmediatas que temos que atender.

Eu quérolle ser moi claro, ímolo seguir falando co alcalde e coa corporación municipal. Que neste momento non haxa unha demanda efectiva non quere dicir que non exista nun futuro. Que neste momento a planificación indique que non é necesario abrillo o ano que vén, non quere dicir que non sexa posible abrillo o ano seguinte. Polo tanto, quérolle dicir en representación do Goberno que non imos negar nada, pero imos tratar de ser obxectivos. Non imos entrar na historia, non imos entrar en quen planificou o centro do concello do lado, ou en función de que criterios, non imos entrar niso. O que lle teño que dicir é que hai prazas necesarias para todos os veciños de Rianxo que precisen ese recurso. Se non houbera as prazas necesarias, e se acreditase por parte do concello que esas prazas non son suficientes, dígolle que, dende logo, a nosa vontade é non escatimar ningún tipo de recurso público ne-

cesario en Galicia, e, por suposto, tampouco no concello de Rianxo, ao que lle estamos aumentando todas as liñas de colaboración económica da Consellería de Política Social.


Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Esgotados os puntos da orde do día, levántase a sesión.

Boa tarde a todos.

Remata a sesión ás seis e vinte e un minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25